



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 23 de xuño de 2022

ÍNDICE DOS ASUNTOS TRATADOS

ASUNTOS

<u>*Declaración institucional con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI (28 de xuño de 2022).....</u>	<u>7</u>
--	----------

Información e actas

<u>1. Aprobación das actas plenarias: ordinaria número 5/2022, do 27 de maio e extraordinaria número 6/2022, do 1 de xuño.....</u>	<u>8</u>
<u>2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 21 de maio de 2022 ata o 17 de xuño de 2022.</u>	<u>9</u>

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

<u>3. Aprobación da prórroga do Convenio de colaboración co Concello da Coruña para Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2022, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM)</u>	<u>9</u>
---	----------

Comisión de Benestar Social e Educación

<u>4. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2022: accións informativas e formativas e do correspondente convenio de colaboración.</u>	<u>12</u>
--	-----------

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

<u>5. Aprobación técnica do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, quinta fase integrado polo proxecto DP 3903 Adragonte a Vilamateo por Ambroa, ampliación e mellora da seguridade vial, pq 4+640 a 6+490 (Irixoa e Vilarmajor)</u>	<u>19</u>
---	-----------

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

<u>6. Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para a autorización de utilización do polideportivo do I.E.S Rafael Puga Ramón para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais, onde se concretan as obrigas das partes, e sen que implique coste económico para a Deputación Provincial da Coruña.</u>	<u>20</u>
<u>7. Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña</u>	

e o Concello da Coruña para a autorización de utilización do polideportivo do Centro "Rosalía Mera" (antes Calvo Sotelo) para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais 25

8. Aprobación da modificación da vixencia do Convenio suscrito co concello de Pontedeume polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de Reforma interior e mellora da accesibilidade do centro social de Vizús (antiga escola unitaria de Centroña) 30

9. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boqueixón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora do viario da Moa a Pena 31

10. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Cedeira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de substitución do pavimento do polideportivo municipal. 36

11. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vimianzo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora da capa de rodaxe e da seguridade viaria da estrada que vai dende a DP-1603 ata o límite do concello con Muxía 46

12. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oroso polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Acondicionamento de zona de ocio e deportiva en Porto Avieira 56

13. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora de pavimentos e servizos no Camiño Estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña. 65

14. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Moeche polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Melloras no abastecemento de Moeche: captación e impulsión a depósito existente 75

15. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de Reforma de pistas deportivas na rúa Paléo 85

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

16. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 94

17. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento en Vigo", do Concello de Padrón, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2020, co código 2020.2102.0363.0 122

18. Aprobación da modificación do convenio entre a Deputación da Coruña e a Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal para o financiamento do proxecto "Actividades Proxecto Xeoparque Cabo Ortegal"	125
19. Desestimación das alegacións do Concello de Ordes formuladas respecto da aprobación da base 13.4.2 apartado A do POS+ Adicional 2/2022, 2ª fase	136
20. Aprobación do convenio de cooperación interadministrativa entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Ames para cofinanciar o proxecto "Creación dun área de autocaravanas en Bertamirans"	140
21. Aprobación do convenio de cooperación interadministrativa entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Muros para cofinanciar o proxecto "Acondicionamento da contorna do Lavadoiro do Chalón"	150
22. Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Axencia de Turismo de Galicia para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU	159
23. Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Axencia de Turismo de Galicia para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística en destino Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Nextgeneration EU.....	185

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

24. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraintencidos e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a maio de 2022.....	211
25. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 3/2022 de aprobación polo Pleno.	211
26. Aprobación do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR)	214
27. Aprobación da aceptación da delegación de competencias na Deputación Provincial da Coruña para prestarlle servizos de control financeiro ao Concello de Dodro.	259
28. Aprobación dos estados demostrativos da xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos e dos recursos propios do exercicio 2021.	259

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

29. Dación de conta da RP Nº 27105 / 2022 do 8 de xuño, pola que se aproba o PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DO PROXECTO VÍA VERDE TRAMO 2, Concello de ORDES, CÓDIGO 2020.8101.0002.1	260
---	-----

30. Aprobación da formalización dun convenio administrativo entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Unión de cooperativas ESPAZOCOOP para financiar o proxecto "Fomento do emprendemento en cooperativa e consolidación de cooperativas creadas", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2022..... 260

31. Aprobación da formalización dun convenio administrativo entre a Excma. Deputación da Coruña e o Concello de Moeche para financiar o proxecto "Formación técnica e asesoramento do Centro de Transformación Agroalimentaria A Fusquenlla", no marco do Plan de Emprego Local, anualidade 2022 268

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre o rei emérito 277

2.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular da Deputación da Coruña sobre o novo mapa concesional de autobuses do goberno central. 288

3.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular sobre a proposta ao goberno de España un plan de medidas urxentes extraordinarias en defensa das familias e a economía española. 293

4.Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE ante as graves dificultades que están a sufrir as explotacións produtoras de carne en Galicia. 315

ROGOS E PREGUNTAS 326

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 23 de xuño de 2022.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 23 de xuño de 2022, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don José Francisco Santos Regueiro	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP
Dona Teresa Villaverde Pais	PP

Excusados/as:

Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE

O Sr. Alfonsín Somoza incorpórase iniciada a sesión, no turno de mocións.

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:06 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bos días a todos e a todas.

Empezamos coa declaración institucional con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI.

Sra. Secretaria

DECLARACION INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI (28 DE XUÑO DE 2022)

Os seres humanos nacemos libres e iguais en dignidade e dereitos sen distinción algunha. O dereitos LGTBI son e serán sempre dereitos humanos, polo que debemos traballar para lograr un mundo de absoluta tolerancia, liberdade e igualdade.

O próximo día 28 de xuño lémbrese en todo o mundo os feitos acontecidos no ano 1969 en Stonewall, situado no barrio neiorquino de Greenwich Village. Estes feitos deron orixe e consideráronse como o catalizador do movemento internacional polo recoñecemento dos dereitos das persoas LGTBI, e desde o ano 1970 vén conmemorando esta data.

A conmemoración dese día lémbra-nos o deber de seguir construíndo sociedades máis tolerantes que convivan na diversidade e promovan o cumprimento dos dereitos vulnerados destes colectivos.

Trátase dunha xornada para continuar coa mobilización a favor dunha sociedade diversa e respectuosa coas diversidades de xénero, capaz de erradicar o odio e as discriminacións, para seguir profundando na democracia e o respecto aos dereitos fundamentais. Debemos seguir traballando para lograr esa sociedade de tolerancia, liberdade e igualdade.

Certo é que houbo avances, hai que lembrar que foi o Estado Español un dos primeiros países do mundo en legalizar, coa aprobación da Lei do 2 de xullo do ano 2005, o matrimonio homosexual, outorgándolles en consecuencia todos os dereitos das unións heterosexuais.

Agora ben, é necesario continuar no camiño de ampliación da conquista de dereitos, e poñendo especial empeño na erradicación de condutas LGTBIfóbicas, denunciando estas actitudes sempre, sexan do grao que sexan.. Son condutas discriminatorias e debemos, como axentes responsables, loitar contra elas e empeñarnos en lograr cidades e pobos libres de violencia, convertidos en lugares de respecto.

Dende as institucións debemos asegurar a igualdade efectiva de todas as persoas LGTBI e as súas familias, como elemento esencial dunha boa convivencia para o progreso e o desenvolvemento social.

É a nosa obriga-ción poñer freo aos discursos de odio que desde hai tempo están a

escoitarse, construíndo un muro para concienciar á sociedade para que todas as persoas, sen importar a súa identidade ou orientación sexual, poidan exercer, sen medo e con respecto, todas as facultades e dereitos que lles corresponden como cidadáns e cidadás de pleno dereito.

Neste sentido, no mes de marzo do pasado ano, o Parlamento Europeo aprobou unha contundente resolución na que se declara que a Unión Europea é unha zona de liberdade para as persoas LGTBI e que non se tolerará a perigosa e discriminatoria retórica que impide que millóns de persoas poidan vivir libremente.

Somos as entidades locais, institucións máis próximas á cidadanía, os garantes dunha acción local clara pola igualdade e a defensa da convivencia, con independencia de raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Por todo o exposto, o pleno da corporación adopta os seguintes acordos:

1. A Deputación da Coruña súmase na defensa nítida do dereito en plena igualdade, á dignidade, e ao libre desenvolvemento da identidade sexual e/o de xénero.
2. A Deputación da Coruña mostra o seu compromiso de continuar cos traballos desenvolvidos polo área de igualdade na promoción de actitudes políticas que favorezan a concienciación social para un efectivo cambio de mentalidade que erradique actitudes LGTBIfóbicas e o rexeitamento fronte ás mesmas.
3. A Deputación da Coruña insta as administracións competentes para que atopen consensos na adopción das medidas necesarias, tanto lexislativas como administrativas e de calquera outra índole, para prohibir e eliminar todo trato discriminatorio baseado na orientación sexual ou na identidade de xénero, mellorando desta maneira a lexislación vixente.
4. A Deputación da Coruña non permanece allea aos múltiples casos documentados internacionalmente que veñen poñer de manifesto, aínda hoxe, a criminalización nalgúns países da homosexualidade e transexualidad, privación de dereitos e discriminación legal, así como tamén a impunidade destes crimes.
5. A Diputación da Coruña quere mostrar a súa solidariedade e apoio a todas as vítimas das agresións LGTBIfóbicas, e en especial, lembrar o asasinato por agresión homofoba en grupo de Samuel Luiz, un acto brutal, inhumano e execrable que conmoveu á sociedade desta provincia e, de toda España, e do que se cumprirá nos próximos días un ano.
6. A Diputación da Coruña quere facer un reconomiento ao labor de todas as persoas activistas e de organizacións que voluntariamente levan traballando máis de 50 anos en favor da igualdade efectiva de todas as persoas LGTBI.

1.- Aprobación das actas plenarias: ordinaria número 5/2022, do 27 de maio e extraordinaria número 6/2022, do 1 de xuño

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea

Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbanse, por unanimidade, as actas plenarias: ordinaria número 5/2022, do 27 de maio e extraordinaria número 6/2022, do 1 de xuño

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 21 de maio de 2022 ata o 17 de xuño de 2022.

Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Presidencia desde o 21 de maio de 2022 ata o 17 de xuño de 2022

3.- Aprobación da prórroga do Convenio de colaboración co Concello da Coruña para Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2022, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM)

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a prórroga do Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña, para financiar o *Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2022, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM)*, de acordo co texto que se achega.

2.- Aprobar a achega da Deputación da Coruña, por importe de **120.926,27 €**, que representa unha porcentaxe do 27,54 % do total do gasto previsto que é de 439.094,00 €.

Acordo de prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o *Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade*

2022, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación de A Coruña (PRAM).

Na Coruña, o ____ de _____ de 2022, na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación do Concello da Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, no art. 62º establece que “Os concellos poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente”, e no art. 63º que “As deputacións provinciais, de conformidade co establecido na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais...”. Estes servizos sociais comunitarios regúlanse nos art. 9º e seguintes da devandita lei.

Que o Concello de Coruña no ámbito das súas competencias, ten unha rede municipal de acollida que conta con dous equipamentos de titularidade municipal:

* unha Casa de acollida para mulleres en situación de violencia de xénero, regulada baixo a Orden do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, que no seu conxunto configuran a rede galega de acollemento, como recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres

que sofren violencia de xénero e as e os menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido a situación de indefensión ou risco debido a situación de violencia de xénero,

* dous pisos de inclusión e transición a vida Autónoma (PITVA).

A Casa de Acollda e/ou pisos de inclusión e transición a vida autónoma forman parte da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, segundo o Título III, artigo 48 da Lei 11/2007, onde se recolle a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero no que fai referencia a Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero; o art. 48.1 establece que “Os centros de acollda son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero”.

Con este obxecto asinouse un convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña o día 2 de novembro de 2020, formalizándose en documento administrativo 66/2020.

A cláusula XIV do dito convenio establece no seu apartado 1 unha vixencia ata o 31 de maio de 2021 e no apartado 2 que *poderá ser prorrogado anualmente **ata un máximo de 4 anos**, por acordo expreso entre as partes, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio, logo da solicitude previa do Concello da Coruña realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia.*

Con data 6 de agosto de 2021 a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña asinan a primeira prórroga do convenio para o ano 2021, formalizada en documento administrativo 62/2021.

Con data do 25 de xaneiro de 2022 o Concello da Coruña solicita a segunda prórroga do convenio para o ano 2022.

Dado o interese coincidente da Deputación Provincial da Coruña e do Concello da Coruña ambas as dúas partes acordan formalizar a presente prórroga do convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeiro.- Prorrogar o convenio de colaboración asinado o 2 de novembro de 2020, por un ano, e con efectos desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro do mesmo ano, nos termos e co alcance que figura no seu clausulado.

Segundo.- A achega da deputación da Coruña prevista na prórroga do convenio de colaboración para o ano 2022 é de 120.926,27 €, o que representa unha porcentaxe de 27,54 % do total do orzamento previsto que é de 439.094,00 €.

Este gasto financiarase con cargo á partida orzamentaria 0611/23122/46201.

Terceiro.- Este acordo de prórroga entenderase condicionado á existencia de crédito orzamentario suficiente nos devanditos orzamentos xerais.

Faise constar que a presente prórroga do convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

4.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2022: accións informativas e formativas e do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **17.000,00 €**, á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o *Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2022: accións informativas e formativas*, cun orzamento subvencionado de 24.285 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 12 de maio de 2022.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento".

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2022: accións informativas e formativas.

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación da Fundación Paideia Galiza

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

EXPOÑEN

1.- Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

2.- Segundo consta nos seus estatutos, a Fundación Paideia Galiza ten como obxecto a promoción e realización de actividades de interese educativo, cultural, de fomento da economía social e de promoción do voluntariado, así como calquera forma de atención, formación e intervención na problemática xerada por calquera tipo de exclusión social.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Fundación Paideia Galiza, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Fundación Paideia Galiza**, con CIF G15798655, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2022: accións informativas e formativas*.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Paideia Galiza levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
Gastos de persoal (nóminas e seguridade social)		18.300,00 €
Persoal técnico e administrativo	17.300,00	
Persoal xestión publicidade e difusión	1.000,00 €	
Material difusión (memorias USB, cadernos/blocs,..)		2.000,00 €
Gastos da actividade (desprazamentos)		300,00 €
Gastos da actividade (subscrición plataforma dixital on line, difusión en redes sociais e plan de soporte de bases de datos)		1.000,00 €
Gastos xerais:		2.685,00 €
Subministracións (auga e electricidade)	850,00 €	
Teléfono e internet:	535,00 €	
Material oficina e informático:	600,00 €	
Limpeza (nóminas e seguridade social):	700,00 €	
TOTAL		24.285,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **17.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 70%.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación Provincial da Coruña só achegará o importe que represente o **70 %**, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación Provincial da Coruña é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Paideia Galiza obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia Galiza.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Paideia Galiza, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Fundación Paideia Galiza, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Paideia Galiza.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación Provincial da Coruña seralle aboada á Fundación Paideia Galiza unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia Galiza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se

indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Paideia Galiza deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia Galiza para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Paideia Galiza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia Galiza.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta

xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Paideia Galiza terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Fundación Paideia Galiza deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación Provincial da Coruña a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Fundación Paideia Galiza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Paideia Galiza deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Paideia Galiza poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de

axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2022**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Fundación Paideia Galiza, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

5.- Aprobación técnica do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, quinta fase integrado polo proxecto DP 3903 Adragonte a Vilamateo por Ambroa, ampliación e mellora da seguridade vial, pq 4+640 a 6+490 (Irixoa e Vilarmaior)

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar técnica e o PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2022 QUINTA FASE cun orzamento total de 899.963,45 .- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 integrado polo proxecto que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2022.1110.0006.0	DP 3903 ADragonte A VILAMATEO POR AMBROA, AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL PQ 4+640 A 6+490	IRIXOA E VILARMAIOR	899.963,45 €	62.285,30 €

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da seguinte obra:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2022.1110.0006.0	DP 3903 ADragonte A VILAMATEO POR AMBROA, AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL PQ 4+640 A 6+490	IRIXOA E VILARMAIOR	899.963,45 €	62.285,30 €

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

6.- Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para a autorización de utilización do polideportivo do I.E.S Rafael Puga Ramón para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais, onde se concretan as obrigas das partes, e sen que implique coste económico para a Deputación Provincial da Coruña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para a autorización de utilización do polideportivo do I.E.S Rafael Puga Ramón para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais, onde se concretan as obrigas das partes, e sen que implique coste económico para a Deputación Provincial da Coruña.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A AUTORIZACIÓN DE UTILIZACIÓN DO POLIDEPORTIVO DO I.E.S RAFAEL PUGA RAMÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

A Coruña, de de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación provincial da Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, en calidade de presidente da Deputación Provincial da Coruña, en representación da mesma e de conformidade coas atribucións que lle confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Doutra parte, Dona Inés Rey García, alcaldesa-presidenta do Concello da Coruña, actuando en virtude das súas facultades, segundo o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas e

EXPOÑEN

A Deputación da Coruña é titular do instituto "Rafael Puga Ramón" na cidade da Coruña, que conta entre as súas instalacións cun pavillón polideportivo.

O Concello da Coruña, ao abeiro do previsto nos artigos 25.2.l) da lei 7/85, de 2 de

abril, reguladora das bases de réxime local, e art.8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, o deporte de Galicia, desenvolve diversas actividades deportivas ao longo do termo municipal a través das Escolas Deportivas Municipais.

A maior parte desta actividades desenvólvense en instalacións deportivas de titularidade municipal, mais a situación provocada polo COVID-19 fai preciso aumentar os espazos deportivos, mellorando así a seguridade das persoas usuarias.

O pavillón polideportivo do instituto “Rafael Puga Ramón” utilízase durante o horario lectivo, polo que está dispoñible durante unha parte do día.

Tendo en conta o anterior, ambas as dúas institucións consideran de interese colaborar na utilización dos espazos polo que acordan asinar un convenio de colaboración coas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular a relación de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña, por medio da cal a Deputación autoriza á utilización ao Concello do uso parcial do pavillón deportivo do I.E.S. Rafael Puga Ramón para o desenvolvemento de actividades deportivas.

SEGUNDA.- Descrición das instalacións.

O IES “Rafael Puga Ramón” conta entre as súas instalación cun pavillón polideportivo cuberto que dispón de acceso independente dende a Avenida Enrique Salgado Torres. A instalación ten unha pista de 997,47m2 realizada co propio pavimento de soleira de formigón. Dispón de sinalización, con dimensións regulamentarias para a práctica de balonvolea, baloncesto, balonmán, fútbol sala e tenis. Actualmente, debido ao Covid19, no pavimento marcáronse cuadrículas de 2,00 x 2,00 para a práctica da clase de educación física dos alumnos do IES.

Dispón de porterías, canastras, marcador deportivo e cortina separadora de espazos. Para a práctica das actividades docentes realizadas dispón nas inmediacións da pista de numeroso equipamento como tatamis, bicicletas, colchonetas,...

Dispón de 2 zonas con dous banzos, situadas nun lateral da pista, e conta tamén con 2 vestiarios para equipos, un para árbitro/monitor, aseos e carto de instalación.

TERCEIRA.- Desenvolvemento das actividades.

Corresponderalle ao Concello da Coruña, con medios persoais propios ou contratados, a programación das actividades deportivas a desenvolver no pavillón obxecto do convenio.

O Concello terá que enviar unha proposta das actividades que ten previsto desenvolver no pavillón antes de ser usados polo Concello ou entidades

seleccionadas polo mesmo, e terá que enviar ao Servizo de Educación da Deputación unha programación mensual das actividades a desenvolver.

Os horarios de uso das instalacións será o seguinte:

* Pavillón do I.E.S. "Rafael Puga Ramón": de 18:30 a 00:00 horas, de luns a venres, salvo restriccións horarias que se determinen pola situación sanitaria, en que haberá que respetar as mesmas.

Na fin de semana sen limitación de horario, sempre que a actividade non resulte incompatible coas actividades do centro de ensino.

As entradas e saídas ao pavillón realizarase directamente desde a rúa ás instalacións deportivas, sen acceder a ningunha outra estancia do centro.

Non se poderá utilizar o material deportivo existente no pavillón, agás o imprescindible como son as canastras, porterías ou cortinas separadoras de pistas.

Os clubs ou entidades usuarias do pavillón non poderán deixar material deportivo no pavillón cando non o utilicen pois non se dispón dun espazo delimitado para dito fin ou vixiado para gardalo.

Non se permitirá usar os vestiarios ata que a Deputación o autorice, previa solicitude do Servizo de Deportes do Concello da Coruña, tendo en conta a normativa Covid19.

CUARTA.- Uso por parte da Deputación Provincial.

A Deputación poderá facer uso das instalación para as activades propias, coordinándose co concello, a cuxos efectos comunicarao cun preaviso de 15 días, salvo situación de urxencia ou forza maior .

QUINTA.- Obrigas das partes.

• **O fomento do turismo, especialmente o vinculado á natureza e á atención aos valores xeolóxicos, así como o turismo cultural, sempre dentro dun marco de sustentabilidade.**

- A mellora da calidade e a oferta turística do territorio.
- A dinamización de actividades económicas compatibles cos recursos naturais e culturais do territorio, apoiando especialmente as iniciativas relacionadas cos produtos locais.
- A promoción e o apoio ás accións de cooperación con outras entidades que poidan contribuír ao impulso dos fins da asociación.
- Fomento do contacto e da relación con outras entidades de natureza análoga que teñan entre os seus fins a promoción e defensa dos recursos naturais e culturais, e nomeadamente da figura dos xeoparques.
- A realización doutras actividades que promovan o desenvolvemento económico, social e ambiental do territorio dos concellos vinculados ao proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal.

Os sete concellos impulsores constituíron dita Asociación despois de anos de traballo nos que, liderados e apoiados pola Deputación Provincial da Coruña, e contando tamén co apoio e colaboración da Mancomunidade de concellos da Comarca de Ferrol, entidade de promoción turística do Xeodestino Ferrolterra-Rías Altas, realizaron distintas actuacións para a validación e preparación do territorio para a súa designación como Xeoparque Mundial da UNESCO.

O territorio atópase na actualidade cunha forte tendencia ao despoboamento, un índice de perda demográfica na última década dun 29,62%, e un índice de envellecemento poboacional dun 33,19%. Isto é causa, sobre todo, da perda de actividades industriais das cidades e poboacións próximas, que conlevaron elevadas taxas de desemprego e unha gran perda de capital humano, provocado pola emigración a territorios máis dinámicos e con maiores oportunidades laborais, especialmente da xente máis nova e formada.

O proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal supón unha oportunidade única para dinamizar este territorio rural, e ofrecer alternativas de que reteñan o talento, freen o despoboamento e ofrezan oportunidades de desenvolvemento especialmente para a poboación máis nova, alternativas baseadas no desenvolvemento sostible que renoven os modelos predominantes, baseados na estacionalidade e nas actividades turísticas, agrícolas e pesqueiras e hostaleiras de pouco valor engadido e escasa competitividade.

A Lei 7/1985 LBRL, no referido ás deputacións provinciais, sinala entre as competencias que recolle o artigo 36 as de coordinación dos servizos municipais entre si, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, ou a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e a planificación no territorio provincial.

A Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal acude á solicitude desta

fórmula de financiamento, xa que, encaixa no seu marco competencial, e non existen outras liñas de financiamento que cubran os importes, tipos de actuacións e que se se axeiten aos prazos establecidos que permitan que o territorio chegue nas condición axeitadas á previsible auditoría da UNESCO que se produciría entre maio e agosto do ano 2022.

Este obxectivo acadarase a través da colaboración público-privada, coa implicación dos concellos e a Deputación, acadando deste xeito a mellora da equidade no desenvolvemento de todo o territorio da provincia da Coruña

3º Aprobar a modificación das cláusulas II, VII e XIII do texto do convenio 72/2021 de colaboración asinado o 8 de outubro de 2021 entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL CIF G01628551 para financiar o proxecto “ACTIVIDADES PROXECTO XEOPARQUE CABO ORTEGAL” relativas ao orzamento do proxecto e as datas de imputación de gastos e vixencia do mesmo en base á necesidade motivada por:

- Que no momento de presentación da Memoria explicativa que xustificaba o reparto de partidas e actuacións, o Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal atopábase en proceso de tramitación da Candidatura a Xeoparque Mundial da UNESCO, producíndose, finalmente, a finais de novembro de 2021, a designación por parte da Comisión Nacional Española de Cooperación coa UNESCO como un dos dous candidatos oficiais españois ao distintivo. Isto supón que o Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal pasa directamente á fase de auditoría por parte do organismo internacional, que se producirá no territorio entre maio e agosto do ano 2022.

- Que, o obxectivo de que o territorio chegue nas condición axeitadas á auditoría internacional da UNESCO, ademais das actuacións xa recollidas no convenio asinado, que tiñan sido sinaladas como factores a mellorar nos informes previos do procedemento, o proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal presenta novas necesidades de financiamento, non contempladas no momento de solicitude e sinatura do Convenio. Así por exemplo, a cobertura dos gastos desta Auditoría internacional debe ser asumida polo territorio avaliado, ademais de reforzarse as actuacións que aseguren unha mellor concorrencia, como a dirección técnica e coordinación de actuacións, que debe agora englobar tamén dito proceso de auditoría.

Por este motivo, o orzamento debe ser reformulado nalgúns partidas, que permitan a cobertura de ditos gastos, eliminando ou reducindo para a iso outras accións menos urxentes ou importantes no proceso de auditoría, ou xa acometidas con outros medios neste tempo, e adecuar de novo os prazos de vixencia.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 239.943,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 100,000 %, A envergadura do proxecto,

nesta primeira achega de actividades, as necesidades orzamentarias de todas as liñas de actuacións a realizar, e a imposibilidade da asociación de asumir os custos derivados de todas as actividades incluídas no proxecto, a necesidade de persoal técnico, motiva a necesidade do financiamento do 100 %,

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3339/481.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "ACTIVIDADES PROXECTO XEOPARQUE CABO ORTEGAL"

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte en representación da Deputación da Coruña

E doutra parte,, en representación do ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

- 1 Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL consideran de gran interese para a provincia financiar actividades encamiñadas a dinamizar, valorizar, deseñar e xestionar o proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal
- 2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL , as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL** , CIF G01628551, , polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "ACTIVIDADES PROXECTO XEOPARQUE CABO ORTEGAL" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

PARTIDAS E ACTUACIÓNS		IMPORTE
1.	Gobernanza e xestión.	66.066,00 €
1.1	Dirección técnica, coordinación de actuacións e control do cumprimento dos obxectivos do presente Convenio.	36.300,00 €
1.2	Coordinación científica do proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal	10.890,00 €
1.3	Creación de órganos de participación-cooperación e networking, tanto territorial, como coa Rede Global de Xeoparques.	6.776,00 €
1.4	Gastos vinculados ca Auditoría da UNESCO	12.100,00
2.	Conservación de recursos, ámbito científico e de investigación.	42.350,00 €
2.1	Inventario de recursos xeolóxicos, estudo de riscos e plan de actuacións para a protección e posta en valor dos recursos xeolóxicos	9.680,00 €
2.2	Inventario de recursos e plan de acción para a posta en valor de elementos patrimoniais (naturais e culturais).	9.680,00 €
2.3	Deseño e creación de Programas educativos, de investigación e sensibilización (centros escolares, universidades, empresas do sector turístico, outros colectivos)	10.890,00 €
2.4	Elaboración de ferramentas didácticas e material educativo para centros escolares.	12.100,00 €
3.	Territorio e infraestruturas	102.487,00 €
3.1	Plan de investimentos e actuacións de equipamento	18.089,50 €
3.2	Estudo-auditoría de rutas de sendeirismo e BTT	18.089,50 €
3.3	Deseño e posta en marcha dun programa de intervencións artísticas no territorio do xeoparque	29.645,00 €
3.4	Estudo e creación dun Manual de sinalización de recursos turísticos, definindo un modelo estandarizado.	12.523,50 €
3.5	Plan de mellora das oficinas de información turística	6.050,00 €

3.6	Deseño de contidos para espazos interpretativos do territorio	18.089,50 €
4. Comunicación, promoción e visibilidade do proxecto		29.040,00 €
4.1	Deseño, maquetación e elaboración de publicacións e material de difusión do proxecto.	7.260,00 €
4.2	Deseño, maquetación e elaboración dun mapa de recursos do territorio	7.260,00 €
4.3	Ampliación de contidos e funcionalidades da páxina web, incluíndo a tradución a inglés.	7.260,00 €
4.4	Asistencia técnica de comunicación e márketing: xeración de contidos de texto, fotografía e vídeo para páxina web e Redes Sociais, así como relación cos medios de comunicación.	7.260,00 €
TOTAL		239.943,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 239.943,00 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3339/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL . Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL .

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL , xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias

compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de abril de 2022 e o 31 de marzo de 2023.

2. Unha vez rematadas as actividades, o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de

catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o

Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo periodo que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de abril de 2022 e o 31 de marzo de 2023, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do 2023, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL non poida ter presentada a xustificación **antes do día 30 de abril de 2023**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informe preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL , respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar

cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación,

O Representante da ASOCIACION

O Secretario Provincial"

19.- Desestimación das alegacións do Concello de Ordes formuladas respecto da aprobación da base 13.4.2 apartado A do POS+ Adicional 2/2022, 2ª fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á presentación polo Concello de Ordes das alegacións respecto da aprobación da base 13.4.2 do POS+ Adicional 2/2022, 2ª fase, relativa ao órgano competente para aprobar a solicitude de participación do concello dentro da 2ª fase do Plan, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de maio de 2022, relativo á aprobación da modificación das Bases reguladoras do POS+ 2022 para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 para o financiamento de gastos correntes do exercicio 2022, investimentos financeiramente sostibles e revisión excepcional de prezos nos contratos públicos de obras municipais

Tendo en conta o disposto na base 13.4 "ab initio" das reguladoras do Plan, que indica que o POS+ Adicional 2/2022 aprobarase en dúas fases, que os concellos poderán participar nunha fase ou nas dúas e que tamén regula para cada unha das fases os obxectos posibles de financiamento, os órganos competentes dos concellos para a aprobación da súa participación no Plan, segundo se trate da 1ª ou da 2ª fase, así como os prazos de presentación da documentación necesaria

Tendo en conta que, tal e como se dispón na base 13.4.1.A, que se transcribe a continuación, para aprobar a participación dos concellos na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2022, o órgano competente será a Alcaldía do Concello ou a Xunta de Goberno Local, segundo corresponda, de acordo co modelo Anexo XXII-a), habida conta de que o Pleno do concello xa aprobara os investimentos financeiramente sostibles

incluídos no Plan Complementario, que constitúen o único posible obxecto desta 1ª fase:

“13.4.1.- 1ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2022 UNICAMENTE PARA INVESTIMENTOS DO PLAN COMPLEMENTARIO

Os concellos que desexen financiar con cargo ao POS+ Adicional 2/2022 investimentos xa previstos no Plan Complementario ao POS+ 2022 deberán presentar nesta deputación, a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL, desde o 15 de xuño de 2022 ata as 15.00 horas do 30 de xuño de 2022, a seguinte documentación:

**A.- ACORDO OU RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN (Anexo XXII-a)
(Convocatoria POS+AD2a- SOLICITUDE 2022)**

Tendo en conta que o Pleno dos concellos xa aprobou os seus investimentos financeiramente sostíbles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022, non será necesario que neste momento se aprobe novamente mediante acordo plenario a conformidade do concello coa aplicación da nova achega provincial asignada ao financiamento de todos ou algúns dos investimentos que ese concello tiña incluídos no Plan Complementario, sendo suficiente para estes efectos ou Resolución da Alcaldía ou Acordo da Xunta de Goberno Local, segundo corresponda. [...]”.

Tendo en conta que, tal e como se esixe na base 13.4.2.A, cuxo texto se transcribe a continuación, para aprobar a participación dos concellos na 2ª fase do POS+ Adicional 2/2022, o órgano competente será o Pleno do concello ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo Anexo XXII-b), xa que se trata de solicitar a inclusión neste Plan Adicional de obxectos non aprobados anteriormente polo Pleno municipal dentro do POS+ 2022:

“13.4.2.- 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2022 CON GASTO CORRENTE, NOVOS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES E REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS

Os concellos que desexen financiar no POS+ Adicional 2/2022 gasto corrente de servizos públicos obrigatorios, novos investimentos financeiramente sostíbles non incluídos no Plan Complementario e/ou revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais, deberán presentar nesta deputación, a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL, desde o 5 de xullo de 2022 ata as 15.00 horas do 5 de outubro de 2022, a seguinte documentación:

**A.- ACORDO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PLAN (Anexo XXII-b)
(Convocatoria POS+AD2b- SOLICITUDE 2022)**

O concello deberá presentar unha certificación do Acordo adoptado polo Pleno do concello ou de quen corresponda nos municipios de gran

poboación, solicitando a inclusión neste Plan Adicional do gasto corrente de servizos públicos obrigatorios e/ou de novos investimentos financeiramente sostibbles non incluídos no Plan Complementario e/ou revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais, segundo o modelo Anexo XXII-b). [...].

Tendo en conta que as Bases modificadas do POS+ 2022 para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 presentáronse para ser informadas o 31 de maio de 2022 na Comisión Galega de Cooperación Local e para o seu coñecemento na Presidencia da Xunta de Galicia, en cumprimento do establecido nos artigos 112 e 191 i) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración local de Galicia, tendo transcorrido o prazo de 10 días dende a solicitude de informe sen que se presentara alegación ningunha

Tendo en conta que coa mesma data, 31 de maio de 2022, as Bases modificadas presentáronse tamén na Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais e na Subdelegación do Goberno en Galicia, de conformidade co establecido no artigo 9 del Real decreto 835/2003, de 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, tendo transcorrido o prazo de 10 días dende a solicitude de informe sen que se presentara alegación ningunha

Logo de ver que no Boletín Oficial da Provincia (en adiante BOP) número 102, do 31 de maio de 2022, publicouse un anuncio relativo á aprobación mediante o acordo plenario provincial do 27 de maio de 2022 das Bases modificadas reguladoras do POS+ 2022, ao obxecto de que se puideran presentar as alegacións que se considerasen oportunas no prazo de 10 días contados a partir do día seguinte ao da súa publicación

Logo de ver que dentro deste prazo de 10 días de exposición pública no BOP, o 13 de xuño de 2022, tivo entrada no Rexistro Xeral desta deputación provincial, co número 202290000010822, un escrito do Concello de Ordes mediante o que se formulan alegacións á aprobación da base 13.4.2.A das Bases reguladoras modificadas do POS+ 2022, respecto da esixencia de presentar, para participar na 2ª fase do POS+ Adicional 2/2022, unha certificación do Acordo Plenario, solicitando que se substitúa por unha certificación de Resolución adoptada pola Alcaldía para a inclusión dos obxectos que se financian na 2ª fase do Plan

Logo de ver que o Concello de Ordes invoca no seu escrito de alegacións fundamentos xurídicos da sentenza 00166/2022, recurso de apelación 7154/2021, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (en adiante TSX), Sala do Contencioso-Administrativo, SEC 3-003 A Coruña, de data 29 de abril de 2022, pola que se estima a apelación interposta polo Concello de Ordes contra a sentenza do 9 de setembro de 2021, ditada polo Xulgado contencioso- administrativo número 1 da Coruña en PO num. 101/2020, revogando a dita resolución e estimando o recurso contencioso administrativo que articulou o concello fronte ao acordo do Pleno da Deputación da Coruña do 30 de abril de 2020, de modificación das bases reguladoras do POS+ 2020 para a regulación do POS+ Adicional 1/2020 e do POS+ Adicional 2/2020 e

declarándoo contrario a dereito en canto engade as bases 12 e 13, así como os Anexos XV ao XX cos modelos de documentos necesarios para a súa tramitación

Logo de ver que o Concello de Ordes no seu escrito de alegacións argumenta que “pese ao criterio sentado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de que corresponde ao alcalde a competencia para solicitar unha subvención derivada da participación nun Plan Provincial, a Deputación segue a manter a obriga de que este acordo de participación nun Plan Provincial sexa adoptado polo Pleno do Concello e que a deputación Provincial, fronte ao criterio interpretativo de determinación do órgano competente para acordar a participación nun Plan Provincial fixado por un órgano xurisdiccional, ao que corresponde o **control da legalidade da actuación administrativa suxeita ao dereito administrativo**, fai prevalecer o criterio sostido pola Dirección General de Administración Local en contestación á consulta desa Deputación”

Tendo en conta a Resolución da Presidencia desta deputación, do 13 de maio de 2022, que dispón que se interpoña o recurso de casación contra a sentenza do TSX de Galicia do 29 de abril de 2022

Tendo en conta que o 15 de xuño de 2022 a Asesoría Xurídica desta deputación emite un informe con respecto á pretensión formulada polo Concello de Ordes no seu escrito de alegacións, no que conclúe que “no siendo firme la Sentencia del TSJ de Galicia, de 29.04.2022, contra la que esta parte ha presentado escrito de preparación de recurso de casación, entendemos que las Bases reguladoras del POS, deben mantener la previsión de exigencia del correspondiente Acuerdo Plenario”

Tendo en conta a urxencia da resolución das alegacións formuladas polo Concello de Ordes sobre o órgano competente para aprobar a solicitude de participación dos concellos na 2ª fase do Plan POS+ Adicional 2/2022, dado que o prazo para participar nesta 2ª fase comeza xa o 5 de xullo de 2022

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Bases reguladoras modificadas do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102, do 31 de maio de 2022)

Resolución da Presidencia desta deputación, do 13 de maio de 2022, que dispón a interposición de recurso de casación contra a Sentenza do TSX de Galicia do 29 de abril de 2022, que estima o recurso de apelación interposto polo Concello de Ordes contra a sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña, do 9 de setembro de 2021, ditada no Procedimiento ordinario nº 101/2020

Escrito de preparación de recurso de casación contra a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 29 de abril de 2022

De acordo con estes antecedentes e fundamentos de dereito, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Desestimar as alegacións presentadas polo Concello de Ordes respecto de que se proceda á modificación da base 13.4.2, apartado A, relativo ao Acordo de solicitude para participar no Plan (Anexo XXII-b, do POS+ Adicional 2/2022, 2ª fase, para o financiamento de gasto corrente, novos investimentos financeiramente sostibles e revisión excepcional de prezos, base que foi aprobada mediante acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de maio de 2022, en relación á esixencia que se contén na dita base de ter que presentar o concello, para participar na 2ª fase do POS+ Adicional 2/2022, unha certificación do Acordo Plenario municipal, solicitando que se substitúa por unha certificación de Resolución adoptada pola Alcaldía e invocando no seu escrito de alegacións, a favor da súa pretensión, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 29 de abril de 2022, pola que se estima a apelación interposta polo Concello de Ordes contra a sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de A Coruña, de data 9 de setembro de 2021, ditada no Procedimiento ordinario nº 101/2020, tendo en conta a conclusión da Asesoría Xurídica, no seu informe emitido o 15 de xuño de 2022, de que esta sentenza do TSX de Galicia non é firme e que en cumprimento da Resolución da Presidencia desta deputación do 13 de maio de 2022, esta deputación ten presentado xa un escrito de preparación de recurso de casación contra a mesma, polo que as Bases reguladoras modificadas do POS+ 2022 deben manter a previsión de esixencia do correspondente Acordo Plenario e polo tanto non procede modificar a base 13.4.2.A."

20.- Aprobación do convenio de cooperación interadministrativa entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Ames para cofinanciar o proxecto "Creación dun área de autocaravanas en Bertamirans"

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións

públicas, fomentando a cooperación e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora do patrimonio provincial.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. O proxecto supón a mellora da infraestrutura turística das nosas vilas e cidades, concretándose o presente proxecto na execución da CREACIÓN DUN ÁREA DE AUTOCARAVANAS EN BERTAMIRÁNS, no Concello de AMES mediante a creación dunha nova área de aparcamento para autocaravanas en espazos axeitados na zona de Bertamirás. Esta obra aporta solucións e servizos para atender ao turismo en autocaravana, unha modalidade de turismo emerxente, comprometido co medio ambiente. e que se está a revelar de grande valor para os municipios polos beneficios económicos que aporta, xa que as persoas autocaravanistas realizan as súas compras preferiblemente no comercio local e aportan beneficios á hostalería da zona.

O aumento no número de visitantes e turistas e a creación de rutas de sendeirismo, os espazos verdes e áreas naturais dentro do concello como a Praia fluvial de Tapia, a excelente ubicación na contorna da cidade de Santiago de Compostela, e ao mesmo tempo a cercanía coa costa, así como as infraestruturas viarias, especialmente a AP-9 e AG-56 que acortan os tempos de desprazamentos motiva a necesidade de dar cobertura a este novo tipo de desprazamento turístico, e en particular as facilidades para o aparcamento constitúen un aspecto básico.

3º Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE AMES con CIF P1500200I, para financiar a ""CREACIÓN DUN ÁREA DE AUTOCARAVANAS EN BERTAMIRÁNS" cun orzamento de 50.982,26 €

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de **40.786,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00%**.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/76201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO "CREACIÓN DUN ÁREA DE AUTOCARAVANAS EN BERTAMIRÁNS"

Na Coruña, a __ de _____ de 202__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, en representación da Deputación da Coruña,

E doutra parte D. _____ en representación do **Concello de AMES**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de AMES considera de primeira necesidade as actuacións relativas ao **CREACIÓN DUN ÁREA DE AUTOCARAVANAS EN BERTAMIRÁNS**, xa que o Concello de AMES considera importante a aposta polo turismo en autocaravana, unha modalidade de turismo emerxente, de poder adquisitivo medio-alto e comprometido co medio ambiente. Este tipo de turismo aporta un gran valor para os municipios polos beneficios económicos aportados, incidindo positivamente nas pernoctas no municipio, a repercusión na hostalería e no comercio local. É por iso que o concello considera necesaria a creación de novas áreas de aparcamento en espazos axeitados e próximos aos centros dos dous núcleos urbanos cos que conta o concello, O Milladoiro, e, a capital municipal, Bertamiráns.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar o **CREACIÓN DUN ÁREA DE AUTOCARAVANAS EN BERTAMIRÁNS**, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de AMES ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación interadministrativa ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de AMES, con CIF P1500200I, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das actuacións de **"CREACIÓN DUN ÁREA DE AUTOCARAVANAS EN BERTAMIRÁNS**, tal e como aparece definida esta na memoria valorada que figura no expediente.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora das actuacións, achega ao expediente un exemplar da memoria valorada, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das actuacións. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

C01 DEMOLICIONS E TRABALLOS PREVIOS EXTERIORES.....	2.592,99
C02 PAVIMENTOS E ACABADOS	24.148,57
C03 SINALIZACIÓN EXTERIOR HORIZ. E VERTICAL	1.148,86
C04 MOBILIARIO ESPECÍFICO	1.635,62
C05 REDE DE SANEAMENTO	3.964,55
C06 ALUMEADO	1.783,75
C07 XESTIÓN DE RESIDUOS	132,46
TOTAL ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL (P.E.M.)	35.406,80

13,00 % Gastos generales 4.602,88

6,00 % Beneficio industrial 2.124,41

SUMA DE G.G. y B.I. 6.727,29 SUMA	42.134,09
21,00 % I.V.A.	8.848,17
TOTAL PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN (P.B.L.).....	50.982,26

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENIAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **40.786,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,000%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,000 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4 O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/4321/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1 Gastos de persoal	44.210,30	0,00
2 Gastos correntes	1.064.398,20	0,00
3 Gastos financeiros	200.000,00	0,00
4 Trans. Correntes	861.121,26	180.000,00
5 Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6 Investimentos reais	2.891.272,99	0,00
7 Trans. de capital	1.666.857,66	76.521,56
8 Activos financeiros	0,00	0,00
9 Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:	6.727.860,41	256.521,56

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1 Impostos directos	0,00
2 Impostos indirectos	0,00
3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Transferencias correntes	0,00
5 Ingresos patrimoniais	0,00
6 Alleamento investimentos reais	0,00
7 Transferencias de capital	0,00
8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	6.471.338,85
9 Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	6.471.338,85

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicárase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitírase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2022 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

Ademais, a estes efectos hai que ter en conta o acordo adoptado polo Congreso dos Deputados do 22 de setembro de 2021 sobre a suspensión da aplicación das regras fiscais no exercicio 2022 como consecuencia da situación excepcional de pandemia formalmente declarada.

6.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará trámite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da

excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "*Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas*", de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

26.- Aprobación do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR)

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO.- Aprobar o PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E DE MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (PLAN PREMADECOR), que figura como anexo.

SEGUNDO.- Que se proceda a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica desta Deputación (sede.dacoruna.gal) e remitir unha copia do mesmo a todos os concellos e entidades locais da provincia.

TERCEIRO.- Proceder á inscrición do Plan PREMADECOR no rexistro que para este efecto ten habilitado a Intervención Xeral do Estado (IGAE) na súa sede electrónica."

**PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E DE MEDIDAS ANTI-FRAUDE NA
APLICACIÓN DE FONDOS PÚBLICOS: ESPECIAL CONSIDERACIÓN DOS FONDOS
PROCEDENTES DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA
(PRTR) APROBADO POLA UNIÓN EUROPEA (ACRÓNIMO: PREMADECOR).**

I. INTRODUCCIÓN: ANTECEDENTES, LIÑAS XERAIS E DEFINICIÓNS.

1. Antecedentes no compromiso ético da Deputación da Coruña.

A Deputación da Coruña, no desenvolvemento das competencias que lle confire a Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, vén xestionando e aplicando unha contía significativa de fondos públicos, superando na media de execución orzamentaria dos derradeiros 4 anos os 250 millóns de euros anuais, dos que logo de atender os gastos de persoal e de funcionamento, a maior parte son destinados á contratación de obras e servizos e á realización dunha variada acción de fomento dos intereses da Provincia, especialmente no que atinxe á cooperación co axeitado funcionamento dos servizos públicos municipais.

Nunha visión retrospectiva que abrangue toda a recente historia dende a promulgación da Constitución de 1978, esta Deputación veu caracterizándose polo respecto estrito á legalidade e por unha boa praxe na xestión dos recursos públicos asignados, algúns deles procedentes dos distintos programas aprobados da Unión Europea, o que resulta ser un indicador significativo do compromiso xa tradicional desta institución coa legalidade na súa xestión económico-financeira. Este feito acreditado é froito dunha conduta adecuada por parte dos distintos responsábeis políticos que gobernaron a Corporación ao longo deste período, pero tamén do rigor técnico e bo asesoramento do persoal funcionario que xestiona a contratación, a xestión da acción de fomento e o conxunto da facenda provincial.

Aínda así e con tan bos antecedentes, hai que ser conscientes de que sobre a xestión de fondos públicos sempre pende unha ameaza ou risco de que os axentes implicados poidan incorrer en condutas irregulares ou mesmo fraudulentas, polo que cómpre seguir as prácticas que se están a impor no seo da Unión Europea e no conxunto dos países da nosa contorna, reforzando as medidas preventivas, aplicando sistemas de detección e, no seu caso, aplicando con rigor procedementos de corrección, de xeito que no caso de que se aprecien usos irregulares ou fraudulentos, se recobren para o erario público os fondos mal aplicados no prazo máis breve posible.

No contexto exposto, débense referenciar nesta introdución dous acordos adoptados polo Pleno da Corporación e publicados no Boletín Oficial da Provincia, así como un protocolo de colaboración institucional co Consello de Contas de Galicia, que son todos eles ben merecedores dun breve recordatorio neste Plan de medidas anti-fraude:

- **A Carta dos dereitos e deberes dos cidadáns da Provincia da Coruña**, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión de 19 de decembro de 2014 (BOP de 7 de abril de 2015). Neste documento cítanse, entre outros, os principios de eficiencia, avaliación permanente e ética administrativa. En virtude deste último, proclámase que *“todas as persoas ao servizo da Deputación Provincial deberán actuar con rectitude, lealdade e honestidade, promovéndose a misión de servizo, a probidade, a honradez, a integridade, a imparcialidade, a boa fe, a confianza mutua, a solidariedade, a transparencia, a dedicación ao traballo no marco dos máis altos estándares profesionais, o respecto aos cidadáns, a dilixencia, a austeridade no manexo dos fondos e recursos públicos, así como a primacía do interese xeral sobre o particular”*.
- **O Código de Bo Goberno local da Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP)**, documento ao que se adheriu esta Deputación polo acordo plenario adoptado na sesión que tivo lugar o día 21 de decembro de 2018 (BOP de 25 de xaneiro de 2019). Neste código enuméranse un conxunto de principios aplicábeis na xestión pública, entre os que destaca que os cargos representativos e xestores públicos han de *“evitar toda acción que poida pór en risco o interese público ou o patrimonio das administracións, non se implicarán en actuacións, actividades ou intereses incompatíbeis coas súas funcións e absteranse de intervir nos asuntos en que concorran algunha causa que poida afectar a súa obxectividade”* (compromiso ético en materia de conflito de intereses).
- **Protocolo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consello de Contas de Galicia para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos de corrupción na administración local de Galicia (12 de marzo de 2019)**: Este documento, asinado polos representantes legais das dúas institucións, establece un marco de colaboración permanente coa finalidade de pór en funcionamento mecanismos efectivos para a prevención e a loita contra a corrupción.

2. Liñas xerais de actuación anti-fraude: creación dun órgano específico, divulgación e formación.

Pois ben, nunha liña de continuidade con estes antecedentes, a **Deputación da Coruña comprométese a reforzar, dentro do ámbito das súas competencias e no asesoramento aos concellos e demais entidades locais da provincia, unhas prácticas que non deixen ningunha marxe de actuación a condutas irregulares, corruptas ou fraudulentas.**

Neste nobre afán que agora se declara, non só se pretende manter unha vinculación positiva co Principio de Legalidade en toda a xestión pública, senón que se vai a promover un grao adicional de compromiso moral, sensibilizando e procurando adherir aos principios de obxectividade, integridade e honestidade ao conxunto de persoas que participan na xestión en distintas posicións xurídicas: cargos representativos, persoal funcionario e laboral, contratistas, persoas beneficiarias de subvencións e en síntese ao conxunto da cidadanía.

Para conseguir o obxectivo proposto, preséntase esta **Plan xeral de prevención de riscos na xestión económico-financeira e de medidas anti-fraude (PREMADECOR)**, que de recibir a aprobación do Pleno corporativo, será publicado no Boletín Oficial da Provincial, e no Portal de transparencia desta Corporación sito na nosa sede electrónica sede.dacoruna.gal.

Se a divulgación mediática e xeral coñecemento son un primeiro paso para a xeración de bos propósitos e sensibilización con estes valores, a súa efectividade e plena aplicación conseguirase co traballo e dedicación do **Comité anti-fraude da Deputación da Coruña (CADECOR), órgano específico que se crea neste Plan**, para avaliar e mellorar de xeito continuo as medidas preventivas, detectar posibles incumprimentos e levar a cabo procedementos de natureza correctora. O persoal funcionario que asuma esta función realizará estes cometidos con plena autonomía e independencia, de xeito que se evite de antemán calquera posible interferencia que poida pór en dúbida o carácter obxectivo dos seus informes e acordos. Do exercicio axeitado das súas funcións renderá contas perante o Pleno da Corporación e colaborará eficazmente co **Servicio Nacional de Coordinación Antifraude** creado pola Intervención General del Estado (IGAE) e mesmo coa **Oficina Europea de Lucha Contra el Fraude (OLAF)**.

Para finalizar este limiar non se pode esquecer a importancia da formación nestes valores e principios, así como no coñecemento de carácter técnico das distintas medidas que se describen no Plan. Por iso, xa se adianta agora a necesidade de que se convoque un programa específico de formación, destinado a cargos representativos, persoal ao servizo da administración local e mesmo contratistas e persoas beneficiarias de subvencións, no que se expliquen as medidas que se adoptan, os instrumentos de prevención, corrección e persecución que se implantan e as responsabilidades nas que se pode incorrer en caso de incumprimento.

3. Definicións de fraude e corrupción.

Manténdose nesa idea da necesidade de sensibilizar e formar nesta materia ao conxunto de axentes que participan na planificación, asignación, xestión, xustificación e control dos fondos públicos, convén rematar esta parte introdutoria coa definición normativa das condutas constitutivas de fraude e corrupción, por seren certamente clarificadores e serven para precisar as medidas de prevención, detección, corrección e persecución que se enumeran nos apartados seguintes.

O artigo 3.1. da Directiva (UE) 2017/1371, do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo de 2017, sobre loita contra o fraude que afecta aos intereses financeiros da Unión Europea a través do Dereito Penal, imponse aos estados membros a obriga de adoptar *“as medidas necesarias para garantir que o fraude que afecte aos intereses financeiros da Unión Europea constitúa unha infracción penal cando se cometa intencionadamente”*, isto é, obriga aos estados membros a tipificar sempre como ilícito ou delito no Código Penal respectivo as condutas dolosas que afecten aos intereses financeiros da Unión Europea.

Con tal premisa, no apartado 2 do artigo 3, a Directiva citada distingue as condutas constitutivas de fraude en función de se o gasto está relacionado ou non con contratos públicos. E describe, en primeiro lugar, as tres condutas fraudulentas relativas aos gastos que non deriven da contratación pública do seguinte xeito:

- *“j) O uso ou a presentación de declaración ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teñan por efecto a malversación ou a retención infundada de fondos activos do orzamento da Unión Europea ou dos orzamentos administrados pola Unión Europea, ou no seu nome.*

- *ii) O incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto, ou*
- *iii) O uso indebido de eses fondos ou activos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión inicial”*

E no caso de gastos relacionados cos contratos públicos, polo menos cando a acción ou omisión “se comentan con ánimo de lucro ilexítimo para o autor ou outra persoa, causando unha perda para os intereses financeiros da Unión Europea”, serán constitutivas de fraude as seguintes condutas:

- *“i) O uso ou a presentación de declaración ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teña por efecto a malversación ou a retención infundada de fondos ou activos do orzamento da Unión Europea ou dos orzamentos administrados pola Unión Europea, ou no seu nome,*
- *ii) O incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto, ou*
- *iii) O uso indebido de eses fondos ou activos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión inicial e que prexudique os intereses financeiros da Unión Europea”.*

E no tocante á corrupción, a Directiva que se está comentando establece que os Estados membros deben adoptar as medidas necesarias para garantir que a **corrupción activa e pasiva**, cando se cometan intencionadamente, sexan infraccións tipificadas penalmente, fixando os seguintes conceptos:

- *“ A efectos da presente Directiva, entenderase por **corrupción pasiva** a acción dun funcionario que, directamente ou a través dun intermediario, pida ou reciba vantaxes de calquera tipo, para él ou para terceiros, ou acepte a promesa dunha vantaxe, a fin de que actúe, ou se absteña de actuar, de acordo co seu deber no exercicio das súas funcións, de modo que prexudique ou poida prexudicar os intereses financeiros da Unión Europea.*
- *A efectos da presente Directiva, entenderase por **corrupción activa** a acción de toda persoa que prometa, ofrezca ou conceda, directamente ou a través de intermediario, unha vantaxe de calquera tipo a un funcionario, para él ou para un terceiro, a fin de que actúe, ou se absteña de actuar, de acordo co seu deber ou no exercicio das súas*

funcións, de modo que prexudique ou poida prexudicar os intereses financeiros da Unión Europea.”

E defínese finalmente a **malversación** (que tamén deberá tipificarse penalmente) como “*un acto intencionado realizado por calquera funcionario ou a quen se lle encomendara directa ou indirectamente a xestión de fondos ou activos, de comprometer ou desembolsar fondos, ou apropiarse ou utilizar activos de forma contraria aos fins para os que estaban previstos e que prexudique de calquera maneira os intereses financeiros da Unión Europea.*”

II. ÁMBITO DE APLICACIÓN E OBXECTIVOS. A POSIBILIDADE DE ADHESIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA AO PLAN PREMADECOR E AOS SEUS MECANISMOS ANTI-FRAUDE.

1. A aplicación das medidas anti-fraude na Deputación e entidades adscritas (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña - FAEPAC).

A aprobación deste Plan e a posta en funcionamento dos mecanismos anti-fraude que se describen no mesmo, teñen como finalidade darlle debido cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, lle impón a España e ao conxunto dos estados membros en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión Europea como beneficiario dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), pois toda entidade, ben sexa decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispor dun plan de medidas anti-fraude, de xeito que lle permita garantir e declarar que no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes téñense utilizado de conformidade coas normas aplicábeis, en concreto, no que se refire á prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e o conflito de intereses.

Polo seu carácter de exemplaridade, procurarase que unha boa parte das medidas que se describen e se implantan no presente Plan resulten de aplicación, tanto pola propia Deputación coma polos seus entes adscritos, con carácter xeral no conxunto do ciclo financeiro e orzamentario no que se obteñen e se aplican o conxunto de recursos públicos

que xestiona esta Administración, con independencia de cal sexa a orixe daqueles recursos, de fontes propias ou alleas.

Mais sen prexuízo desa tendencia ou vocación de xeneralidade exposta anteriormente, o Plan será de obrigada e intensa aplicación para o caso de que esta Deputación poida recibir fondos do programa NEXT GENERATION EU, segundo do Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) establecido a través do Regulamento UE 2021/241, do Parlamento e do Consello, de 12 de febreiro de 2021.

Consonte ao previsto no artigo 6 da **Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro**, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, o PREMADECOR atende aos seguintes requirimentos:

- a) Estrutura as medidas anti-fraude de maneira proporcionada e ao redor de catro elementos clave do denominado ciclo anti-fraude: prevención, detección, corrección e persecución.
- b) Está prevista a avaliación do risco, impacto e probabilidade de risco de fraude nos procesos clave na execución do PRTR e a súa revisión periódica anual e, en calquera caso, cando se teña detectado fraude ou se produza algún cambio significativo nos procedementos ou no persoal.
- c) Defínense medidas preventivas adecuadas e proporcionadas, axustadas ás situación concretas, para reducir o risco residual de fraude a un nivel aceptable.
- d) Prevese a existencia de medidas de detección axustadas ás sinais de alerta e defínese o procedemento para a súa aplicación efectiva.
- e) Defínense as medidas correctivas necesarias para aplicar, cando se detecte un caso sospeitoso de fraude, con mecanismos claros de comunicación das sospeitas de fraude.
- f) Establécense procedementos axeitados para o seguimento dos casos sospeitosos de fraude e a correspondente recuperación dos fondos da UE que se poidan ter gastado de xeito fraudulento.
- g) Defínense medidas de seguimento para revisar os procesos, procedementos e controis relacionados co fraude efectivo ou potencial, que se transmiten á correspondente revisión da avaliación do risco de fraude.

- h) Específicamente regúlanse procedementos relativos á prevención e corrección de situación de conflito de intereses. Para evitar con anticipación a posible existencia de ditos conflitos, establécese como obrigatoria a sinatura dunha "*Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses*" (DACI) por todas as persoas que participen nos procedementos de execución do PRTR, a comunicación ao superior xerárquico da existencia de calquera potencial conflito de intereses e a adopción da decisión que, en cada caso, corresponda.

2. A posible adhesión dos concellos e outras entidades locais da provincia ao PREMADECOR: graos de adhesión.

A Deputación, como organización de xestión e goberno da Provincia da Coruña, asenta a súa natureza de entidade local na agrupación de concellos (artigo 141 da Constitución e 31 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local), atribuíndoselle como competencia esencial a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica con aqueles, especialmente cos de menor capacidade económica e de xestión (artigo 36.1, letra b, da devandita Lei 7/85).

Pois ben, co fundamento competencial exposto e tomando moi en consideración a novidade e, asemade, complexidade organizativa e técnica das medidas anti-fraude que se regulan neste documento, considérase oportuno e mesmo necesario posibilitar que os concellos e demais entidades locais da provincia poidan adherirse a este Plan, establecéndose deseguido distintos niveis ou graos de adhesión, que se van a graduar partindo da poboación de cada entidade, criterio legal que se vén utilizando con carácter xeral na oferta de cooperación municipal en todos os ámbitos.

Co criterio poboacional exposto, establécense os seguintes graos de adhesión dos concellos e demais entidades locais a este Plan PREMADECOR.

A.) 1º GRAO: Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios e documentos.

Co ánimo da cooperación exposta, ofrécese a todos os concellos e entidades locais da provincia o presente documento, co carácter de modelo ao que poden adherirse, mediante a tramitación do correspondente expediente administrativo e adopción do

acordo plenario que proceda, e logo coa ulterior publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica de cada entidade.

Unha vez aprobado o plan correspondente, será de exclusiva competencia municipal a súa implantación no concello ou entidade, determinando os órganos que deberán realizar a avaliación de riscos, seguimento de control e órganos competentes, así como establecemento do canle de denuncias.

Neste primeiro nivel ou grao non se produce delegación de competencia ningunha, polo que a Deputación quedará enterada do acordo cando sexa publicado no Boletín Oficial da Provincia; con todo, o Comité CADECOR que se regula no presente Plan e os demais servizos da Deputación asistirán aos concellos que o requiran por escrito, emitindo os informes que procedan en cada caso de acordo co Regulamento de asistencia a municipios.

B.) 2º GRAO: Adhesión ao `PLAN PREMADECOR e aos seus formularios con delegación da función de avaliación de riscos.

A adhesión a este segundo grao poderá acordarse polos concellos e outras entidades locais de ata 10.000 habitantes.

Neste nivel os concellos e outras entidades locais destinatarias, ademais de adoptar o acordo de adhesión ao PLAN PREMADECOR, poderán encomendar á Deputación a xestión das funcións de avaliación de riscos en cada un dos expedientes de gasto nos que exista financiamento do PRTR.

A encomenda desta xestión requirirá un acordo expreso do Pleno da Corporación, adoptado pola maioría do número legal de membros que compoñen a corporación e posterior aceptación por parte do Pleno da Deputación da Coruña, publicándose posteriormente dito acordo no Boletín Oficial da Provincia.

O modelo de acordo a adoptar e bases da delegación desta funcións incorpórase como Anexo C.1

C.) 3º GRAO: Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios, con delegación das funcións de avaliación de riscos, seguimento das medidas polo CADECOR e instrución dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia da administración local.

Esta adhesión ao PREMADECOR e delegación de funcións na Deputación, ao igual que no grao anterior, tamén están previstas para os concellos e outras entidades locais de ata 10.000 habitantes.

Neste terceiro nivel ou grao, ademais do acordo de adhesión ao PLAN PREMADECOR, os concellos e outras entidades que estean dentro do rango poboacional indicado poderán adoptar o acordo de delegar a prol da Deputación da Coruña as funcións de avaliación de riscos de cada expediente financiado co PRTR, utilización do canle de bo goberno e denuncias, análise e seguimento do Plan no ámbito municipal e mesmo tramitación e resolución dos expedientes de carácter correctivo que sexan competencia da administración local.

Os acordos adoptaranse seguindo o formulario incorporado no ANEXO C.2, e aceptando as bases reguladoras que se establecen en dito anexo.

Unha vez adoptado o acordo municipal correspondente, someterase a aceptación do Pleno da Deputación da Coruña e, unha vez adoptado o acordo por este órgano, será publicado no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica das entidades locais concernidas.

III. AVALIACIÓN DOS RISCOS.

1. Traballo do órgano interventor e creación do Comité Anti-fraude da Deputación da Coruña (CADECOR).

Coa finalidade de artellar medidas anti-fraude que resulten proporcionadas e axeitadas, faise preciso realizar previamente unha auto-avaliación no referente a analizar os posibles riscos de actuacións fraudulentas, tal como está regulada dita tarefa no artigo 6.2 da Orde HFP/1030/2021, na súa remisión ao Anexo II.B.5 do mesmo texto.

No exercicio das súas funcións, o órgano interventor da Deputación xa ten feito unha análise de riscos no marco do deseño do Plan de control interno 2021-2022, abraguendo dita análise o conxunto da xestión económico-financeira que se está a realizar na propia Deputación, no ente adscrito Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña. (FAEPAC).

Mais para realizar unha avaliación máis completa, no estrito cumprimento do disposto no artigo 6.5, letra c) da Orde xa citada, procederase a utilizar a ferramenta de avaliación de riscos que se propón na **Guía para a aplicación de medidas anti-fraude na execución do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia que ten redactado o Servicio Nacional de Coordinación Anti-fraude (SNCA) de la IGAE (24 de febreiro de 2022)**, se ben a matriz de riscos deseñada nesta ferramenta vai a ser adaptada ás circunstancias organizativas desta Deputación (incorpórase como Anexo I dita matriz de riscos).

Nesta análise de riscos tamén se tomará como guía complementaria e documento de referencia o **Catálogo de riscos por áreas de actividade** aprobado polo Consello de Contas de Galicia, que se incorpora como ANEXO I-BIS ao presente Plan.

Para a aplicación da avaliación de riscos, seguindo a recomendación da Guía elaborada polo SNCA da IGAE e o Catálogo de riscos do Consello de Contas que se vén de citar anteriormente, créase o **COMITÉ ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (CADECOR)**. Dito comité, segundo se regula no apartado correspondente deste documento, estará integrado por un equipo multi-disciplinar, que pola súa formación académica e experiencia de xestión acadada, pode dicirse que coñece en profundidade tanto a organización como os procedementos desta entidade local. Os seus traballos serán realizados sempre de forma obxectiva, garantindo a súa plena independencia respecto de calquera órgano corporativo ou servizo da entidade, rendendo contas da súa actuación só ante o Pleno da Corporación.

2. Adaptación da Ferramenta de avaliación de riscos elaborada polo Servicio Nacional de Coordinación Anti-fraude e do Catálogo de riscos por áreas de actividade do Consello de Contas de Galicia.

O CADECOR irá realizando unha adaptación paulatina das ferramentas de avaliación inicial que se presenta como anexos 2 e 2 bis, revisando en cada momento as posibles debilidades que se poidan ir detectando e tamén cando se produzan cambios organizativos (especialmente cando se produza un cambio de corporación por remate do actual mandato).

Este sistema de xestión de riscos vai a abranguer os procedementos de prevención, detección e resposta aos riscos que afecten á totalidade dos fondos públicos provinciais, sexan ou non procedentes do PRTR. Na actualización continua da ferramenta procederase

a incorporar os resultados das auditorías e doutros controis realizados, de cara a incorporar novos riscos ou novos controis, coa finalidade de minimizar as posibilidades de que se produzan ou repitan.

Na avaliación de riscos vanse a realizar dous tipos de controis:

- Controis preventivos ou “*ex ante*”, orientados a impedir que as situacións de fraude, corrupción, conflito de intereses ou dobre financiamento poidan ocorrer.
- Controis de detección “*ex post*” (alertas ou bandeiras vermellas), que van a estar dirixidos a identificar situacións de fraude, corrupción, conflito de intereses ou dobre financiamento. A detección deberá realizarse do xeito máis rápido posible, coa finalidade de mitigar os danos causados.

Pois ben, traballando dende o inicio coa matriz de riscos incorporada á Guía anti-fraude, cando se identifique un novo risco, será incorporado a dita matriz.

O traballo realizado polo órgano intervisor, incluíndo os cuestionarios utilizados, póñense a disposición do Comité anti-fraude, para que se poida repetir dita análise con carácter anual ou mesmo con periodicidade inferior cando as circunstancias así o aconsellen (cambios normativos ou organizativos, aparición de circunstancias novidosas ou detección de puntos febles.

IV. MEDIDAS DE LOITA CONTRA O FRAUDE.

Realizada a análise de riscos, creado e posto en funcionamento un órgano específico para a súa aplicación e seguimento, a Deputación vai a promover unha serie de medidas anti-fraude, incardinadas cada unha delas dentro do xa estandarizado ciclo contra o fraude: prevención, detección, corrección e persecución.

Expóñense deseguido cada unha das medidas nas distintas fases de dito ciclo.

1. MEDIDAS DE PREVENCIÓN.

No marco das diferentes etapas que forman o ciclo anti-fraude, a prevención é unha fase clave na loita contra o fraude, a corrupción, os conflitos de intereses e o dobre

financiamento, resultando moi importante que as medidas preventivas que se adopten sexan pro-activas e proporcionais á probabilidade e impacto dos posibles riscos que se queiran mitigar ou evitar.

As medidas preventivas deben ter, ante todo, un carácter disuasorio, de xeito que as persoas que teñan tendencia ao fraude poidan temer as consecuencias do seus comportamentos.

1.1. Política anti-fraude: declaración institucional.

Como primeira medida preventiva, seguindo todas as recomendacións a este efecto, ten que apreciarse un compromiso claro, mediante unha declaración solemne do propio Pleno da Corporación, na que a institución amosa a idea de clara intransixencia con calquera situación de fraude ou corrupción que poida comprometer a legal e eficiente aplicación de todos os fondos públicos que se administren, con independencia da fonte de que procedan.

Un modelo de declaración institucional incorpórase a este Plan como Anexo II. Someterase á valoración do Pleno e, no caso de ser aprobado, deberá estar publicado de xeito permanente na paxina web oficial.

1.2. Código de conduta.

Como complemento da declaración á que se fai referencia no apartado anterior, debe subscribirse un Código de conduta (ANEXO III) por cada unha das persoas que participen, directa ou indirectamente, na xestión, aplicación e control dos fondos públicos, ben sexan cargos representativos ou persoal ao servizo da Administración pública.

O Código de conduta ao que se refire este apartado permitirá establecer uns principios respecto do comportamento esperado polas persoas que desenvolvan cargos representativos, así como tamén por parte do persoal ao servizo da Corporación, entre os que poden listarse os seguintes:

- Respecto ao Principio de legalidade, tanto na súa expresión positiva para as accións da administración, coma na vertente negativa, non realizando aquelas actividades ou actuacións que estean prohibidas ou para as que non exista unha habilitación legal específica.
- Uso eficiente dos recursos públicos.

- Integridade, profesionalidade e honradez na xestión.
- Transparencia e bo uso da información.
- Trato imparcial e non discriminación.

Para que se cumpra con estes principios, debe establecerse a obriga de que se faga unha supervisión efectiva por parte do persoal que ocupa postos directivos respecto do persoal ao seu cargo. Asemade, ten que haber unha conduta exemplar por parte dos primeiros, o que se coñece como “*tone at the top*”.

O texto deste Código de conduta, a subscribir por todo o persoal que participe na xestión ou control dos fondos, inclúese como Anexo III deste Plan, incorporándose unha referencia específica ao Código de bo goberno que xa afora asinado no seu momento polos cargos representativos e polo persoal ao servizo da Corporación.

1.3. Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI).

Como terceira medida de prevención, establécese a obriga de cumprimentar unha Declaración de ausencia de conflito de intereses (**DACI**) para todas as persoas que interveñan na xestión e aplicación dos fondos públicos, ben sexa a través de procedementos de contratación, ben mediante a concesión de subvencións ou transferencias.

No caso de actuación de órganos colexiados, a declaración deberá realizarse ao inicio da sesión na que se adopten acordos, debendo ser subscriba por todas as persoas integrantes de dito órgano, así como as persoas funcionarias que poidan realizar labores de asesoramento a ditos órganos.

Tamén as persoas que representen ou dirixan as entidades beneficiarias de subvencións deberán cumprimentar a DACI, como requisito previo á obtención da axuda.

Ao cumprimentarse a DACI haberá que observar a estrita aplicación do artigo 53 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do estatuto básico do empregado público relativo aos principios éticos, Igualmente ha de considerarse o disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, no tocante ao deber de abstención e tamén o disposto neste mesmo senso pola Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O modelo de DACI inclúese neste documento como Anexo IV.

1.4. Procedemento a seguir cando de aprecie que se produce un conflito de intereses.

No caso de que se aprecie un posible conflito de intereses, sexa declarado ou non pola persoa interesada, seguirase o procedemento que se describe en cada un dos seguintes apartados.

1.4.1 Declaración voluntaria de conflito de intereses.

As persoas que deban intervir nos procedementos de execución do PRTR, cando consideren que incorren en conflito de intereses, deberán absterse de formalizar a DACI e intervir no procedemento, declarando que incorre en causa de abstención, de conformidade co artigo 23.2 a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Darán conta ao seu superior xerárquico ou órgano que o designou (no caso daqueles que formen parte dun órgano colexiado que participe no procedemento) quen resolverá o procedente, unha vez emitido o preceptivo informe polo CADECOR.

No caso de que a causa de abstención se puxera de manifesto na reunión dun órgano colexiado mediante manifestación expresa, esta farase constar na acta, sendo esta declaración equivalente á comunicación ao superior xerárquico ou ao órgano que o designou, traslado que realizará a secretaría do órgano colexiado.

Nos supostos nos que o superior xerárquico (ou órgano que o designou) acorde que non existe causa de abstención, o persoal e os responsábeis da xestión, así coma o CADECOR, considerarán o suposto unha “*bandeira vermella*” e procederán de conformidade co apartado IV.2.2 do presente Plan.

O persoal poderá formular en calquera momento ao CADECOR cantas consultas estime necesarias sobre a procedencia de absterse en asuntos concretos.

1.4.2 Detección ou denuncia de conflito de intereses.

Cando o CADECOR na aplicación das súas medidas de detección (investigación, verificación das DACI con outras fontes externas, denuncias mediante o canle de denuncias e bo goberno ou por recusación expresa), detecte que algunha das persoas que deban intervir nos procedementos de execución do PRTR incorren en conflito de intereses, procederá á súa tramitación nos mesmos termos que unha recusación, de conformidade co previsto no artigo 24 da referida Lei 40/2015, estando lexitimada para promovela, no caso das denuncias, calquera persoa, de cara a garantir a protección xurídica da persoa denunciante.

O CADECOR realizará a comunicación formal ao superior xerárquico ou órgano que o designou, acompañada do seu preceptivo informe.

Naqueles casos en que se produza a recusación polos cauces ordinarios (registro presencial, registro electrónico, canle de bo goberno e denuncias ou outros posibles), a súa tramitación corresponderá a CADECOR, seguindo o procedemento previsto para os casos de denuncias recibidas, de cara a garantir un tratamento idéntico en todos os procedementos en que se estableza a obriga de cumprimentar as DACI.

Igual procedemento ha de seguirse cando o órgano de contratación ou o órgano que conceda unha subvención teña coñecemento por calquera medio dun posible conflito de intereses. A este fin, todas as comunicacións recibidas polo Rexistro serán trasladadas ao CADECOR.

Do mesmo xeito procederá calquera órgano ou persoa ao servizo da deputación provincial que teña coñecemento, por calquera canle formal ou informal, da posible existencia dun conflito de intereses.

1.4.3 Conflito de intereses xurdido despois da presentación da DACI.

Cando o conflito xurda con posterioridade á presentación da DACI, as persoas afectadas deberán proceder do mesmo xeito descrito nos apartados anteriores, sen que esta declaración posterior signifique que a DACI fora falsa.

1.4.4 Procedemento a seguir nos casos nos que a existencia do conflito de intereses foi detectado con posterioridade a que producira efectos.

Estes supostos terán a consideración de “bandeira vermella” e producirán efectos de conformidade co apartado IV.2.2 do presente Plan.

1.5. Plan de formación anti-fraude.

Coa finalidade de darlle difusión a este compromiso ético do conxunto da organización, a Deputación da Coruña comprométese a organizar cursos ou sesións formativas sobre a temática do fraude e a corrupción, así como os medios para combatelos.

Con esta tarefa formativa e mesmo de carácter divulgativo, tratará de imporse unha cultura ética no manexo e aplicación dos fondos públicos, fomentando valores como a integridade, a obxectividade, a rendición de contas e a honradez. Unha vez aprobado este Plan polo Pleno da Corporación e postos en funcionamento os seus mecanismos, no derradeiro trimestre do presente no 2022 e primeiro semestre de 2023, organizaranse os seguintes cursos

- O PLAN PREMADECOR: medidas de prevención, detección, corrección e persecución do fraude na xestión de fondos NEXT GENERATION. O curso terá como destinatario ao persoal, cargos representativos, contratistas e beneficiarios das subvencións. Terá unha duración estimada de 20 horas lectivas e haberá varias edicións con impartición presencial en varias localidades da provincia e unha edición por videoconferencia para as persoas que non poidan asistir presencialmente.
- O CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS: FUNCIONAMENTO E TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS: ACTUACIÓNS PREVIAS, PROCEDEMENTOS DE REINTEGRO E PROCEDEMENTOS SANCIONADORES: Terá como destinatarios ao público en xeral. Recomendárase a asistencia ao persoal das entidades locais que xestione ou participe nestes procedementos administrativos.

En función da demanda e asistencia a estes cursos, poderán organizarse sucesivas edicións nos anos seguintes.

1.6. Sistema de control interno eficaz.

A Deputación da Coruña, coa debida aplicación do disposto no Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local, xa dispón dun modelo de control interno aprobado polo Interventor xeral e xestionado por este mesmo funcionario auxiliado polo viceinterventor e polos dous interventores adxuntos.

O modelo de control interno implantado parte do exercicio da función interventora plena en materia de gastos, coa fiscalización previa aos actos de aprobación e disposición de gastos, intervención previa aos recoñecementos de gastos e os seus pagamentos e, finalmente, a comprobación material dos investimentos, nos termos regulados no artigo 20 do expresado regulamento.

Asemade, a función interventora está complementada polo exercicio do control financeiro, na modalidade de control permanente (expedientes de aprobación do orzamento e modificacións orzamentarias, aprobación e modificación da RPT, aprobación de ordenanzas e regulamentos, execución da contratación pública), auditoría pública das entidades adscritas e control financeiro de subvencións.

1.7. Publicidade do Plan e da actividade de xestión económico-financeira:

Xa como colofón das medidas anti-fraude nesta primeira fase preventiva, a publicidade do propio Plan e de todas as medidas adoptadas, así como a difusión na páxina de transparencia da Deputación e no Perfil do contratante dos os acordos e documentos relativos á xestión económico-financeira, contribuirá a que os distintos poderes públicos e mesmo o conxunto da cidadanía poidan ter información dabondo para colaborar eficazmente coas actuacións do CADECOR.

Entre outras accións de publicidade e difusión, cobran especial relevancia os acordos en materia de contratación que se publiquen no Perfil do contratante (licitacións, adxudicacións e formalización dos contratos) e as convocatorias de subvencións, concesións, pagamentos, reintegros e sancións que se están a publicar na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Como complemento final, no caso de expedientes de gasto financiados con fondos do PRTR, publicarase no Perfil do contratante cada unha das facturas

aprobadas e pagadas, quedando plenamente identificada a identidade da empresa contratista e o importe de cada contraprestación.

2. MEDIDAS DE DETECCIÓN.

A detección é unha etapa crítica na loita contra o fraude, xa que é o momento no que se espera que os coñecementos adquiridos e as ferramentas establecidas produzan os seus resultados. As irregularidades detectadas deben verificarse e no caso de que se teñan producido feitos que dean lugar a existencia de posibles actividades ou condutas ilegais que poidan supor unha incorrecta aplicación dos fondos públicos, deben tomarse medidas en dous ámbitos diferenciados:

- a) Potenciar as medidas de prevención, para mitigar calquera dano potencial.
- b) Incoar a investigación e unha vez realizadas as verificacións oportunas, comunicar os feitos ás autoridades xudiciais ou administrativas competentes, coa finalidade de que sexan valoradas e, no seu caso, corrixidas as condutas detectadas.

Resulta importante que todas as medidas de detección sexan eficientes e proporcionais ao nivel e natureza dos riscos de fraude, corrupción, conflito de interese e dobre financiamento identificados, tanto en cantidade (número de medidas) como en calidade (natureza das medidas).

Deseguido concrétanse as medidas de detección previstas no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 19 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR.

2.1. Verificación da DACI coa información obtida doutras fontes.

As Declaracións de ausencia de conflito de intereses poderán ser contrastadas con outras fontes de información externas, como pode ser a obtida a través da consulta no *Rexistro Mercantil Central*, *Base de Datos Nacional de Subvencións* (BDNS), declaración de actividades dos cargos públicos representativos e outros posíbeis.

2.2. Sistema de bandeiras vermellas.

O sistema de indicadores de alerta ou perigo, nomeado de “bandeiras vermellas”, representa un aviso de que algo inusual está a ocorrer e que non se corresponde coa actividade normal e rutinaria da entidade, constituíndose como pistas ou indicios dun posible fraude ou corrupción.

Cando se detecte un destes indicadores de alerta, o persoal e responsábeis da xestión deben permanecer especialmente vixiantes, coa finalidade de adoptar as medidas necesarias para conformar ou negar que existe un risco de fraude.

Cómpre precisar que a existencia dunha bandeira vermella non implica necesariamente a existencia de fraude ou outra irregularidade, pero si manifesta que unha determinada área de actividade necesita dunha atención extra para descartar ou confirmar unha actividade potencialmente irregular.

No Anexo V inclúese unha relación de bandeiras vermellas por cada un dos ámbitos de xestión: contratos, convenios, subvencións e encargos a medios propios. Mais sen prexuízo do carácter máis exhaustivo e detallado do documento anexo, considérese necesario facer referencia neste texto aos seguintes indicadores máis significativos, tanto no ámbito da contratación pública coma no tocante á xestión das subvencións.

2.2.1 Sinais de alarma na contratación pública.

Entre outros, porase especial atención nos seguintes:

- Coñécese que entre unha persoa que exerce un cargo representativo con potestades decisorias ou persoa integrante da mesa de contratación existe relación social cun prestador de servizos ou proveedor.
- Cando a persoa que exerce cargo representativo ou persoa integrante da mesa de contratación ten negocios familiares nos que se venden ou prestan servizos idénticos ou moi similares.
- Cando hai fraccionamentos de contrato inxustificadas.
- Aprécianse prezos elevados comparados con outros contratos similares e non se detallan con precisión os prezos parciais ou unitarios, nin existen documentos que precisen os custos nos que teña incorrido o contratista ou proveedor.

2.2.2 Sinais de alarma en materia de subvencións.

Neste ámbito da xestión, tendo en conta a experiencia acadada nesta Deputación polo exercicio efectivo do control financeiro de subvencións, poden salientarse como “bandeiras vermellas” os seguintes indicios:

- O dobre ou, polo menos, excesivo financiamento, incumprindo o principio de adicionalidade. O beneficiario non declara os ingresos obtidos para a mesma finalidade, existindo sospeita de que non ten fondos propios dabondo para financiar o importe do gasto con cargo a fondos propios.
- Imputación ou afectación indebida de custos indirectos.
- Facturas sen detalle de prezos unitarios ou con indicación de prezos excesivos.
- Presentación de facturas cunha algunha singularidade ou defecto, o que indica que puidera estar falseada nalgún dos elementos.
- Existencia de facturas cruzadas co proveedor, que a súa vez é cliente da entidade beneficiaria.
- Incoherencias entre a documentación presentada para xustificar a subvención: algunha das facturas presentadas non ten relación coa actividade descrita na memoria da actividade.

A existencia dalgún destes indicadores, obrigará aos órganos xestores e ao propio CADECOR á realización de actuacións de control adicionais ás previstas inicialmente e requirir ás explicacións necesarias ata acreditar a inexistencia de fraude ou, no seu caso, para realizar as actuacións correctoras precisas.

2.3. Canle de denuncias e bo goberno, garantido o anonimato da persoa denunciante.

Neste momento xa se está a tramitar nas Cortes Generales do Estado o proxecto de Lei polo que se vai a traspasar ao Dereito interno español a Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión Europea, polo que unha vez que estea aprobada e entre en

vigor dita norma as persoas denunciante van a ter a protección xurídica eficaz para que poidan presentar denuncias de infraccións sen sufrir posteriormente ningún tipo de represalia.

Mais sen prexuízo da plena aplicación da futura disposición legal que se vén de citar, esta Deputación xa conta cun canle específico de bo goberno para a comunicar calquera irregularidade que se poida advertir, que agora se vai a denominar Canle de denuncias e bo goberno, destinado a recibir a comunicación de posibles irregularidades ou condutas de fraude, ao que se accederá a través da sede electrónica desta administración, tal como xa acontece co canle de bo goberno actual.

A presentación de denuncias a través desta canle precisará de identificación electrónica da persoa denunciante para evitar posibles suplantacións ou denuncias automatizadas, pero os datos serán tratados garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar non poidan coñecer dita identidade. No punto de acceso electrónico ao formulario figurará unha declaración expresa de que, malia a necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante as tecnoloxías da información, coa finalidade de garantir a indemnidade da persoa denunciante e así evitar calquera tipo de eventual represalia, nos termos nos que xa está previsto na Directiva europea reguladora deste asunto.

A xestión do canle de denuncias corresponderalle ao CADECOR, que procederá sempre a investigar os feitos denunciados, mediante a apertura dunhas actuacións previas, segundo está previsto no artigo 55 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, coa finalidade de coñecer as circunstancias do caso concreto, realizando as indagacións oportunas.

Unha vez practicadas estas actuacións, só se procederá ao arquivo da denuncia no caso de que se comprobe que a mesma fose manifestamente infundada.

Do mesmo xeito, cando se reciban varias denuncias reiteradas sobre feitos xa indagados sobre os que non se atopou ningunha actuación irregular, procederase igualmente ao seu arquivo.

Unha vez instruído o correspondente procedemento e adoptadas as medidas cautelares necesarias para garantir a integridade e correcta aplicación dos fondos públicos, dítase a resolución que proceda, dando coñecemento dos feitos no seu caso ao Ministerio fiscal, ao *Tribunal de Cuentas* e ao *Servicio Nacional de Coordinación Anti-fraude*.

2.4. Canle de comunicación ética.

O canle de denuncias e bo goberno ao que se fixo referencia no punto anterior tamén poderá ser utilizado polas persoas que exerzan cargos representativos, persoal funcionario ou laboral da propia Deputación, coas mesmas garantías de anonimato e indemnidade para as persoas denunciante.

2.5. Actuacións de control interno en materia anti-fraude.

Sen prexuízo da plena aplicación das catro medidas expostas nos puntos anteriores, o órgano interventor da Corporación seguirá elaborando e aprobando anualmente un Plan de control financeiro, de acordo co previsto no Real decreto 424/2017, de 28 de abril. Este plan tamén estará orientado á detección de posibles casos de irregularidades ou fraude na xestión e aplicación de fondos públicos.

3. MEDIDAS DE CORRECCIÓN E PERSECUCIÓN.

3.1. Corrección.

A detección dun posible fraude ou mesmo a sospeita fundada producirá a suspensión inmediata do procedemento a través do que se estean xestionando os fondos públicos, coa notificación desta circunstancia no prazo máis breve posible ás autoridades interesadas e aos organismos implicados na realización das actuacións, así como a revisión de todos os proxectos que puideran estar expostos ao mesmo.

No caso de atoparse irregularidades sistémicas, deberán adoptarse as seguintes medidas:

- Revisar a totalidade dos expedientes incluídos na operación ou de natureza económica análoga.
- Propor ao órgano competente a posibilidade de que dite un acordo retirando o financiamento comunitario de todos aqueles expedientes nos que se identifique a incidencia detectada.
- Comunicar ás unidades executoras as medidas necesarias a adoptar para subsanar a debilidade detectada, de xeito que este tipo de incidencias non volvan a reiterarse.
- Revisar os sistemas de control interno para establecer os mecanismos oportunos que detecten as referidas incidencias nas fases iniciais de verificación.

3.2. Persecución.

Á maior brevidade posible, o CADECOR procederá a:

- Comunicar os feitos producidos e as medidas adoptadas á entidade decisoria ou entidade executora, así como a autoridade responsábel, a que poderá solicitar información adicional que considere oportuna de cara ao seguimento e comunicación á autoridade de control.
- Denunciar os feitos puníbeis ás Autoridades públicas competentes: *Servicio Nacional de Coordinación anti-fraude (SNCA)* e para valoración e eventual comunicación á Oficina Europea de Lucha contra el Fraude (OLAF).
- Iniciar información reservada para depurar responsabilidades e incoar, no seu caso, polo órgano competente, expediente disciplinario.
- Denunciar os feitos perante a Fiscalía ou perante os tribunais competentes, nos casos en que así proceda.
- Instar, a través de resolución a ditar polo órgano competente, o reintegro dos fondos gastados fraudulentamente.

4. COMITÉ ANTI-FRAUDE (CADECOR).

Para a correcta aplicación de todas as medidas previstas no presente Plan, créase un **Comité anti-fraude co acrónimo CADECOR (Comité anti-fraude da Deputación da Coruña)**, órgano colexiado integrado por persoal funcionario especialmente cualificado nesta materia, cuxa composición e funcións están detalladas nos apartados seguintes.

No exercicio das súas funcións, o CADECOR actuará con autonomía e independencia, non aceptando ningunha instrución ao respecto. Os seus informes e acordos serán elevados ao Pleno da Corporación e, no seu caso, remitidos ao Comité Nacional anti-fraude, ao Ministerio fiscal, Consello de Contas e Tribunal de Contas.

Dende o punto de vista procedimental, o CADECOR seguirá as regras de funcionamento previstas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, para a actuación dos órganos colexiados.

4.1. Composición.

O Comité anti-fraude estará composto por cinco membros, designándose por resolución da Presidencia, de acordo coas seguintes regras:

- **Membro da Secretaría xeral:** Será o que asuma as funcións de secretaría deste órgano, realizando as convocatorias das sesións que estea previsto convocar, redactar e custodiar as actas e notificar os acordos que se adopten, nos termos establecidos nos artigos 16 e 17 da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do Sector público.
- **Membro da Intervención xeral:** Asumirá a presentación e impulso das actuacións de control que se decidan, e a tramitación dos procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, sancionadores, coa colaboración do persoal do Negociado de Control financeiro e Auditoría. Xestionará a colaboración con outros órganos de control, investigación, corrección e persecución das actuacións ilícitas que puideran detectarse.
- **Membro do Servizo de Administración electrónica:** Exercerá a implantación informática das medidas que se adopten, adaptando en cada momento as aplicacións corporativas e responsabilizarse de que toda a información deste Plan e das súas medidas estean debidamente

divulgadas a través do Portal de transparencia da sede electrónica da Deputación.

- **Membro do Servizo de Patrimonio e contratación:** realizará o seguimento do Plan no ámbito da contratación pública, ben sexa a propia ou a que proceda analizar en función das competencias delegadas polos concellos e outras entidades locais.
- **Membro pertencente a algún dos servizos que xestionan a concesión de subvencións ou a tramitación de plans provinciais de cooperación municipal:** realizará o seguimento do Plan no ámbito da acción de fomento e cooperación municipal que xestiona a Deputación.

Aos efectos de ordenar o tratamento de asuntos e debates e demais atribucións previstas nos artigos 15 e seguintes da Lei 30/2015, na primeira sesión que teña lugar, o comité deberá propor a un dos membros para o exercicio da presidencia, cuxo nomeamento será formalizado mediante resolución da Presidencia da Deputación.

4.2. Funcións.

O CADECOR, coa composición prevista no apartado anterior, asumirá as seguintes funcións:

- Avaliación periódica do risco de fraude, asegurándose de que exista un control interno eficaz que permita previr e detectar os posibles fraudes.
- Definir a política anti-fraude e o deseño de medidas necesarias que permitan previr, detectar, corrixir ou perseguir os intentos de fraude.
- Concienciar e formar ao resto do persoal da Deputación en materia da correcta aplicación dos fondos públicos e loita contra o fraude na súa xestión.
- Incoar actuacións previas ante calquera indicio de fraude, requirindo tanta información se entenda necesaria ás unidades xestoras, contratistas ou persoas beneficiarias de subvencións.
- Resolver as actuacións previas incoadas, acordando o seu arquivo ou a remisión do acordo ao órgano competente para a esixencia de responsabilidades administrativas, contábeis ou penais.

- Informar periodicamente ao Pleno da Corporación das conclusións derivadas das actuacións practicadas e das medidas preventivas ou correctoras aplicadas.
- Asesorar aos concellos e demais entidades locais da Provincia en materia de prevención, detección e corrección de irregularidades na xestión de fondos públicos.

Cando do resultado das actuacións previas realizadas por este órgano, proceda a incoación dun expediente de reintegro ou, no seu caso, de carácter sancionador, por incumprimentos da normativa en materia de subvencións, a súa instrución será realizada polo Negociado de control financeiro e auditoría da Intervención xeral.

4.3. Réxime de sesión e acordos.

O Comité reunirase con carácter ordinario unha vez ao trimestre, realizando en cada sesión una avaliación e seguimento deste Plan PREMADECOR e, no seu caso, tratando os asuntos sobre os que se precisa tomar os acordos oportunos. Tamén poderá reunirse con carácter extraordinario cando o solicite calquera dos seus membros.

5. Avaliación e seguimento.

Con carácter periódico (polo menos anual), o CADECOR elevará ao Pleno, para coñecemento deste órgano, un informe de avaliación e seguimento das medidas contidas neste Plan, facendo expresa referencia tamén ás incidencias xurdidas respecto dos concellos que teñan delegado a análise de riscos ou a xestión completa das medidas e procedementos conseguintes.

Con todo, cando o CADECOR considere que algunha delas debe ser interpretada, adaptada ou reforzada, realizará a correspondente proposta, que será aprobada por resolución da Presidencia e incorporada de inmediato, sen necesidade de novo acordo plenario. Para tal efecto, o Pleno delega expresamente na Presidencia estas atribucións de interpretación, adaptación e, no seu caso, reforzamento, das medidas expostas nos distintos apartados deste Plan.

V. ANEXOS.

- **ANEXO I:** Matriz de riscos que se incorpora a Guía para a aplicación de medidas anti-fraude na execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aoribada polo *Servicio Nacional de Coordinación Anti-fraude* da IGAE (versión de 24 de febreiro de 2022)
- **ANEXO I BIS;** Catálogo de riscos por áreas de actividade aprobado polo Consello de Contas de Galicia
- **ANEXO II:** Declaración institucional.
- **ANEXO III:** Código de conduta.
- **ANEXO IV:** Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI).
- **ANEXO V:** Bandeiras vermellas.
- **ANEXO C.1: Modelo de acordo e bases para que os concellos e outras entidades locais poidan delegar a función de análise de riscos.**
- **ANEXO C.2: Modelo de acordo e bases para que os concellos e outras entidades locais poidan delegar as funcións de análise de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos de competencia de administración local.**

**ANEXO I: MATRIZ DE RISCOS APROBADA POLO SERVIZO NACIONAL DE
COORDINACIÓN ANTI FRAUDE DA INTERVENCIÓN XERAL DO ESTADO (IGAE)**

A ferramenta Matriz de riscos que vai a utilizar a Deputación para a análise previa de riscos en cada expediente é a proposta elaborada polo Servizo Nacional de Coordinación anti-fraude da Intervención xeral do Estado, que se pode atopar no enlace que se indica deseguido:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/Anexo%20I.%20MATRIZ%20PMA%20PRTR%20SNCA.xlsx>

Sobre dita ferramenta realizaranse os axustes que se consideren precisos, tendo en conta a natureza e circunstancias de cada expediente de gasto.

ANEXO I Bis: Catálogo de riscos por áreas de actividade aprobado polo Consello de Contas de Galicia

Xuntamente coa ferramenta anterior (Matriz de Riscos do Servizo Nacional de Coordinación Anti-fraude da IGAE) a Deputación da Coruña tamén vai a utilizar o Catálogo de riscos por áreas de actividade, elaborada polo Consello de Contas de Galicia, que se pode atopar no enlace que se indica deseguido:

https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/static_content/corruption/Catalogo_riscos_G.pdf

Sobre dita ferramenta realizaranse os axustes que se consideren precisos, tendo en conta a natureza e circunstancias de cada expediente de gasto.

ANEXO II: DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE COMPROMISO NA LOITA CONTRA O FRAUDE E A CORRUPCIÓN

*“No marco da xestión e execución do **Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)**, así coma na xestión, aplicación e control de todos os fondos públicos, a Deputación da Coruña manifesta publicamente o seu compromiso ao máis alto nivel posible no estrito cumprimento das normas xurídicas e de carácter ético, así coma a súa total adhesión aos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de xeito que a súa actividade oposta ao fraude e á corrupción sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con esta administración.*

As persoas que exercen cargos representativos na Corporación, así como todo o persoal ao servizo da Corporación, teñen o compromiso de velar sempre polos intereses xerais, con suxeición á Constitución, ao Estatuto de Autonomía de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico, actuando en todo momento de acordo cos seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e medioambiental e respecto á igualdade entre mulleres e homes.

Coa presente declaración preténdese promover dentro da organización unha cultura ética que non dea lugar a condutas ou actividades fraudulentas e que faga máis doada a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión dos casos que se detecten.



Para acadar o obxectivo exposto, logo de que o Pleno aprobe este Plan anti-fraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR) e publicado o mesmo no Boletín Oficial da Provincia, a súa aplicación, pleno coñecemento e divulgación, asentarase sobre estes tres piares:

- *A creación e funcionamento do **Comité anti-fraude da Deputación da Coruña (CADECOR)**, órgano específico para a xestión e análise das medidas adoptadas, así como para o asesoramento e impulso das accións de corrección e mesmo persecución dos casos que se detecten. Este órgano actuará co plena independencia e só dará contas da súa xestión ao Pleno da Corporación.*
- *A posible adhesión ao Plan PREMADECOR dos concellos e outras entidades locais da Provincia, mesmo coa posibilidade de que as situadas no rando de pobocación que non supera os 10.000 habitantes poidan delegar a análise de riscos, uso do canle de denuncias e bo goberno e instrución dos procedementos correctivos que sexan competencia da Administración local.*
- *A realización de cursos de formación e divulgación do contido deste Plan e das súas medidas. Para que estes cursos produzan o seu efecto, **todas as persoas que exercen cargos representativos ou teñen a condición de persoal ao servizo da Corporación quedan comprometidas, por esta declaración, a asistir a unha sesión formativa.***



**Deputación
DA CORUÑA**



**Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia**

En resumo: a Deputación da Coruña e as persoas que exercen cargos representativos ou prestan servizos para a mesma quedan comprometidos cos principios expostos e asumen a obriga de colaborar en todo momento para conseguir a plena eficacia das medidas de prevención, detección, corrección e persecución que se establecen neste Plan.



ANEXO III. CÓDIGO DE CONDUCTA DAS PERSOAS NO ECERCICIO DE CARGOS REPRESENTATIVOS E DO PERSOAL AO SERVIZO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL.

A) PARA PERSOAS NO EXERCICIO DE CARGO REPRESENTATIVO

No marco da xestión e execución do **Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)**, así coma na xestión, aplicación e control de todos os fondos públicos, as persoas que exercen cargo representativo como membros do Pleno da Corporación e dalgún outro órgano colexiado, ou ben como titulares ou suplentes de órganos de carácter unipersoal, axustarán toda a súa conduta aos principios e estándares recollidos no **Código de bo goberno local da FEMP**, ao que se adheriu esta Deputación Provincial mediante acordo plenario de 21 de decembro de 2018 (BOP núm. 18, de 25 de xaneiro de 2019).

Asemade, respectarán estritamente os deberes establecidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de acceso á información, transparencia e bo goberno. En particular, cumprirán cos principios de bo goberno establecidos no artigo 26 da devandita Lei e absteranse de incorrer nas condutas constitutivas de infracción en materia de incompatibilidades ou conflito de intereses (artigo 27 en relación co artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime local) e de infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria (artigo 28).



B) PARA O PERSOAL AO SERVIZO DA CORPORACIÓN.

Todo o persoal ao servizo da Corporación, tanto cunha relación de carácter funcional como laboral, cumprirán co código de conduta establecido no artigo 52 do Texto refundido do Estatuto básico do empregado público (Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro), así como cos principios éticos recollidos no artigo 53 e os principios de conduta enumerados no artigo 54 do devandito texto legal.

Asemade, a xestión e control dos fondos procedentes do PRTR levarase a cabo cunha rigorosa observancia da lexislación da Unión, nacional e autonómica, con especial atención ás seguintes materias:

- Elexibilidade dos gastos.
- Contratación pública.
- Réxime das axudas.
- Información e publicidade.
- Medio ambiente.
- Igualdade de oportunidades e non discriminación.

En resumo: todo o persoal ten a obriga de ler e cumprir co disposto neste código, colaborando coa súa difusión no centro de traballo e nas relacións con contratistas, provedores e persoas beneficiarias de subvencións. E as persoas responsábeis de cada servizo deberán contribuir a solventar calquera dúbida respecto deste código e servir de exemplo no seu estrito cumprimento.

Un exemplar deste documento e dos preceptos legais que se citan serán asinados por cada unha das persoas que participe na redacción, tramitación, aprobación, xestión, xustificación ou control dos fondos públicos procedentes do PRTR.

.....



**Deputación
DA CORUÑA**



**Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia**

ANEXO IV: DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES (FORMULARIO DACI)
--

“EXPEDIENTE SUBTEL 202XXXXXXXXXX

Co fin de garantir a obxectividade e imparcialidade neste procedemento de (contratación/concesión de subvención/xustificación de subvención), a persoa que subscribe o presente documento, na súa condición de (cargo representativo/persoal funcionario/membro designado do comité de expertos) e, xa que logo, participante no procedemento de (elaboración/tramitación/resolución) do expediente,

DECLARA:

PRIMEIRO.- *Que con carácter previo a súa intervención no presente expediente foi debidamente informado do seguinte:*

- 1. Que o artigo 61.3 “Conflicto de intereses” do Regulamento UE/2018/1046, do Parlamento europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da Unión Europea) establece que “existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións poida verse comprometido por razón familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal”.*
- 2. Que o artigo 64, “Loita contra a corrupción e prevención de conflito de intereses” da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten como fin evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento , asegurando a igualdade de trato de todos os candidatos e licitadores.*
- 3. Que o artigo 23. “Abstención”, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento tanto as autoridades coma o persoal no que poida darse algunha das circunstancias que se enumeran deseguido:*
 - a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución poida influir a de aque, ser administrador de sociedade ou entidade interesada ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.*



**Deputación
DA CORUÑA**



**Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia**

- b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable ou parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera das persoas interesadas, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén con asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.*
- c) Ter amizade íntima oou inimizade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.*
- d) Ter intervido como perito ou testemuña no procedemento de que se trate.*
- e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo ou en calquera circunstancia ou lugar.*

SEGUNDO.- *Que non se atopa incurso en ningunha situación que poida calificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento financeiro da UE e que non concorre na súa persoa ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector público, que poida afectar ao procedemento de licitación/concesión.*

TERCEIRO.- *Que se compromete a pór en coñecemento do (órgano de contratación/comité de expertos/comisión avaliadora) de xeito inmediato calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que se poida producir.*

CUARTO.- *Coñezo que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que resulte falsa ou falseada pode dar lugar ás responsabilidades administrativas, disciplinarias ou mesmo penais, ao tratarse dun documento público, sen prexuízo da obriga de indemnizar polos danos causados.*

E para que así conste, asino a presente DACI, que se incorpora ao expediente de referencia”.

ANEXO V: BANDEIRAS VERMELLAS

As BANDEIRAS VERMELLAS son sinais de alarma, listas ou indicios dun posible fraude. A existencia dunha bandeira vermella non implica necesariamente a existencia de fraude, pero si indica que unha determinada área de actividade necesita atención extra para descartar ou confirmar un potencial fraude.

No presente Anexo, incorpórase a Listaxe de bandeiras vermellas e controis propostos do Anexo II da Guía para a aplicación de medidas anti-fraude na execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia elaborada polo Servizo Nacional de Coordinación Anti-fraude da IGAE, que se pode atopar no enlace deseguido:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/Anexo%20II.%20Listado%20BR%20y%20controles.pdf>

Sobre dita ferramenta realizaranse os axustes que se consideren precisos, tendo en conta a natureza e circunstancias de cada expediente de gasto.



ANEXO C.1: Modelo de acordo e bases para que os concellos e outras entidades locais poidan encomendar a xestión da análise de riscos á Deputación Provincial da Coruña.

“ASUNTO: ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR) E DE ENCOMENDA DE XESTIÓN DA ANÁLISE DE RISCOS”

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por (unanimidade, maioría absoluta do número legal de membros que o compoñen), adoptou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Adherirse ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

SEGUNDO.- Ao abeiro da regulación contida no artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector público, encomendar á Deputación da Coruña a realización da actividade técnica consistente na análise previa de riscos nos proxectos de gasto que estean financiados con fondos procedentes do PRTR da Unión Europea, aceptando as bases aprobadas para esta encomenda de xestión polo Pleno da Deputación da Coruña, na sesión que tivo lugar o día...., co seguinte contido:

“BASES PARA ENCOMENDA DE XESTIÓN Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA DA ANÁLISE PREVIA DE RISCOS EN PROXECTOS DE GASTO CON FINANCIAMENTO DO PRTR DA UNIÓN EUROPA

.Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de aportación de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña, instando a elaboración da análise previa de riscos.

1. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.
2. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.
3. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello encomendante, para que proceda ao seu informe e aprobación,
4. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR .

.....

ANEXO C.2: Modelo de acordo e bases para que os concellos e outras entidades locais poidan delegar as funcións da análise de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos de competencia de administración local.

“ASUNTO: ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR) E DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DA ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

O Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día, en votación ordinaria e por (UNANIMIDADE7MAIORÍA ABSOLUTA DO NÚMERO LEGAL DE MEMBROS) adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Adherirse ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

SEGUNDO.- Delegar na Deputación da Coruña todas as funcións e competencias referidas á aplicación do PREMADECOR: análise previo de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos e sancionadores derivados da aplicación deste Plan, mesmo a competencia para a xestión recadatoria dos ingresos de dereito público resultante, aceptando as bases aprobadas polo Pleno da Deputación da coruña, co seguinte contido:

“BASES PARA A DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

PRIMEIRA.- Contido da delegación.

1. Unha vez adherido ao PRAMEDECOR, a delegación abranguerá todas as funcións e competencias referidas a aplicación efectiva do Plan en cada un dos proxectos de gasto con financiamento procedente do PRTR da Unión Europea.
2. En cada expediente, a Deputación realizará unha análise previa de riscos, asesorará ao concello na tramitación dos procedementos e incorporación aos mesmos das DACi e de calquera outro documento en relación co control dos fondos procedentes do PRTR da Unión Europea.
3. Na sedel electrónica do Concello haberá disposto un enlace co Canle de Bo Goberno e denuncias da Deputación, de xeito que calquera persoa poderá presentar unha denuncia referida a un posible uso ou tramitación irregular dos procedementos administrativos dos expedientes de gastos municipais financiados co PRTR da Unión Europea.
4. A Deputación tramitará os procedementos correctivos e sancionadores que resulten aplicábeis e acordará o reintegro dos fondos indebidamente aplicados, cos xuros de demora correspondentes. Tamén tramitará os procedementos sancionadores, impondo no seu caso as sancións previstas na Lei.
5. As liquidacións resultantes serán aprobadas pola Deputación, entidade que instruirá os procedementos de recadación para o seu cobro, tanto período voluntario como executivo. Para tal efecto, resultarán de aplicación as Bases para a prestación de servizos tributarios publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 209, de 3 de novembro de 2021.

SEGUNDA.- Procedemento para a tramitación da análise de riscos en cada expediente de gasto.

1. Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de aportación de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.
2. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, elaborará realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.
3. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.
4. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello delegante para que proceda ao seu informe e aprobación,
5. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR .

TERCEIRA.- Procedemento de tramitación de denuncias, impulso e tramitación e resolución de procedementos.

1. Unha vez recibida unha denuncia no canle de bo goberno e denuncias, comunicarase de xeito inmediato ao concello interesado, para que poida adoptar as medidas cautelares que estime máis axeitadas. Simultáneaemente, o CADECOR procederá á apertura dunhas actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso concreto, de conformidade co disposto no apartado 2.3 do PREMADECOR.
2. Concluídas as actuacións previas, no casos en que procedan os feitos serán comunicados á entidade decisora ou entidade executora, así como á autoridade responsable. Simultaneamente denunciará os feitos coñecidos ás autoridades públicas competentes.
3. Nos casos en que proceda, a Deputación, a través do Negociado de Control financeiro e auditoría, tramitará os procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, os procedementos sancionadores en materia de subvencións.
4. Os Servizos tributarios da Deputación levarán a cabo os procedementos de recadación, nos termos establecidos nas Bases para a delegación desta función

.....

27.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias na Deputación Provincial da Coruña para prestarlle servizos de control financeiro ao Concello de Dodro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Aceptar a delegación relativa ao exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas polo Concello de Dodro.

SEGUNDO: Aceptar a delegación da instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo dos ingresos de dereito público resultantes.

Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a Prestación de Servizos Tributarios aos Concellos da Provincia.

TERCEIRO: Aceptar a delegación relativa á emisión de informes de control financeiro, na modalidade de control permanente, sobre os servizos públicos municipais xestionados indirectamente mediante concesión administrativa.

CUARTO: Publicar o acordo, no seu caso adoptado polo Pleno provincial, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Diario oficial de Galicia para xeral coñecemento, segundo o previsto no artigo 7.2 do texto refundido la Lei reguladora das facendas locais.

QUINTO: A delegación das competencias entrará en vigor unha vez sexa publicado o acordo definitivo no Boletín oficial da provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de ata 10.000 habitantes da provincia, aprobadas para o efecto por esta Deputación provincial."

28.- Aprobación dos estados demostrativos da xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos e dos recursos propios do exercicio 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar os estados demostrativos relativos á xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos e dos recursos propios correspondentes o exercicio 2021."

29.- Dación de conta da RP Nº 27105 / 2022 do 8 de xuño, pola que se aproba o PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DO PROXECTO VÍA VERDE TRAMO 2, Concello de ORDES, CÓDIGO 2020.8101.0002.1

Toma de coñecemento da Resolución de Presidencia nº 27105 / 2022 do 8 de xuño, pola que se aproba o PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DO PROXECTO VÍA VERDE TRAMO 2, Concello de ORDES, CÓDIGO 2020.8101.0002.1

30.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Unión de cooperativas ESPAZOCOOP para financiar o proxecto "Fomento do emprendemento en cooperativa e consolidación de cooperativas creadas", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2022

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa “UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP”, CIF G-70506662, para regular a achega de 47.040,00€ para cofinanciar o proxecto “FOMENTO DO EMPRENDEMENTO EN COOPERATIVA E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS CREADAS”, cun orzamento subvencionado de 58.800,00€, o que supón un coeficiente de financiamento do 80%.

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220220023017, da Partida 0520/24100/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2022 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 30 de abril de 2023

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP PARA FINANCIAR O PROXECTO “FOMENTO DO EMPRENDEMENTO EN COOPERATIVA E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS CREADAS”, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL), ANUALIDADE 2022

Na Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor Valentin González Formoso Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte Dña. Ana Oliveira Blanco, con DNI núm. 52936224E, en representación da Unión de Cooperativas EspazoCoop,

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Unión de Cooperativas EspazoCoop consideran de gran interese para a provincia impulsar o emprendemento en cooperativa e consolidar ás empresas creadas atendendo ás distintas necesidades e demandas detectadas neste ámbito, conscientes da importancia do cooperativismo e concretamente o cooperativismo de traballo asociado para dar resposta dun xeito eficaz ao acceso ao emprendemento de moi diversos colectivos: persoas mozas, mulleres, reconversións laborais e empresariais, tanto no ámbito urbano como rural.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Unión de Cooperativas EspazoCoop, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes

acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Unión de Cooperativas EspazoCoop, CIF G-70506662, para o financiamento do proxecto “Fomento do emprendemento en cooperativa e consolidación de cooperativas creadas”, cuxo obxectivo consiste en apoiar e promocionar o modelo cooperativo como fórmula de emprendemento laboral e de xeración e creación de riqueza mediante a posta en marcha de actividades económicas xunto coa creación de emprego estable.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Unión de Cooperativas EspazoCoop levará a cabo as actividades do programa, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Soldos e salarios do persoal laboral	24.317,75€
Seguridade social a cargo da entidade do persoal laboral	7.672,25€
Traballos realizados por outras empresas (gastos de contratación de servizos profesionais)	26.810,00€
Total custo proxecto	58.800,00€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 47.040,00€, o que representa unha porcentaxe do 80% do custo do proxecto. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/24100/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación non é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Unión de Cooperativas EspazoCoop obteña para a mesma finalidade.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Unión de Cooperativas EspazoCoop. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Unión de Cooperativas EspazoCoop, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. A contratación dos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizaranse con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrência.
3. No caso de que Unión de Cooperativas EspazoCoop tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, dispoñible na web: www.emprego.dacoruna.gal
2. Coa memoria e conta xustificativa, achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 54ª das de execución do Orzamento para o ano 2022, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da

realización das actividades ou investimentos subvencionados.

De acordo co anterior, expedirase un único pagamento a prol da Unión de Cooperativas EspazoCoop, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre a cantidade efectivamente xustificada e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- 1.Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- 2.Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 3.Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 4.A Unión de Cooperativas EspazoCoop estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.
- 5.Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Unión de Cooperativas EspazoCoop, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 6.Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, non seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificante de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- 7.Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O aboamento da contía da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Unión de Cooperativas EspazoCoop na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden **dende o 1 de xaneiro de 2022 e ata o 31 de decembro de 2022.**
2. Unha vez rematadas as actividades, a Unión de Cooperativas EspazoCoop deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Unión de Cooperativas EspazoCoop para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Unión de Cooperativas EspazoCoop na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se lle abonase o importe da subvención provincial que lle corresponda, o beneficiario terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Unión de Cooperativas EspazoCoop deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial serán determinadas por ésta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Unión de Cooperativas EspazoCoop destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Unión de Cooperativas EspazoCoop poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Unión de Cooperativas EspazoCoop queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na

presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Unión de Cooperativas EspazoCoop serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Unión de Cooperativas EspazoCoop será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de xaneiro de 2022 e ata o 31 de decembro de 2022**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de abril de 2023**, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que a Unión de Cooperativas EspazoCoop non poida, por motivos excepcionais, ter executadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación **antes do 30 de abril de 2023**, deberá solicitar alomenos un mes antes desta data a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2023**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Unión de Cooperativas EspazoCoop perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención

concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polo presidente da Deputación e o da Unión de Cooperativas EspazoCoop, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación

O representante da Unión
de Cooperativas EspazoCoop

Asdo:

Asdo:"

31.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo entre a Excma. Deputación da Coruña e o Concello de Moeche para financiar o proxecto "Formación técnica e asesoramento do Centro de Transformación Agroalimentaria A Fusquenlla", no marco do Plan de Emprego Local, anualidade 2022

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Acreditadas as condicións especiais do concello solicitante e a súa memoria de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co CONCELLO DE MOECHE, CIF P1505000H, para regular a achega de 29.080,00€ para cofinanciar o proxecto "FORMACIÓN TÉCNICA E ASESORAMENTO DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN AGROALIMENTARIA A FUSQUENLLA", cun orzamento subvencionado de 36.350,00€, o que supón un coeficiente de financiamento do 80%.

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220220027774, da Partida 0520/24100/46201 do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2022 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 31 de agosto de 2023

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE MOECHE PARA FINANCIAR O PROXECTO "FORMACIÓN TÉCNICA E ASESORAMENTO DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN AGROALIMENTARIA A FUSQUENLLA", NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL, ANUALIDADE 2022

Na Coruña, a de de 2022 na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte D.Valentín González Formoso, en representación da Excma. Deputación

Provincial da Coruña,

Doutra parte Dna. Beatriz Bascoy Maceiras, con DNI núm. 32776404R, en representación do Concello de Moeche

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estánlles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Moeche consideran de grande interese para a provincia, promover o emprendemento e o emprego no sector primario e establecer medidas efectivas de loita contra o desemprego, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello da Capela, no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Moeche, CIF P1505000H, para o financiamento do proxecto “Formación técnica e asesoramento do Centro de transformación agroalimentario A Fusquenlla”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADES A REALIZAR

O Concello de Moeche levará a cabo as actividades do proxecto, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento desagregado en función da natureza do gasto e a súa adecuación aos prezos do mercado:

ACTIVIDADES	IMPORTE
CONTRATACIÓNS EXTERNAS	25.000,00€
- Accións formativas	7.350,00€
- Asesoramento	17.650,00€
SOLDOS E SALARIOS	11.350,00€
- Accións de xestión e difusión	11.350,00€
	36.350,00€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 29.080,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80% do custe do proxecto. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia alén o exercicio actual, o mesmo queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario 2023. Así mesmo, queda condicionado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio 2023, de acordo coa normativa vixente no momento.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Moeche obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de Moeche o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o Concello de Moeche axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello de Moeche tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A identidade corporativa do espazo de traballo deberá cumprir cos requisitos esixidos no "Protocolo común de actuación dos espazos de traballo integrados na Rede Provincial", mantendo a súa uniformidade. De xeito que tanto no logotipo do centro, como na súa páxina web e perfís de redes sociais, deberá figurar o logotipo da Rede Provincial de Espazos de Traballo xunto co nome do espazo.

2. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, dispoñible na web: emprego.dacoruna.gal

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas do Concello de Moeche

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista no disposto na Base 54 das Bases de execución do orzamento para o ano 2022 e artigo 27.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación da Coruña ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Moeche, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe da achega provincial unha vez que presente ou conste na Deputación a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4. O Concello de Moeche estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Moeche, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, agrupados segundo os conceptos que figuraban no orzamento da solicitude, indicando se é o caso as desviacións acaecidas e detallando a codificación contable que lles resulte aplicable. Nesta relación figurará a identificación da persoa acreedora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e o efectivamente pagado de ser o caso, os posibles descontos fiscais. Este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade.
3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Moeche na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Moeche terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial se realizarán entre o **1 de xuño de 2022 e o 31 de maio de 2023**.
2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Moeche deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de **UN MES** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Moeche para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Moeche da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Moeche na documentación achegada. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación

dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Moeche terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Moeche deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento destas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que os obteña telematicamente.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Moeche destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Moeche poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Moeche queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro

órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se deivindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se atenderá ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Moeche serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Moeche será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de

imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xuño de 2022 e ata o 31 de maio de 2023**,, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de agosto de 2023**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o Concello de Moeche non poida ter rematadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación antes do día **31 de agosto de 2023**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder mediante resolución a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2023**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Moeche perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo Concello de Moeche, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo o día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación Provincial da Coruña

Polo Concello de Moeche

Asdo.

Asdo."

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

Sr. Presidente

Primeira moción, do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre o rei emérito

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre o rei emérito

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 20 de maio o rei emérito Juan Carlos de Borbón participou ao bordo do veleiro Bribón, un agasallo do empresario Josep Cusi valorado en máis de un millón de euros, na regata InterRías, proba preparatoria para o mundial da clase 6mR. O rei chegara de véspera ao aeroporto de Peinador nun voo chárter directo procedente de Abu Dabi, capital dos Emiratos Árabes Unidos onde leva exiliado case dous anos. Aceptar este voo supuxo unha violación do Código de Conduta aprobado pola Casa Real en 2014.

Cómpre lembrar que a monarquía do Golfo Pérsico carece dun tratado de extradición con Suíza, país no que o rei emérito tivo abertas causas xudiciais relacionadas coa procedencia do diñeiro depositado en contas opacas do banco helvético Mirabaud a través da sociedade mercantil Lucum Foundation, fundada no 2008 na cidade de Panamá, e presidida por Arturo Fasana, quen aparece citado tamén no sumario do Caso Gürtel. Á conta desta sociedade foron transferidos 100 millóns de euros no 2011 procedentes do Ministerio de Finanzas de Arabia Saudí, que nunca foron declarados a Facenda e que foron percibidos, presuntamente, en comisión polo labor do rei emérito como intermediario na venta do Ave á Meca.

No ano 2012, logo da aprobación da amnistía fiscal por parte do goberno de Mariano Rajoy, fóronlle transferidos desde esta conta 65 millóns de euros á anterior amiga do rei emérito, Corinna Larsen, segundo as súas propias palabras en declaracións ao fiscal suízo, Yves Bertossa, "por gratitude e por amor".

Estes son os feitos que dan lugar, en 2018, ao inicio da investigación por evasión

fiscal, branqueo de capitais e suborno por parte da Fiscalía suíza, e que con posterioridade son tamén investigados pola Fiscalía do Tribunal Supremo español, dada a condición de aforado naquela altura do rei emérito. O 3 de agosto de 2020, cando xa dera inicio a investigación do seu caso, o rei emérito anuncia a súa marcha a Abu Dabi, ante a polémica xerada por estes feitos que foron descritos pola Casa Real como “acontecementos privados da súa vida pasada”.

O regreso fugaz do rei nestas datas recentes, quen rexeitou facer ningunha declaración pública ou ofrecer explicacións sobre os delitos que se lle imputaban e que el mesmo recoñeceu de xeito implícito ao realizar dous pagos a Facenda superiores aos cinco millóns de euros en concepto de regularización fiscal, pon de manifesto, unha vez máis, o seu desprezo pola obriga de exemplaridade e honorabilidade a que o compromete a natureza do seu cargo, así como unha completa falta de sensibilidade e respecto cunha cidadanía do común que está a vivir aínda hoxe as consecuencias dunha longa crise iniciada no 2008 e provocada, en parte, por unha masiva corrupción institucional que, cómpre lembralo, foi xa probada xudicialmente no que atinxe á Casa Real, no caso Noós.

Por se isto fóra pouco, a semana pasada coñeceuse que facenda ten aberta unha nova investigación formal ao rei emérito polas súas cacerías trala abdicación, reclamándolle que explique quen pagou os voos e outros gastos asociados. Esta apertura formal dun procedemento inspector implica que Juan Carlos de Borbón non podería acollerse a unha nova regularización voluntaria dos fondos non declarados á Axencia Tributaria.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Expresar publicamente o seu rexeitamento ante a conduta provocadora do rei emérito.
2. Instar ao Congreso dos Deputados a iniciar unha investigación polas accións realizadas polo rei emérito con posterioridade a 2014, data da súa abdicación.
3. Instar ao goberno do estado a iniciar os trámites para modificar o artigo 56 da constitución española no que atinxe á inviolabilidade do rei e irresponsabilidade polos seus actos.
4. Instar á Deputación de Coruña retirarlle calquera honra ou título honorífico que ostente o rei Juan Carlos de Borbón nesta institución.

Señor Lema Suárez

Bo día; grazas, presidente.

En primeiro lugar, solicitar que no futuro, a ser posíbel, se lle dea lectura en galego ás declaracións institucionais nesta Cámara.

A moción que traemos hoxe aquí vén derivada polos últimos acontecementos relacionados coa figura do rei emérito, que basicamente se refiren a esa visita ao noso país para participar nunha regata, pero que ten antecedentes moi antigos. Por situar os que nos parecen máis graves entre os coñecidos, referímonos á orixe deses 100 millóns de dólares que depositou o rei emérito nunha conta opaca dun banco suízo a través dunha sociedade das chamadas *offshore* con base en Panamá que, segundo se puido saber, procedían dunha doazón da monarquía do Reino de Arabia Saudita, supostamente por labores de intermediación na construción da infraestrutura do AVE á Meca. Estes 100 millóns de euros non foron declarados en ningún momento a Facenda, polo tanto, non se pagaron os tributos correspondentes nin tampouco se aclarou cal era o concepto que xustificaba a súa procedencia.

Estamos no ano 2011, e no ano 2012 o Goberno do señor Mariano Rajoy lexisla o que daquela se chamou amnistía fiscal, que dalgunha maneira é unha oportunidade para que todos aqueles que tiveran os seus cartos depositados en contas como esta puideran por fin regularizalos, declarar a Facenda e pagar os tributos correspondentes cunha, hai que dicir, ademais de ser unha suspensión, unha amnistía, por tanto, das obrigas que correspondían, nalgún caso poderían ser penais incluso, tamén era un xeito, supoño, para o Estado de recuperar parte dos tributos perdidos en operacións de evasións fiscais, como sen dúbida é este caso do que falamos.

Neste momento o rei emérito decide cambiar os seus fondos de banco; emprega para iso a figura dunha intermediaria, Corinna Larsen; e neste momento é cando tamén resulta coñecida toda esta operación que inicia a súa investigación a fiscalía suíza. Hai unha proba contundente de que estes feitos que estamos describindo son veraces e aconteceron así, que é a actuación do propio rei emérito a respecto desta cuestión, pois el inicia unha figura que permite a lei de regularización voluntaria, segundo a cal recoñece que efectivamente el foi beneficiario dunha serie de ingresos que non declarou a Facenda e que voluntariamente e graciosamente decidía devolver ao erario público.

No ano 2014 ademais, como sabedes, como se ían acumulando causas arredor do rei emérito, pois este vese obrigado, decide abdicar no seu fillo, logo de acontecementos pouco vistosos relacionados coa súa cacería en África nun momento no que o país atravesaba unha profunda crise económica, tamén institucional, da que aínda hoxe en día non acaba de recuperarse.

Dicir que a relación do rei emérito coa Facenda española aínda non rematou. Incúmprese ou sospéitase que se incumpren outras das súas obrigas que teñen que ver coas doazóns e a semana pasada iniciaba Facenda unha investigación para, dalgunha maneira, esclarecer quen financiou os seus voos para novas cacerías en África no ano 2020.

Con independencia de cales fosen ou deixasen de ser os seus méritos no pasado, que por certo a min me parecen discutibles, pero non é do que se trata nesta moción, o que está claro é que, sendo máis ou menos, que está por ver, legais estas actuacións do rei, desde logo que en ningún caso son exemplares, nin tampouco

están á altura do que cómpre exixirle a un representante público como non deixa de ser el. E isto pon de manifesto que a sobreprotección que recibe o rei no artigo 56 da Constitución española, que basicamente o declara unha figura irresponsable e inviolable, favorece que efectivamente se comporte de xeito irresponsable, como acabamos de describir, percibindo doazóns de dubidosa procedencia que nin tan sequera tributa o que lle corresponde á Facenda pública.

E todo isto, para nós como galegos, pensamos que acada tamén a súa cima de vergoña con esta viaxe que fai a Galicia, unha vez máis nun voo chárter pagado non se sabe de que xeito, para participar nunha regata en augas do mar dos mecos, en augas de Sanxenxo e posteriormente regresar sen facer declaracións ao país no que actualmente non está exiliado, senón que está alí emigrado ou residenciado, non sei cal é o verbo que se poderá utilizar con máis propiedade, pero para viaxar a Emiratos Árabes Unidos, un país que, cómpre dicilo, non ten un tratado de extradición asinado con Suíza, cousa que no seu momento debeu de resultar de gran utilidade en termos xurídicos.

Finalmente, tamén dicimos que, aínda que non aparece na parte resolutiva da nosa moción, nós tampouco concordamos coas declaracións feitas polo actual presidente da Xunta de Galicia dicindo que o rei situaba Galicia no mapa coa súa presenza nesa regata. Eu creo que o sitúa nun mapa no que moitos de nós non nos recoñecemos, que é un mapa da vergoña e da impunidade. Pensamos que o rei, desde logo, debe estar suxeito ás mesmas normas de conduta que o resto dos cidadáns, máis aínda despois de ter abdicado, e nós non nos sentimos en absoluto orgullosos do seu comportamento.

Na parte resolutiva da nosa moción propoñemos a adopción dos seguintes acordos:

En primeiro lugar, expresar publicamente o rexeitamento desta Cámara ante a conduta provocadora do rei emérito.

En segundo lugar, instar o Congreso dos Deputados a iniciar unha investigación polas accións realizadas polo rei emérito con posterioridade a 2014, data da súa abdicación.

En terceiro lugar, instar o Goberno do Estado a iniciar os trámites para modificar o artigo 56 da Constitución española no que atinxe á inviolabilidade do rei e a responsabilidade polos seus actos.

Por último, instar a Deputación da Coruña a retirarlle calquera honra ou título honorífico que ostente o rei Juan Carlos de Borbón nesta institución.

Nada máis e grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día. Eu xa recoñezo de antemán que non me vou estender e non vou entrar tampouco en relación ás potenciais discrepancias políticas en relación a esta

cuestión. O BNG é abertamente unha forza soberanista e republicana, e eu creo que o contido da moción ao que fai referencia é a evidencias que, froito da prescrición, da figura de inviolabilidade e tamén da regularización fiscal, fan que o rei emérito se vexa libre de causas, unha cuestión que para calquera cidadá ou cidadán non deixa de ser inxusta.

Tamén é verdade que, mentres se procedeu á investigación e as causas estiveron abertas, o rei foxe, cando menos ás presas, do Estado español e non retorna ata que o fai nunha viaxe, imos dicir que de ocio, que non coñecemos con exactitude o custo que ten para a cidadanía e, polo tanto, consideramos que podemos estar e estamos de acordo con cada un dos puntos resolutivos.

Evidentemente, unha figura como a do rei emérito, coa representatividade que tivo, cando menos debe explicar publicamente estes feitos que son evidencia e eu creo que é unha situación que nos debería avergoñar a todos e, cando menos, exixir de xeito unánime esta explicación cando anticipo que sei que non vai ser así, pero ese é o posicionamento do BNG. Evidentemente, en relación á figura de inviolabilidade, debería ser incuestionable que debe ser modificada e revisada, pois cando é unha figura que permite que ao seu amparo unha persoa utilice o seu posto para o seu beneficio persoal e o seu enriquecemento, e ademais actuando de forma, imos dicir que pouco leal e honesta coa cidadanía á que representa.

Entón nese sentido imos mostrar o noso voto favorable.

Sr. Ben Otero

Buenos días, presidente. Gracias, compañeras y compañeros.

Bueno, ya de antemano anuncio que vamos a votar en contra de esta moción, como no se podía esperar menos de nuestro grupo. En la exposición de motivos no voy a ahondar mucho en ella porque hay una serie de consideraciones que, bueno..., pero realmente lo que vamos a aprobar aquí o no es la propuesta de resolución. Pero, bueno, sí hay un matiz, ya el propio señor Lema en la propia exposición ya vino a matizarlo, que es la figura de un exiliado. Yo creo que el rey emérito Juan Carlos I está fuera del país por voluntad propia, por una circunstancia, no creo ni que esté exiliado, ni que nadie lo haya expulsado, etcétera.

Pero yendo a la propuesta de resolución: 1. “Expresar publicamente o seu rexeitamento ante a conduta provocadora do rey emérito”, ¿conducta provocadora por venir a Sanxenxo, por venir a su país, a España o por venir a Galicia? Yo no entiendo exactamente a qué se refiere usted aquí.

Punto 2. “Instar o Congreso dos Deputados a iniciar unha investigación polas accións realizadas”. Que yo sepa, el rey emérito no tiene ninguna causa judicial pendiente, igual usted tiene un conocimiento en otro sentido, de hecho, fue investigado y fueron archivadas o absuelto de todas estas causas, no tiene ninguna cuestión pendiente con la justicia a día de hoy, que yo sepa, a lo mejor usted tiene algún conocimiento de otra índole, nosotros desde luego no.

Punto 3: “Instar o Goberno do Estado a iniciar os trámites para modificar o artigo 56 da Constitución española no que atinxe á inviolabilidade do rei e responsabilidade dos seus actos”. Esta moción se refire a Juan Carlos I, en este caso el rey ya no está sujeto a esta figura, está usted dirixiéndose al actual jefe del Estado, a Felipe VI, una persona de una conducta intachable. Y aparte es que nosotros creemos en la Constitución en toda su amplitud, y entendemos de la importancia que tiene la corona y que ha tenido, agora me referiré a eso despoés, con lo cual no afecta mucho el tema del rey emérito con este punto terceiro que no le afecta para nada.

Punto 4. “Instar á Deputación da Coruña a retirarlle calquera honra ou título honorífico”. Que nosotros tengamos constancia, la Diputación no le ha dado ningún título honorífico al rey emérito. Posiblemente teníamos que habérselo dado, porque nosotros entendemos que el rey Juan Carlos I ha sido clave en la transición democrática en España, impulsándola en su momento y consolidándola cuando estuvo en riesgo el día del 23F. Nosotros lo decimos con claridad: Viva el rey Felipe VI y viva el rey Juan Carlos I por todo lo que ha hecho por España y por los españoles.

En consecuencia, nuestro voto es en contra. Y le voy a decir una cosa ya para acabar y no me lo tome a mal, señor Lema. Cuando escucho sus intervenciones a veces me da la sensación, ya no por lo que dice sino por lo que deja caer, como una mezcla, faltaba un punto quinto aquí decir “que se queme en la plaza pública o que se guillotine al rey emérito y tal”. Es una mezcla extraña entre Robespierre y Torquemada, acusando o diciendo quién es bueno, quién es malo, quién es homologable o quién no lo es en virtud de su ideología sectaria y contra los demás. Van por mal camino y se lo están diciendo los españoles de forma reiterada. No se puede hacer política contra nadie, no se puede hacer política contra nada, hay que hacer política a favor de las personas, respetando y siendo tolerante con aquellas ideas que discrepan con las de uno. Nuestro voto rotundo es un no como una catedral.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas. Eu tamén adianto que o voto do noso grupo vai ser non. Non vou entrar tanto dunha defensa do sistema monárquico ou non, senón dende unha cuestión que ten que ver máis coa defensa dos piares do Estado de Dereito, como é o da presunción de inocencia ou a do respecto polas decisións xudiciais.

É verdade que na exposición de motivos se fala dunha investigación aberta por unha serie de doazóns de 100 millóns de euros que aparecían nunha conta en Suíza, etcétera, pero é verdade que os tribunais suízos arquivaron a causa, gústenos ou non, arquivaron a causa. Por tanto, temos que respectar esa decisión xudicial dun país soberano e un país ademais como é Suíza, non estamos a falar dunha república bananeira, que archiva unha causa contra o rei emérito. Pode haber, efectivamente, algúns actos que poden ser reprochables desde o punto de vista moral, seguramente

como calquera de nós ao longo da nosa vida ou da nosa traxectoria profesional, pero, en todo caso, desde o punto de vista xurídico non hai nada que achacar.

Hai, como din vostedes, unha investigación aberta agora por Facenda, que teremos que esperar loxicamente a ver o que se acaba dirimindo desa investigación e, en base a iso, poderemos tomar unha decisión. En todo caso a día de hoxe son feitos reprochables desde o punto de vista moral, pero ningún deles dende o punto de vista xudicial. Polo tanto, nós non podemos apoiar unha moción, sexa o rei Xoán Carlos ou como se mañá fora Alberto Lema. É dicir, falei o outro día na xunta de voceiros, creo que os políticos nos facemos un fraco favor a nós mesmos, á sociedade e a un Estado de Dereito cando pasamos a presunción de inocencia polo forro e somos os primeiros en pedir a dimisión doutros compañeiros doutras formacións políticas cando están imputados, como digo, facéndonos un fraco favor, porque noutros sectores, noutro tipo de actividades, non se fai así, polo menos en determinados delitos, non estamos a falar de cousas de moitísima gravidade.

E eu son dos que combato esa idea que nace doutra idea que non comparto en absoluto de que os políticos xa damos por feito que somos corruptos, que somos ladróns, e en base a iso lexíslase, e esa é a situación que deriva da conxuntura que vivimos nos últimos tempos, na que os políticos non están nos tribunais, na que os políticos non están nas mesas de contratación, na que os políticos cada vez estamos en menos sitios porque parece ser que polo feito de ser político un xa ten que ser unha especie delincuente, e que a honradez das persoas non vén dada pola propia persoa e a súa educación, senón por se son políticos, se son funcionarios, parece ser que xa non son corruptos, se son médicos, tampouco. Ben, eu creo que é un debate que daría para moito e que non ten tanto que ver con isto que estamos a ver directamente, pero si, no fondo ten moito que ver con iso. Eu respecto sempre a presunción de inocencia e, mentres non haxa unha sentenza xudicial, non me manifesto en contra de ninguén, sexa o rei emérito, ou sexa un albanel, ou calquera dos que estamos aquí sentados.

Moitas grazas e nada máis.

Sr. García Seoane

Moi breve. Primeiro, eu non son monárquico, eu son republicano e, por tanto, acepto imposto o rei porque mo impoñen pero non porque o queira. Un rei que ten un historial que todo o mundo di que fixo moito por España, por España fixeron os políticos que trouxeron adiante a democracia, de dereitas e de esquerdas, que se sentaron, debateron e lograron traer a democracia a España. O rei non trouxo ningunha democracia a España, o rei incluso eu creo que era partícipe naquel golpe de Estado, tamén estaba metido polo medio, indubidablemente tiña que saber moito máis do que sabemos calquera cidadán español. Un rei que se dedicou a vivir de, montando cacerías de todo tipo e montando festas ao grande, orxías por todo o territorio nacional, especialmente en Cataluña, que é onde tiña a sede principal. Alí xa lle chamaban o rei de copas, era coñecido entre os cataláns. Por tanto, unha persoa como esta, estou en contra de que ninguén, ninguén herde un país, quen é ninguén para herdar un país?, é dicir, eu son o rei de España. Esa caste hai que acabar con

ela, esa caste de marqueses, de condes e todo iso hai que acabar con ela, non ten sentido ningún nun país democrático. Ah, pero ben, pois non acabamos con ela, e aí temos, pululan por toda España como os grandes de España, os grandes que realizaron todo tipo de maltrato, de vexacións, de ruindades contra a poboación durante lustros, lustros non, durante séculos, machacando a poboación por todo o territorio nacional, tendo de escrava a poboación, como caseiros pagándolles polas terras que explotaban dándolles para comer nada máis. Por tanto, como vou admitir eu?, eu estou totalmente de acordo con esta moción, totalmente de acordo. Por tanto, creo que, se hai algún título aquí, hai que sacarlo. A min no seu día cando xa había o retrato del aí na parede xa me indignaba, no Concello de Oleiros non teño ningún retrato do rei, nin o vou ter, nin o vou ter en ningunha parede porque non teñen dereito ningún a estar, a pesar de que diga a Constitución e o outro.

E logo vides co tema da xustiza. Ese tema imos deixalo en suspenso. Resulta que non ten ningunha causa xudicial. Pero, somos idiotas os españois ou que pasa? Hai causas xudiciais que se cerran porque si, porque é don Juan Carlos I de España. Entón moitos dos que van a esas comilotas e a eses orxías e a esas cazas actúan nun momento determinado ao servizo, como se di, dos poderosos. E os poderosos sempre tiveron da súa man todo este persoal distribuído polas distintas administracións do Estado. Por tanto, eu non quero reis, non quero ninguén que mangonee o país, non quero que ninguén herde unha terra que é de todos e por iso me vou manifestar rotundamente a favor da moción.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas.

A ver, un pouco por contestar a todo o que se dixo. Conduta provocadora a nós parécenos que é aquela que non respecta a propia dignidade do seu cargo. Se o rei, polos seus propios actos, recoñece cando vai a unha regularización voluntaria que el agochara obrigas coa Facenda española, está claro que non é unha conduta nin moito menos exemplar. Se a continuación de ter feito iso, como os seus propios actos demostran, o seu seguinte acto público no Estado español é unha regata, a verdade é que a min non me parece demasiado exemplar.

Dicir tamén, que dicía o señor Bernardo Fernández, que as responsabilidades legais ou penais non esgotan as responsabilidades políticas, por iso eu penso que os cargos públicos temos responsabilidades políticas, non a xente común nós si temos responsabilidades políticas, e o rei é unha figura política; polo tanto hai unha obriga de exemplaridade, en canto tamén persoa que vive a cargo dos fondos públicos, que hai que exixirlle e que está sometido, digamos, a unha maior fiscalización que calquera outra persoa normal, que calquera outra persoa física ou xurídica porque é, insisto, unha figura política, como somos nós tamén figuras políticas e, polo tanto, creo que debemos ter unha obriga de responsabilidade e unha obriga de exemplaridade que non é a que ten a xente do común.

Dicía o señor Evaristo Ben que finalizaron as investigacións. Eu comparto a liña de discurso do compañeiro Sr. García Seoane. A ver, neste país as causas

relacionadas coa familia real non se caracterizaron nunca desde logo pola ecuanimidade nin a eficacia da xustiza. Eu creo que a todos nos sorprendeu no seu momento cando fora o do caso Nóos –por certo saíu con resultado de culpabilidade para un membro da Casa Real que acabou no cárcere–, sorprendíanos naquel momento o papel que tiña o fiscal, que actuaba máis ben como un avogado defensor. Ou cando se arquivan causas, ben... Non vou eu aquí agora poñer en dúbida por sistema a eficacia da xustiza, digo que parece que hai unha especial protección ou convivencia coa Casa Real. E dicía en todo caso que se iniciaron as investigacións a semana pasada por actuacións máis recentes relacionadas co pagamento destes voos para ir de novo a cacerías.

Agora existe outro rei, Felipe II, ao que se lle presume de momento unha conduta máis exemplar, e esperemos que así sexa. En todo caso, o que propoñemos non é unha reforma constitucional referida á figura de Felipe II, senón unha reforma constitucional que faga da figura da Casa Real unha figura responsable, como debe ser; non ten por que estar o rei fóra da lei, xa está abondo fóra da lei: o feito de que lle correspondan uns dereitos innatos polo feito de ser fillo do teu pai, que non están nada mal, senón que por riba ademais sexas irresponsable e inviolable. Por iso se propón esa figura que é a reforma do artigo 56, que está implícita no texto constitucional, que había que desenvolver, e está pendente de desenvolver mediante lei orgánica. Por tanto, cremos que é algo que falta por facer e ademais, permítome aventurar aquí, que se vai a acabar facendo, aínda que, insisto, exista ese consenso ou esa blindaxe ao redor da figura do rei.

Por último, o que dicía vostede en canto ao noso sectarismo e a comportamentos equivalentes aos de Robespierre e Torquemada, que non deixa de ser un dúo un pouco estraño para poñelos xuntos. A ver, aquí eu creo que aquí os que foron sectarios foron os que deron un golpe de Estado no 36 contra a lexitimidade e legalidade republicana, eses son os auténticos sectarios. Entón, a min leccións de democracia desde ese bando ideolóxico poucas se me poden dar, penso eu. Eu digo viva a República, viva a Segunda República. E digo que aqueles que atentaron contra eles non poden darlles leccións a ninguén neste país de lexitimidade democrática. Por tanto, coidadiño con iso, viva por suposto a Segunda República, somos republicanos, aspiramos a que un día recuperemos esa forma de goberno, pero leccións de democracia dos que atentaron contra a legalidade e a lexitimidade republicana e que nos impuxeron os grillóns de 40 anos de ditadura, pois a verdade é que non estamos dispostos a admitilas.

E paréceme ben, eu non esperaba outro resultado desta votación. Lamento, desde logo o Partido Popular eu penso que defende o que lles toca, creo que o Partido Socialista no futuro espero e agardo que vaia modificando a súa posición a este respecto. En todo caso, respecto a decisión que toman agora e nada máis.

Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Yo, Sr. García Seoane, se lo voy a decir y le pido, por favor, que no me lo tome como una desconsideración que no pretendo que lo sea. Yo escuchándolo a usted a veces es que no puedo resistirme a entender que usted está actuando sobre un papel porque, escuchando las declaraciones en los términos en los que usted se dirigen esta Cámara sin que el señor Presidente en ningún momento le corrija o le matice hasta el punto en que está usted excediéndose en los comentarios que hace, me parece intolerable, me parece más propio de esta noche a las 4 de la mañana estando con los amigos, que de esta institución aquí y ahora. Algunos no lo haríamos nunca. Me parece completamente impresentable lo que usted ha dicho. Y le voy a decir una cosa: se dirige usted al rey de España y a las conductas del rey de España, del rey emérito y el rey actual. No le he escuchado nunca hablar de la familia de la saga Castro, lo que ha hecho en Cuba, repartiendo miseria, encarcelando a gente, asesinando a gente, de eso no le he escuchado a usted hablar nunca. O igual quiere usted homologar al presidente de Nicaragua, el señor Ortega.

Mire, sus ejemplos, de verdad, ya se descalifican por sí mismos. Yo repito, usted viene aquí a representar un papel, estoy convencido de que usted en la intimidad no puede pensar así. Usted juega su papel, bien, está bien, aquí se lo toleran y a veces nos reímos y a veces nos sorprendemos y a veces, como es el caso de hoy, por esta intervención nos avergonzamos. Así se lo digo, nos avergonzamos por lo que dice y dónde lo dice, porque todos de alguna manera al no matizarlo, o no corregirlo, o no frenarlo, somos corresponsables de lo que usted dice, Sr. García Seoane, somos corresponsables. Yo no lo voy a ser y mi grupo tampoco.

Señor Lema, Felipe II hace ya mucho que no está entre nosotros, podemos hablar también de Carlos V de Alemania y I de España pero es un matiz. En todo caso, a mí me gustaría que su líder actual, no sé exactamente quién es, o el anterior Iglesias, ahora es no sé si Belarra o esta señora Díaz, que se den un paseo por Sanxenxo o por Pontevedra, como se dio el rey emérito cuando vino aquí, y ver cuál es la reacción de la gente del pueblo, la gente normal, la gente que está por la calle, recibido entre aplausos y aclamaciones. No es así como los reciben a ustedes últimamente. Y, por cierto, cuando hacemos conductas y hablamos de ejemplaridad, cuando usted presentó esta moción, aún no había dimitido la señora Oltra, aún no había dimitido, estaba el sábado pasado bailando. No se refiere a la ejemplaridad en este caso, no les he escuchado hablar de este tema. Cuando usted presentó esta moción aún la señora Oltra estaba siendo vicepresidenta de la Comunidad Valenciana y el sábado pasado bailando pero al final, claro, la fuerza de los hechos y la fuerza de la realidad la ha hecho dimitir, ha dimitido en Valencia por el voto de los andaluces.

Nada más y muchas gracias.

Sr. García Seoane

Eu para nada esperaba que vostede estivera de acordo comigo. Está claro que pensamos distinto. Eu nunca fago teatro, eu sempre digo o que creo e o que penso. Eu non son un falsario, non son un demagogo, digo as verdades, as miñas verdades e que están cotexadas a diario polos eventos que pasan, polas situacións que pasan no noso país. E por tanto ningún que ten que tolerarme porque eu loitei toda a miña

vida desde neno pola liberdade de expresión e ninguén me vai tolerar, cortarme o que eu penso cando falo. Poderase discrepar de min e intervir como interveu vostede, pero de cortarme non, de cortarme non porque eu sei a onde chego indubidablemente, e ademais todo o que digo está baseado en realidade e en vivencias nacionais. Todos vivimos esa situación do rei de España, dese señor Carlos I ou Juan Carlos I, é igual, creo que ten máis nomes, pois dese rei vivimos o que pasou.

Falaba vostede da guillotina, en Francia aos reis guillotináronos. Claro, este rei tamén vén de Francia, non vén de España. Temos un rei francés e unha raíña grega, manda truco! Grandes de España. Por tanto, eu do que dixen ninguén ten que estar de acordo comigo nin ninguén ten que corrixirme, poden dar outra opinión, pero do que eu digo non me retracto en ningunha das palabras.

E cando falei, que imaxino que se refire vostede a iso, de que hai un trato desigual da xustiza, é que non o vemos todos?, é que non vemos todos que hai un trato desigual da xustiza? É que non sabemos que o rei delinquiou en moitas cousas e que ao final non pasou nada? Está aí, só houbo un xuíz valeroso que meteu un dos membros da familia real no cárcere e custoulle ser marxinado por todo do mundo xudicial, pero estivo aí e meteuno ao final. Hai persoas na vida que indubidablemente teñen o valor e a forza suficiente, e a dignidade, que é o que hai que ter, para denunciar feitos como os que se denunciaron neste país. Por tanto, nin unha palabra teño que sacar.

E respecto sempre no Parlamento da nación, no Parlamento galego, en calquera sitio, os Castro, os Castro. Os Castro, hai un Castro que escribiu as páxinas máis brillantes da historia do século pasado, galego, un Castro galego que escribiu a páxina, é o líder máis grande do século pasado na historia do mundo, un revolucionario. Como ía ser entendido un revolucionario? Non, nunca sería entendido, e logrou que esa Cuba, que naceu da man de España, despois de exterminar todos os nativos que había alí e ocupala España con negros, fixo un país España naquela illa que é unha segunda España para quen non a coñeza, Cuba, e por tanto un país cunha dignidade tremenda que hoxe son cubanos e senten tremendamente a cubanía. Oxalá a sentiran moitos outros en moitas partes do mundo, mellor lle iría ao mundo se houbera moita xente como esa.

Por tanto, un orgullo de ser admirador como son eu de Fidel Castro, aínda que morreu, eu morrerei admirándoo, porque fixo unha revolución importantísima e levouna, expandiuna a outros pobos do mundo para liberarse, como case toda África e parte de Latinoamérica. Por tanto, eses si que son grandes, eses si que son grandes. Revolucionario, sen recursos, pisoteado, ultraxado, pero que non puideron con el, morreu na cama tranquilamente cando pretendían asasinalo 50.000 veces. Por tanto, nada que dicir máis sobre Castro. Viva Fidel Castro!

VOTACIÓN

Votan a favor: 6 deputados/as (4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 22 deputados/as (13 do PP e 9 do PSOE)
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Sr. Presidente

Seguimos coa seguinte moción presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ao novo mapa concesional de autobuses do Goberno central.

2.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular da Deputación da Coruña sobre o novo mapa concesional de autobuses do goberno central.

O Novo Mapa Concesional das liñas de autobús estatais, que o Goberno central presentou o pasado 26 de maio ás Comunidade Autónomas, supón unha aldraxe a Galicia, posto que propón reducir de xeito considerable a capacidade de mobilidade dos galegos, xa de por si condicionada pola situación xeográfica periférica, a dispersión e o avellentamento da poboación.

Este novo mapa, unha das 150 medidas incluídas na Estratéxica de Mobilidade Segura, Sostible e Conectada 2030 do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e no Anteproxecto de Lei de Mobilidade Sostible, prima a rendibilidade económica e a planificación urbana e metropolitana, que son as presentan unha maior demanda, en detrimento das zonas máis rurais.

Así, nesta nova planificación o Goberno de España pretende só cubrir servizos interautonómicos o que, de entrada, supón a perda de 76 itinerarios interiores, que ata o de agora se viñan prestando.

Ademais, modifica os tráficos interautonómicos ou redúceos de xeito drástico, prevendo só paradas nas capitais de provincia ou cidades principais, o que significa que 23 municipios quedarán sen parada e sen servizo, afectando a máis de 136.000 galegos.

Os concellos que quedarían sen parada das liñas de longa distancia serían: Lalín, O Porriño, Tui, Silleda, Chantada, Melide, Allariz, Arzúa, Guitiriz, Ribadavia, A Rúa, Monterroso, O Corgo, Palas de Rei, Forcarei, Quiroga, Baralla, A Pontenova, Meira, Riós, Trasmiras, As Nogais e A Mezquita.

Todos estes cambios suporán, ademais, que os usuarios terán que combinar diferentes liñas e facer transbordos en máis de 1.000 traxectos que ata agora se prestaban de xeito directo.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón neste pleno que se adopte o seguinte acordo:

Demandar ao Goberno de España que rectifique os criterios empregados no deseño do Novo Mapa Concesional das liñas de transporte por estrada da súa competencia e teña en contas as peculiaridades que ten Galicia no que respecta á dispersión territorial e poboacional, promovendo a prestación de servizos de transporte interautonómicos de calidade, que garantan, cando menos, as paradas e os tráficos

actuais, ademais das conexións directas existentes ata o de agora.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente de nuevo. Como la moción está perfectamente expresada y es muy breve, la voy a leer y básicamente presentamos esta moción en la idea que tenemos siempre de traer temas que afecten y preocupen a los vecinos de la provincia de A Coruña. En este caso hay dos municipios claramente afectados y una comarca en conjunto, que son los municipios de Melide y Arzúa y toda la comarca de Arzúa y Terras de Melide. En consecuencia, la moción es la siguiente:

(Le o texto da moción).

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Nós, moi brevemente, imos apoiar esta moción. Pensamos que é unha desas competencias que ten o Estado que sería perfecto que se solicitase a súa transferencia para que fose deseñado este mapa en coordinación co Estado desde Galicia. Creo que a propia exposición de motivos pon de manifesto que a distancia entre a Administración e a realidade que administra provoca estas distorsións.

E dicir, en último lugar, que tamén deberemos máis adiante facer extensible esta moción cara á propia Xunta de Galicia. Aquí na Coruña padecemos un mapa de transporte metropolitano completamente ineficaz que, desde logo, non serve para articular en absoluto esa comarca e que podemos tamén trasladar á totalidade do país. A verdade é que temos un transporte público de moi pouca eficacia, de moi pouca calidade. Xa se aprobou aquí algunha moción referida ao transporte en tren, que é unha competencia estatal, pero aquí o transporte que se fai por estrada, o transporte colectivo por estrada tamén a verdade é que é de moi baixa calidade e non responde ás necesidades do país nin moito menos.

Dicir tamén, sinalar, que a conselleira de Transportes, Ethel Vázquez, suscitou unha desas estrañísimas coincidencias ao consenso, como foi a de que ao seu concurso de licitación das liñas de transporte a nivel autonómico se lle situaran en contra tanto a patronal do transporte como os sindicatos. Creo que non hai síntoma mellor que este da súa ineficacia, ou da súa pobre, desde logo, concepción do transporte colectivo no noso país.

Nada máis. Imos apoiar esta moción e máis adiante traeremos unha moción que reclame a mellora do transporte a nivel galego.

Nada máis e grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día de novo.

Imos comezar a exposición de xeito construtivo e dicindo que, evidentemente, compartimos a preocupación e a valoración do impacto negativo que ten a planificación que recolle este novo mapa concesional.

Efectivamente, hai unha eliminación de paradas, pero ademais hai unha diminución de rutas e de servizos. Un recorte que a todas luces, ademais, vai prexudicar de xeito especial a veciñanza do rural, deixando unha vez máis que a xente que vive nas zonas máis despoboadas se vexa abocada ao uso do vehículo particular, co prexuízo e discriminación que isto supón no momento actual, cando a moita xente xa se lle fai insostible asumir o prezo de combustibles, e para moita outra pois xa non digamos acceder á compra dun vehículo.

Pero, ben, resulta especialmente rechamante que, cando estamos falando dunha planificación que se axusta a un momento coma este, como o actual, non se adapte a dar resposta a retos de futuro como é a cohesión territorial, a despoboación do rural, ou incluso pois a promover a redución de emisións e non contempla para nada as particularidades de asentamento poboacional que temos en Galicia. Penaliza, efectivamente, as poboacións máis reducidas e favorece aquelas de contornas urbanas ou próximos metropolitanos máis poboados.

Esta modificación, que implica recortes, súmase aos recortes en servizos ferroviarios nun escenario que, como xa dixen, penaliza os lugares con menor poboación e deixando de lado o obxectivo de contribuír a esa cohesión social e tamén favorecer que calquera cidadá ou cidadán de Galicia teña próximo e accesible o transporte público. Con todo isto, e coincidindo na análise e na importancia de facer esta reivindicación e anunciando o noso voto favorable, si que é verdade, é inevitable facer unha reflexión.

Resulta rechamante que sexa o Partido Popular, o mesmo partido que é o responsable do Goberno da Xunta, quen lle faga a crítica ao Goberno do Estado no seguinte sentido: reducir considerablemente a mobilidade dos galegos e galegas, iso si, cun criterio que non deixa de ser rechamante, situándonos como periferia, imaxino que sempre pensando que o lugar ao que desexamos viaxar é a Madrid, claro. Afeando que o novo mapa concesional se rexa por criterios economicistas e coa mirada dos servizos postos nas poboacións con máis habitantes; e que acuse do abandono da Galiza do rural en materia de servizos de transporte, cando, ao noso modo de ver, na planificación da propia Xunta en relación ao transporte metropolitano, o grande abandonado, o grande esquecido xustamente é o rural galego, deixando sen horarios, sen liñas unha gran parte dun territorio.

Eu veño da comarca de Ferrolterra, ben o sabedes, e que alguén me explique o doado que resulta viaxar de Ortegal a Ferrol para estudar, para traballar, para formarse ou para ir ao médico. Entón, neste sentido eu aproveito e introduzo un rogo aquí: gustaríame que houbera exactamente a mesma sensibilidade que se lle pide ao Goberno do Estado en relación a esta cuestión, ao Goberno da Xunta para que dunha

vez por todas poña solución a este desastre de transporte metropolitano, e á parte considero que é unha obriga dicilo, en sensibilidade e en solidariedade a toda esa xente que se ve prexudicada por esta catástrofe de planificación que están a sufrir no seu día a día.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo. Na liña das intervencións anteriores, nós imos apoiar a moción, compartindo a necesidade de mellorar esa proposta ao Goberno, pero tamén matizando que é unha proposta e que recentemente por parte do Ministerio se anunciou que se iniciarán as reunións coa Xunta para dar servizo aos concellos que quedan fóra nese mapa concesional e poder mellorar esa proposta. Polo tanto, hai vontade neste caso por parte do Goberno do Estado de mellorar esa proposta inicial, de chegar a acordos que poidan reverter esa situación que se derivaría no caso de que se aplicase tal e como se presentou inicialmente, que –repito– é unha proposta.

E isto tamén o digo en colación á última intervención, cando se fala do transporte metropolitano, desgraciadamente no caso do transporte metropolitano non temos esa receptividade por parte da Xunta de Galicia que xestiona ese servizo. É máis, as últimas comparecencias da conselleira, as declaracións di que o servizo funciona moi ben, que se fixeron grandes esforzos e que o funcionamento é perfecto. Algo que contrasta, xa non coa realidade que vemos nos concellos ou que podemos defender os distintos grupos que estamos nesta Corporación, senón co que din os propios usuarios e usuarias dese servizo, que levan queixándose dende hai máis dun ano cando se adxudicou ese novo contrato.

Inicialmente dicía a Consellería que eses primeiros fallos se debían a axustes polo cambio de empresa, ben, pois todo o mundo podía entendelo, levamos ano e medio aproximadamente co novo contrato e séguense axustando. Supresión de liñas sen previo aviso, autobuses que non chegan, autobuses que chegan antes de tempo e non esperan, liñas que non se axustan na tempada estival tendo en conta o incremento de pasaxeiros que hai nos distintos concellos, horarios que non se axustan á demanda de moitos dos usuarios e que antes si se axustaban, por exemplo, a xente que vai estudar ás universidades ou que traballa nos centros médicos da Coruña ou Ferrol, eles mesmos trasladaron esa queixa aos medios de comunicación en diversas ocasións.

Polo tanto, son moitísimas as deficiencias que ten ese prego sen que se acabe de asumir por parte de quen ten a capacidade de solucionalo que hai un problema. Polo tanto, dificilmente imos atopar, como digo, algunha solución a isto. Se o médico nega que hai enfermidade, loxicamente non vai haber ningún tratamento para ela. Por iso quero poñer de manifesto, neste caso, a vontade do Goberno a sentarse, neste caso, coa Xunta para atopar unha solución e para mellorar esa proposta, fronte á actitude da Xunta de Galicia que se senta e escoita pero a súa máxima responsable neste caso, neste ámbito, que é a conselleira de Infraestruturas, di que o servizo funciona perfectamente.

A verdade é que un bo exemplo de que non funciona perfectamente é que só

nos dous primeiros meses –estaba lendo aquí que o tiña apuntado antes– de 2022, houbo dous cambios de frecuencia (un no 10 de xaneiro e outro 2 semanas despois), todos eles foron insuficientes.

Falaba antes o voceiro do Partido Popular de que esta cuestión que estamos a tratar nesta moción, que afecta sobre todo concretamente a dous concellos, que é verdade, Palas e Melide, a cuestión da que estou a falar afecta aos concellos de Ferrol, Narón, Neda, Fene, Ares, Mugardos, Cabanas, Capela, As Pontes, Monfero, Vilarmaior, Irixoa, Miño, Paderne, Betanzos, Bergondo, A Coruña e podería continuar. Polo tanto, xa anuncio aquí hoxe que no seguinte pleno imos traer unha moción, similar a esta, exixindo neste caso a quen ten a competencia, que é a Xunta de Galicia, para que adopte as medidas necesarias correctoras, empezando por asumir que hai un problema coa prestación dese servizo, e espero que, por parte do grupo propoñente desta moción, poidamos ter o mesmo apoio que lle imos brindar ao resto de grupos hoxe á moción que eles presentan, entendendo que a súa preocupación polo transporte de viaxeiros na nosa comunidade non se circunscribe só a aquelas liñas que teñen que ver co Goberno do Estado, senón que tamén a aquelas que teñen que ver con outras administracións, neste caso nomeadamente coa da Xunta de Galicia.

Polo tanto, repito, o noso voto vai ser favorable e xa anuncio, para que o saiban todos os grupos, que no seguinte pleno traeremos unha moción sobre o transporte metropolitano.

Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

"Moción que presenta o Grupo Provincial Popular da Deputación da Coruña sobre o novo mapa concesional de autobuses do goberno central.

O Novo Mapa Concesional das liñas de autobús estatais, que o Goberno central presentou o pasado 26 de maio ás Comunidade Autónomas, supón unha aldraxe a Galicia, posto que propón reducir de xeito considerable a capacidade de mobilidade dos galegos, xa de por si condicionada pola situación xeográfica periférica, a dispersión e o avellentamento da poboación.

Este novo mapa, unha das 150 medidas incluídas na Estratexa de Mobilidade Segura, Sostible e Conectada 2030 do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e no Anteproxecto de Lei de Mobilidade Sostible, prima a rendibilidade económica e a planificación urbana e metropolitana, que son as

presentan unha maior demanda, en detrimento das zonas máis rurais.

Así, nesta nova planificación o Goberno de España pretende só cubrir servizos interautonómicos o que, de entrada, supón a perda de 76 itinerarios interiores, que ata o de agora se viñan prestando.

Ademais, modifica os tráficos interautonómicos ou redúceos de xeito drástico, prevendo só paradas nas capitais de provincia ou cidades principais, o que significa que 23 municipios quedarán sen parada e sen servizo, afectando a máis de 136.000 galegos.

Os concellos que quedarían sen parada das liñas de longa distancia serían: Lalín, O Porriño, Tui, Silleda, Chantada, Melide, Allariz, Arzúa, Guitiriz, Ribadavia, A Rúa, Monterroso, O Corgo, Palas de Rei, Forcarei, Quiroga, Baralla, A Pontenova, Meira, Riós, Trasmiras, As Nogais e A Mezquita.

Todos estes cambios suporán, ademais, que os usuarios terán que combinar diferentes liñas e facer transbordos en máis de 1.000 traxectos que ata agora se prestaban de xeito directo.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón neste pleno que se adopte o seguinte acordo:

Demandar ao Goberno de España que rectifique os criterios empregados no deseño do Novo Mapa Concesional das liñas de transporte por estrada da súa competencia e teña en contas as peculiaridades que ten Galicia no que respecta á dispersión territorial e poboacional, promovendo a prestación de servizos de transporte interautonómicos de calidade, que garantan, cando menos, as paradas e os tráficos actuais, ademais das conexións directas existentes ata o de agora."

Sr. Presidente

Outra moción presentada polo Grupo Provincial Popular sobre a proposta do Goberno de España dun plan de medidas urxentes extraordinarias en defensa das familias e a economía española.

3.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular sobre a proposta ao goberno de España un plan de medidas urxentes extraordinarias en defensa das familias e a economía española.

A escalada de prezos da enerxía, dos combustibles e das materias primas está a provocar un impacto moi relevante na economía das familias e das empresas, unha situación que se viu agravada tras a invasión rusa de Ucraína. Esta circunstancia obriga ás administracións públicas a reaccionar e adoptar con urxencia medidas que sirvan como resposta ás necesidades dos sectores impactados e da poboación en xeral.

Galicia anticipábase -ante a inacción do Goberno central- aprobando, no ámbito das

súas competencias, un plan de choque autonómico que incluía unha serie de medidas coincidentes coas recomendacións dos principais expertos económicos.

De xeito paralelo a esta reacción do Goberno galego o Parlamento de Galicia aprobaba na sesión plenaria que tivo lugar o 5 de abril de 2022, unha proposición non de lei do Grupo Popular que incluía 28 medidas, 14 delas dirixidas ao Goberno de España e outras 14 á Xunta de Galicia, para facer fronte á crise inflacionista.

O acordo final, fronte ao que non se rexistrou ningún voto en contra, instaba aos distintos gobernos a poñer en marcha unha baixada dos impostos e do prezo da enerxía; no ámbito da política fiscal; axustes estruturais; e medidas de apoio para os sectores máis afectados.

A Xunta de Galicia está a desenvolver as medidas incluídas no plan de choque autonómico, de feito, o seu grado de execución é moi elevado. Hai iniciativas en marcha no ámbito turístico (Bono turístico), enerxético (Bono Social Térmico, Bono Enerxía PEME), de apoio empresarial (liñas de axudas e avais do IGAPE, Plan renove automoción), no transporte público (inxección extraordinaria), medio rural (anticipo da PAC, financiamento circulante por parte dos gandeiros, Axencia de información e control alimentario de Galicia, Observatorio da cadea alimentaria de Galicia, Observatorio lácteo) e marítimo (exención de taxas portuarias e anticipo de axudas ordinarias), entre outras.

Todas estas accións lideradas desde Galicia contrastan coa falta de reacción, pouca axilidade e improvisación que caracteriza á acción do Goberno que preside Pedro Sánchez, ao longo da actual crise.

España leva meses vivindo as consecuencias dunha política irresponsable, que os cidadáns están notando nos seus petos. O Executivo central carece dunha estratexia que permita garantir a familias, pemes, autónomos e a todo o tecido empresarial e industrial uns prezos enerxéticos estables e unha contención no prezo dos produtos máis básicos e das materias primas, que evite que sigamos a bater máximos históricos e subidas descontroladas que parecen non ter límites.

Doutra parte, o deseño unilateral do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia por parte do Goberno de España, sen contar de maneira real e efectiva cos axentes económicos, nin co resto das administracións territoriais -en particular coa Xunta de Galicia- está a poñer en perigo o aproveitamento desta oportunidade histórica de transformación económica.

Nunhas semanas chegarían a España 31.000 millóns procedentes da Comisión Europea, pero en 2021 "o impacto foi practicamente nulo polos atrasos na execución" segundo a Airef, e en 2022 non se observan grandes avances, máis aló das transferencias intra-administrativas coas que maquillan os datos ante Comisión, á vez que se pretende converter ás Comunidades Autónomas e Concellos en meros xestores administrativos con pouca marxe de actuación para corrixir as decisións adoptadas polos Ministerios.

Diante da actual situación económica e conscientes da responsabilidade que o Partido Popular ten como alternativa de Goberno no conxunto de España, promovemos -en colaboración con diferentes axentes da sociedade civil que

colaboraron na elaboración desta iniciativa unha batería de propostas realistas e que poden acometerse de xeito inmediato en catro áreas prioritarias: A racionalización do gasto burocrático e político do Goberno; o redeseño dos fondos europeos para facelos máis útiles; e reformas estruturais a medio prazo para incentivar a actividade económica.

En paralelo, e tal e como fixemos coa iniciativa aprobada polo Parlamento de Galicia, insistimos na oportunidade e necesidade dunha baixada de impostos selectiva e inmediata que complementa as reducións de impostos que veñen aplicando as Comunidades Autónomas gobernadas polo Partido Popular -entre elas Galicia- de xeito que tamén o Goberno de España adopte medidas co obxecto de devolver a sobre-recadación ao peto dos contribuíntes, especialmente na daqueles con menores rendas do traballo, e nos que o incremento do IPC fai maiores estragos.

Neste punto, e en base ás estatísticas de recadación hai marxe para actuar sen afectar o financiamento dos servizos públicos fundamentais, utilizando a marxe de entre 7.500 e 10.000 millóns de euros de sobre-recadación, que pode verse ampliado se continúa o aumento da inflación; o máximo aproveitamento do financiamento europeo; a procura na eficiencia do gasto público e a posta en marcha de reformas estruturais para a dinamización económica, a creación de emprego e a mellora da produtividade.

En definitiva, trátase de complementar a nivel estatal as medidas xa propostas desde a Cámara galega e insistir en aquelas que, aínda que xa estaban contempladas nas peticións formuladas desde Galicia, o Goberno de Pedro Sánchez aínda non as executou.

Resulta imprescindible, en consecuencia, que desde todos os ámbitos políticos, tamén desde os concellos galegos, impulsemos acordos que, desde o punto de vista construtivo e leal, teñan como finalidade traballar polas familias e empresas do noso país.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte proposta de acordo:

"O Pleno da Corporación Provincial acorda:

PRIMEIRO.- Dirixirse ao Goberno de España co obxecto de que adopte as seguintes medidas:

1).- Deseñe un Plan Nacional para a mellora da efectividade e calidade do gasto público que permita establecer medidas para a modernización e reforma de todas as Administracións Públicas (estatal, autonómicas e corporacións locais) que fagan posible un aforro e racionalización do gasto.

2).- Mellore o deseño do Plan Recuperación Transformación e Resiliencia para facelo máis áxil de maneira que o financiamento chegue ás empresas e familias de forma inmediata e para que as reformas sexan transformadoras; intensificando entre outras medidas, o uso de incentivos fiscais extraordinarios e temporais, aplicables a investimentos que fagan fogares e empresas que se consideren que contribúan á mellora da cohesión social e a capacidade de reacción diante das crises destinados a investimentos en materia de transformación e dixital e eficiencia enerxética,

financiables para a Facenda Española con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, destinando polo menos un 7% do PRTR, a esta finalidade (4.900 millóns).

3).- Inicie a implementación dun paquete de reformas estruturais para incentivar a actividade económica.

4).- Promova unha baixada de impostos de impostos selectiva, inmediata e temporal sobre os sectores máis afectados pola inflación, e para rendas baixas e medias cuantificada nunha pinza de entre 7.500 e 10.000 millóns de euros que contemple como posibles medidas, a adoptar ben en solitario ou ben de forma combinada as seguintes:

a) No IRPF deflactar a tarifa do IRPF nos tres primeiros tramos (ata 40.000 euros).

b) Crear no IRPF unha nova figura no mínimo persoal e familiar para rendas baixas e medias que se sitúan entre os 14.000 e os 22.000

c) Adaptar as retencións e pagos fraccionados para que as medidas de fiscais aprobadas teñan impacto automático e con efecto retroactivo desde o pasado 1 de xaneiro na economía das familias, empresarios e profesionais de forma inmediata.

d) Establecer un imposto negativo articulado como pago anticipado (axuda directa de entre 200 e 300 euros anuais que poderán obtela de forma anticipada) para persoas especialmente desprotexidas polo incremento do IPC para as rendas do traballo e de actividades económicas máis baixas sobre as que non hai obrigação de reter (caso xeral 14.000 euros, que pode chegar ata os 17.600 euros aproximadamente en función das circunstancias persoais e familiares do contribuínte), e coordinado coas axudas que se poidan recibir desde o Ingreso Mínimo Vital ou desde o Bono Social Eléctrico e do Bono Social Térmico, así como do resto de prestacións sociais que se prestan desde CCAA e Concellos Imposto negativo.

e) Aprobar para autónomos e profesionais a redución da tributación en estimación obxectiva en IRPF(módulos) e do réxime simplificado en IVE e réxime especial de recarga de equivalencia naqueles sectores especialmente afectados polo incremento de prezos e custos.

f) Introducir no Imposto de Sociedades un novo suposto de liberdade de amortización no artigo 12.3 LIS para este tipo de investimentos en eficiencia enerxética, cando cumpran os requisitos que se establezan regulamentariamente. Esta liberdade de amortización reservárase para os investimentos con nivel elevados de mellora da eficiencia enerxética (de modo similar a como se regularon distintas porcentaxes de dedución en DAA 50ª LIRPF, introducida por art. 1.2 da Real Decreto-lei 19/2021, do 5 de outubro), establecéndose nos casos nos que non se alcancen devanditos niveis, medidas de amortización acelerada (duplicando os coeficientes máximos de amortización do art. 12.1.a) LIS).

g) Baixar de maneira temporal o IVE do gas e a electricidade do 10% ao 5%, e impulsar a rebaixa do Imposto Especial de Hidrocarburos coa finalidade reducir a carga impositiva dos tributos indirectos do IVE e Impostos Especiais que gravan o consumo enerxético. Con iso preténdense dous efectos, dunha parte, liberar recursos na economía familiar e das empresas, e á súa vez contribuír á simplificación e a

eficiencia ao aforrar custos de xestión, tendo en conta que sobre este tipo de imposición veñen realizando bonificacións e subvencións que complican a xestión, engaden carga burocrática para a administración, as empresas e os consumidores.

SEGUNDA.- Dirixirse á Xunta de Galicia para que continúe desenvolvendo as medidas previstas no Plan de Choque Autonómico e, en particular, asuma como propias as medidas aprobadas polo Parlamento de Galicia o 5 de abril de 2022, para facer fronte á crise inflacionista e ás consecuencias derivadas da invasión de Ucraína.

Sr. Rodríguez Martínez

Bo día a todos. Na liña da anterior moción, traemos outra cuestión que pensamos que é un tema de interese e sobre o que hai que actuar e hai que actuar xa sen máis demora. É evidente que a escalada de prezos da enerxía, dos combustibles, das materias primas, está a provocar un impacto negativo e moi importante na economía das familias e das empresas no noso país, situación que se viu agravada aínda máis pola crise provocada pola invasión rusa en Ucraína.

Ante esta situación, todas as administracións, no ámbito das súas respectivas competencias, están obrigadas a reaccionar e a adoptar coa máxima urxencia medidas que sirvan como resposta, tanto aos sectores máis afectados como á poboación en xeral.

En Galicia xa se fixo; por unha banda, a Xunta aprobou no ámbito das súas competencias un plan de choque autonómico e, por outra, de xeito paralelo o Parlamento de Galicia aprobou tamén xa no mes de abril unha proposición non de lei que foi aprobada sen ningún voto en contra e que incluía 28 medidas, 14 delas dirixidas ao Goberno de España e outras 14 dirixidas á Xunta de Galicia, para facer fronte a esta crise. Incluía unha batería de medidas que ían dende unha baixada de impostos do prezo da enerxía, así como axustes estruturais e tamén medidas de apoio para os sectores máis afectados.

Fronte a esta actuación dilixente, tanto por parte do Goberno galego como do seu Parlamento, estamos a contrastar unha falta de reacción, unha pouca axilidade, ou mesmo improvisación por parte do Goberno estatal, polo menos ata hai escasamente unhas horas. Evidentemente, parece que hai un antes e despois logo das eleccións en Andalucía celebradas o pasado domingo pero, en calquera caso, o que si é evidente é que o Goberno central carece dunha estratexia válida que permita garantir a familias, a pequenas e medianas empresas, autónomos e a todo o tecido empresarial e industrial uns prezos enerxéticos estables e unha contención dos produtos máis básicos e das materias primas que evite que sigamos a bater máximos históricos e subidas descontroladas que parecen non acadar nunca o seu teito.

Tampouco axudou a paliar esta situación o deseño de xeito unilateral do Plan de recuperación, transformación e resiliencia por parte do Goberno, sen contar con axentes económicos, nin co resto das administracións implicadas no desenvolvemento desas medidas, plan que foi salvado *in extremis* polos votos nunca

gratis do independentismo, neste caso vasco.

Diante desta situación, dende o Partido Popular, asumindo o seu rol de alternativa ao Goberno no conxunto do Estado, promoveu unha batería de propostas realistas, consensuadas con diferentes axentes da sociedade civil, que colaboraron na súa redacción, e que se agrupan en catro eixos prioritarios: racionalización do gasto burocrático e político do Goberno; redeseño dos fondos europeos para facelos máis áxiles e útiles; reformas estruturais a medio prazo para incentivar a actividade económica; e, por último, baixada de impostos selectiva e inmediata que complemente a redución de impostos, por exemplo, que de xeito tamén transitorio acordou xa o Goberno galego.

Polo tanto, pensamos que é algo que se pode desenvolver, a día de hoxe hai marxe para actuar sen afectar ao financiamento dos servizos públicos esenciais, utilizando unha marxe de entre 7.500 e 10.000 millóns de euros, que é a sobre recadación como consecuencia da inflación que padece dende hai meses o noso país. Non se trata ademais de devolver este diñeiro, senón de reinvestilo de xeito que axude ás familias que máis o necesitan e tamén ao tecido industrial empresarial do noso país.

Por non estenderme máis, simplemente a modo de resumo, o acordo que se solicita adoptar ao Pleno desta Corporación consta de dous puntos:

O primeiro é dirixirse ao Goberno do Estado para que adopte as seguintes medidas: a primeira, deseñar un plan nacional para a mellora da efectividade e calidade do gasto público que permita establecer medidas para a modernización e reforma de todas as administracións públicas.

Segundo, que mellore o deseño do Plan de recuperación, transformación e resiliencia para facelo máis áxil, de maneira que o financiamento chegue ás empresas e ás familias de forma inmediata.

En terceiro lugar, que inicie a implementación dun paquete de reformas estruturais para incentivar a actividade económica.

E punto cuatro, que promova unha baixada de impostos selectiva, inmediata e temporal sobre os sectores máis afectados pola inflación e para as rendas básicas.

A modo de resumo das máis destacadas, evidentemente unha deflexión da tarifa do IRPF cun efecto retroactivo dende o pasado 1 de xaneiro, que se aplicará de xeito inmediato a través da revisión das retencións para que poida ter ese impacto directo nas rendas de traballo menores, é dicir, aquelas que están por debaixo dos 40.000 €, e tecnicamente isto non se trata dunha baixada de impostos, pero si de evitar que sufran, vía impositiva, os efectos da inflación. Polo tanto, recóllese tamén un novo mínimo persoal e familiar para rendas de entre 14.000 e 22.000 €; e o establecemento dun imposto negativo, a modo de dedución, como serían as rendas máis baixas sobre as que non existe a obriga de reter e ademais coordinado co ingreso mínimo vital, o bono social eléctrico ou o bono social térmico.

Tamén medidas relativas a impostos sobre a enerxía, como é a redución do IVE, que anunciou onte o presidente do Goberno, que viña sendo reclamada, formaba parte deste plan de medidas, rebaixar o IVE da electricidade e do gas por debaixo do 10%, ata incluso o 5%, como finalmente se vai facer e, insisto, pensamos que o Goberno ten marxe para estas e outras medidas que aí se inclúen.

No segundo punto, ao que se refire a nosa moción: dirixirse á Xunta de Galicia para que continúe desenvolvendo as medidas previstas no seu plan de choque e, en particular, asuma como propias as medidas aprobadas polo Parlamento de Galicia que antes mencionei.

A min gustaríame que continuáramos coa senda iniciada na anterior moción, que todos coincidíramos en que a situación é extraordinaria, que require incluso tamén posturas extraordinarias, como pode ser que se suscite a unanimidade respecto desta moción, tendo en conta ademais que, a prol de facer un acordo construtivo, un acordo leal, esta proposta foi remitida, evidentemente, si, esta moción presentouse nun papel timbrado coas nosas siglas, pero esta foi unha proposta remitida ao presidente do Goberno nun papel sen siglas.

Polo tanto, esperamos que se poida seguir nesa senda iniciada dende o domingo de asumir como reais, como posibles medidas que antes se tildaban como cosméticas, por exemplo, a baixada da luz, como que hoxe mesmo se anunciou dun posible cheque que podería beneficiar máis de catro millóns de familias, nesa liña habería que falalo, habería que velo, pero que este cambio de rumbo obedeza ás eleccións do pasado domingo, pois ten unha parte boa e unha parte mala. A parte mala é que, evidentemente, a gravidade da situación exixía que estas medidas foran consensuadas, foran discutidas, foran adoptadas con anterioridade a que houbera finalidades electoralistas que así as xustificaran. A boa nova é que, se todo isto dependía dun batacazo electoral do señor Sánchez, pois tarde e mal, pero probablemente haberá máis ocasións de que poida seguir rectificando.

Máis nada e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas.

A política económica non é neutral, non é técnica, senón que é o campo do ideolóxico. Cando un propón baixar impostos, iso, sen dúbida, vai beneficiar alguén, e cando propón aumentar o gasto público, tamén sen dúbida vai beneficiar determinados sectores sociais. Estamos, polo tanto, non no campo do técnico nin da xestión, estamos nun campo puramente ideolóxico, como é a política económica.

O Partido Popular, como algún destes médicos de familia do noso rural, sempre ten a mesma receita, suceda o que suceda, o Partido Popular sempre vai propoñer que se baixen impostos. É unha medida clasista, é unha medida que está destinada a favorecer determinadas rendas. Pero eu, a verdade, é que discrepo por

exemplo, cando propón vostede rebaixar, poñer o marco nos 40.000 euros para a rebaixa do IRPF, o certo é que neste país 40.000 non son nin moito menos clase media. Ou sexa, o salario real medio en Galicia anda polos 24.000 €. Que máis nos gustaría ca que tivéssemos este salario!, pero, desde logo, non é a realidade do noso país.

Pero imos centrarnos na parte dos impostos ao consumo, que teoricamente podería ser un ámbito no que estaríamos de acordo. O certo é que isto xa se ten feito e fracasou. O certo é que o Goberno central, antes das eleccións andaluzas, xa propuxo unha rebaixa do IVE, a tarifa do 10% na tarifa eléctrica, e o sector privado, as enerxéticas compensaron aproximadamente en 10 días, 15 días, esa baixada do IVE subindo o prezo da luz. Polo tanto, en absoluto contivo a inflación, o que fixo simplemente foi aumentar os ingresos escandalosos do oligopolio enerxético neste país.

Tamén anticipamos que a rebaixa que anuncia o Goberno no combustible dese 5% vai sufrir o mesmo resultado; automaticamente dentro dun tempo determinado, recuperará o limiar de prezo de venda ao público anterior e volverá a custar o mesmo. Iso si, o Estado terá cedido graciosamente a mans privadas certos ingresos que viña obtendo por esa vía. Por tanto, o que dicimos é que esta vía, a da rebaixa fiscal tamén ao consumo, xa demostrou a súa ineficacia, xa demostrou que non funciona, xa aconteceu. Este bálsamo que vostedes aplican en calquera contexto non é eficaz; só serve para que o Estado teña menos ingresos.

Por tanto, eu o que penso é que sería conveniente que vostedes dixeran de onde pensan recortar, porque vostedes o que están propoñendo é que o Estado ingrese menos pola vía da tributación, ou ben directa do IRPF ou ben indirecta dos impostos ao consumo. Polo tanto, señor Rodríguez, complete vostede o seu discurso. Cando vostede fala aquí, case case que é un mantra, de optimizar, racionalizar o gasto público, moi ben, pero o que demostran os seus feitos no pasado cando vostedes estaban no Goberno é que vostedes recortaban, recortaban en servizos públicos esenciais, recortaban en sanidade, recortaban en educación, recortaban tamén nas pensións. Cando vostedes falan de cambios estruturais, o que demostran os feitos recentes é que vostedes o que facían era flexibilizar nos seus propios termos, é dicir, empeorar as condicións do mercado laboral. É iso un pouco o que está de novo no horizonte.

Por último, para ir rematando, o Estado, segundo a súa propia propaganda alarmista, estase enfrontando a unha situación de déficit, é dicir, de débeda pública, o cal é certo; o Estado español está nunha situación de débeda pública alarmante. Isto vén derivado, por certo, de que socializase no seu momento, no ano 2011, as perdas do sector privado; porque aquí ás veces somos comunistas cando determinados sectores privados económicos fracasan, fracasan na competencia do libre mercado, o Estado acode inmediatamente cos cartos de todos ao seu rescate, e internaliza neste caso 30.000 millóns de euros de débeda pública que agora mesmo van ter que ser pagados por todos os españolitos e tamén, por suposto, polos galegos. Por certo, o señor que fixo iso no seu momento, o perpetrador dun dos maiores talvez roubos legais á Facenda pública española da súa historia, o señor De Guindos, está agora no

Banco Central Europeo, vicepresidindo esa entidade e dicindo que hai que aplicar man dura. Aquel que nos obrigou a todos a asumir débedas, fracasos da industria privada a nivel estatal, dinos agora desde Europa, onde xa está feito un europeo, tecnócrata europeo do bando dos falcóns, seica, estanos dicindo que non, que o Banco Central Europeo ten que deixar de comprar débeda pública e que hai que apertar o cinto. Por certo, apertar o cinto que el mesmo no seu día aquí xa nos obrigou a todos a engordar de xeito artificial, porque sen dúbida foi el un dos responsables desa política ruinosa. El dicía, por certo, que ía devolvernos ata o último euro; non nos devolveron nin un euro, deses 30.000 millóns non nos devolveron nin un euro, e aí está dando leccións agora de ortodoxia e de rigor económico na vicepresidencia do Banco Central Europeo.

Pero o que quero dicirlles con isto é o seguinte: vostedes propoñen aquí rebaixas fiscais e ao mesmo tempo están alarmando a opinión pública, e digo que con certa parte de razón, sobre o crecemento da débeda pública española, nun contexto no que o Banco Central Europeo se sospeita que vai ter unha política..., ben, que vai deixar de comprar débeda pública como está facendo ata agora. Entón, eu quero que me expliquen vostedes como se fai para pagar débeda pública ingresando menos porque, desde logo, arte de maxia non existe. Vostedes son responsables, ou deben selo nun futuro, ou fórono no pasado, da xestión das contas do Estado, se incrementan vostedes as súas obrigas cos seus acredores e ao mesmo tempo propoñen ingresar menos, quero que me expliquen como cadran as contas. Como un debe máis cartos e ingresa menos. Porque iso, a súa fórmula no pasado, o que foi, foi unha fórmula –insisto– de socialización da débeda, é dicir, recortes e tamén perda de dereitos sobre todo no ámbito laboral.

Nós pensamos xusto o contrario, nós pensamos que imos ser neste caso constitucionalistas. Indican os capítulos económicos da Constitución Española que a fiscalidade debe ser directa e progresiva, aplíquese a aqueles beneficios extraordinarios que están acadando nestes momentos as enerxéticas do país, tanto aquelas dedicadas á comercialización do combustible como tamén, por suposto, as que se dedican ao mesmo sector no ámbito da electricidade.

Pensamos que este tipo de medidas que propón o Partido Popular xa demostraron o seu fracaso, non no pasado cando vostedes gobernaban no Goberno do Estado, senón no pasado inmediato cando tamén gobernaba, neste caso o Partido Socialista, que xa, insisto, se viu inmediatamente compensada polo mercado esa rebaixa do IVE. E por todas estas razóns nós imos votar en contra desta proposta.

Sr. García Seoane

Moi breve. Vou votar que non a esta proposta porque eu entendo que o país non está para rebaixar taxas e impostos, na situación en que nos atopamos. E a realidade no país é que hai un consumo tremendo, non sei se a xente acumulou cartos a raíz do Covid, pero hai un consumo tremendo en todos os aspectos, e baixar impostos e taxas é gravar tremendamente as arcas do Estado.

Eu poño un exemplo, noutros tempos falábase tamén de que os concellos tiñan que rebaixar taxas e impostos. A inmensa maioría lanzáronse, electoralmente

sempre, claro, a baixar o IBI, a baixar non sei que, a baixar non sei canto, e hoxe están na ruína económica, a maior parte dos concellos de España están que podían poñer cerrado por déficit de caixa. É un desastre a situación que se creou con esas políticas de baixar impostos.

Os impostos teñen que ser xustos e as taxas igual, pero o que non se pode é eliminar aquilo que garante que os servizos do Estado funcionen. Por tanto, se queremos que funcione a sanidade, se queremos que funcione a educación, se queremos que o Estado no seu conxunto funcione, non se poden minguar ingresos, máis nun momento en que electoralmente a case totalidade dos partidos, menos Oleiros, menos Alternativa dos Veciños, aplican a nivel do Estado. É dicir, dádivas por todos os lados, douche aquí douche alí... Estes días están anunciando 300 €, que amaña 300 € neste momento a calquera familia? Pois moitas desas que eu coñezo van coller eses 300 e vanse a pegar unha comilona de carallo. E ese é o tema, e como esas políticas hai outras.

É distinto o tema do imposto eléctrico, hai cousas distintas e dispares, pero hai moitas que se foi o diñeiro pola rede de sumidoiros, e pola rede de sumidoiros s seguirá indo e daquela si que imos levar o país a unha situación grave.

Claro, eu entendo que ao Partido Popular lle interese neste momento, á marxe de que Feijóo está levantando o Partido Popular cara a arriba e que ten posibilidades de chegar ao Goberno, pero que lle interese eliminar o antes posible o Goberno, que non sei a que vén iso do Goberno, ese nome que lle poñen de fantasma, non me acordo como lle chaman, Frankenstein. Eu non sabía que era Frankenstein o Goberno, pero ben, é unha forma de facer política barriobajera nese aspecto. E, por tanto, eu deséxolle que governe quen governe, e se lle toca ao goberno do Partido Popular gobernar no seu momento porque ten esa posibilidade, pois olé, pero cando vostedes gobernen, apliquen esas políticas, cando vostedes gobernen, pero agora deixen que os demais apliquen as que teñen e non llelas queiran impoñer.

Sra. Muíño Filgueira

Imos empezar na senda da cordialidade e, efectivamente, imos coincidir con que estamos nun momento que ningún grupo político debe relativizar, creo que non temos que profundar no impacto severo do incremento do custo da vida en calquera familia, especialmente, evidentemente, aquelas que contan con rendas máis baixas. Polo tanto, eu creo que non imos discutir a necesidade de activar medidas urxentes que contribúan a que ás familias se lles minorice o impacto no seu día a día. Que sucede? Si que é verdade que, facía o Sr. Rodríguez mención á aprobación sen ningún voto en contra, pero tamén é certo que cos votos a favor en solitario do seu grupo, non houbo tanta man tendida nin cordialidade á hora de recibir achegas ou emendas, está ben sempre pedir, pero, ben, ás veces tamén... Entón, compartimos cuestións, incluso en relación á baixada de impostos, que son propostas do BNG, sempre contempladas de xeito puntual para algunhas cuestións, atendendo ao momento no que nos atopabamos; pero tamén é certo, e acabámolo de ver, como as bonificacións non resoven o problema do incremento, e dicía o Sr. Rodríguez tamén, non se sabe ata cando, dos prezos.

Evidentemente, para falar realmente de solucións, o BNG entende que hai que ir máis alá, hai que mirar a outro tipo de medidas de máis profundidade, de carácter máis estrutural, identificando aquelas cuestións que especialmente si están penalizando as economías familiares: imos ao prezo da enerxía, prezo dos combustibles, prezo da vivenda. Aí serían as cuestións que teríamos que ter propostas enriba da mesa, ser quen de debater para realmente estar falando dunha situación de dar solucións.

(Incorpórase á sesión o Sr. Alfonsín Somoza).

Non obstante, esta moción que, ademais, ten un título moi estético, que di “medidas urxentes extraordinarias en defensa das familias e a economía española”. Das familias, si, pero aí é onde entra en conflito coa oposición coherente do Partido Popular; si que é verdade supoño que, cando se formula o incremento do Ingreso Mínimo Vital e o Partido Popular vota en contra, non eran as mesmas familias; cando se fala de incrementar o salario mínimo ás rendas máis baixas e o Partido Popular vota en contra, non estamos falando da economía e dos dereitos das familias. Porén, as receitas que aparecen nesta proposta non son para nada innovadoras, son receitas que xa coñecemos na súa aplicación, baixada de impostos e a clave máis interesante de todas no punto 1: Diseña un plan nacional para a mellora de efectividade e calidade do gasto público que permita establecer medidas para a modernización e reforma de todas as administracións públicas; é dicir, contención do gasto público.

O Sr. Rodríguez é moi elegante e sábeo expresar moi ben e ata case a todos nos entraría ganas de entrar pola tira, pero non. Cando falamos de contención do gasto público estamos falando de servizos públicos, servizos de todos e todas, os que crean cohesión, os que crean igualdade e os que crean equidade. Se de verdade lle explicamos á xente que o que se está propoñendo aquí é que vai haber que recortar máis en sanidade, son receitas que xa coñecemos porque xa se aplican; hai que recortar máis en educación pública, e seguramente se repetirá o mantra do transporte público, e os máis penalizados e penalizadas sexan os centros que menos alumnado teñen, é dicir os rurais, por exemplo, eses son os resultados desta receita que sae da baixada de impostos.

Entón o BNG di que si, medidas extraordinarias, baixadas de impostos puntuais e baixadas de impostos en produtos de primeira necesidade, estamos de acordo; mais no que non estamos de acordo é na receita máxica, a barra libre da baixada de impostos, contención do gasto público.

E despois está outra cuestión, a respecto de como se formula o Goberno da Xunta de Galicia enfrontar esta crise. Tamén é verdade que hai un paquete de medidas que fala de accións que xa se viñan desenvolvendo, que non inclúen grandes novidades. Falamos por exemplo do bono social, non falamos en ningún momento de incrementar o imposto ás eléctricas nesta política impositiva. Entón, como lle podemos explicar á xente que aqueles que fan que nos poñamos a tremer cando chegue a factura da luz se están forrando, en ningún momento falamos de poñer límites aos prezos da luz, aos prezos dos combustibles nin gravar as eléctricas,

pero si que anunciamos a bombo e platillo unha medida, coa que nós concordamos, o bono social para a electricidade, pero para o que, dende logo, hai que estar nesa modalidade regulada, esa que dicía Galán que é a dos tontos e tontas. Entón que a min alguén me explique como podemos estar falando dos intereses de todas as familias, falar de recortar en servizos públicos, non falar de meterlle a man a aquelas que se están forrando á costa do esforzo das familias, con incremento de impostos, e non obstante dicir que a fórmula máxica é aquela que, froito da crise de 2002, nos deixou desigualdade, precarización e redución nos servizos públicos.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo. Na liña do comentado con anterioridade, se ben podemos compartir a preocupación pola situación, creo que todos os grupos que estamos nesta Corporación e que todos os grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados, ou calquera outra cámara comparten a preocupación pola situación económica que está vivindo o noso país derivada en gran medida, primeiro da crise provocada pola Covid-19 e despois pola guerra de Ucraína, aínda que o Partido Popular iso o negue e parece que a inflación que azouta España é culpa só de Pedro Sánchez. Imaxino que a inflación que ten o Reino Unido, que é do 9,1%, máis alta que a de España, ou a dos Países Baixos, que é do 8,8%, pois tamén será culpa de Pedro Sánchez, imaxino que si, non sei, pásalle, xa o comentei máis veces, como a Manolete, que ten a culpa de todo.

En todo caso, é curioso que se acheguen unha serie de propostas por parte do Partido Popular, que podemos compartir ou non, é dicir, compartimos, valla a redundancia, que hai que adoptar medidas para reverter esta situación que afecta a tantas e tantas familias, pode ser que non compartamos as medidas concretas que vostedes propoñen. Pero, claro, cando a propia exposición de motivos que traen vostedes con esta moción, que efectivamente non é a que imos aprobar, pero é a presentación dos acordos que vostedes traen aquí a colación, fala de inacción do Goberno central fronte á Xunta de Galicia, home, pois non sei que quere que lle diga. O Goberno central aprobou no mes de abril un decreto anticrise dotado con 16.000 millóns de euros, que incluía moitísimas medidas. Non sei se iso para vostedes..., chámanlle inacción. Por certo é curioso, un decreto votado en contra polo Partido Popular; coñécese que no mes de abril as familias españolas non debían de ter ningún tipo de problema económico para chegar a fin de mes, e o incremento nos prezos dos alimentos e de calquera outro servizo básico non debía de estar naquel momento en alza, porque o Partido Popular non o considerou oportuno e votou en contra dese decreto.

Lúa hoxe mesmo na prensa, viña en *El País* un pequeno artigo: “Máis de dez mil millóns de euros contra a crise”, e fai unha referencia que é bastante curiosa, tan só hai que facer unhas contas rápidas: “el coste de las rebajas en impuestos de la luz ascenderá a unos 6.000 millones en 9 meses. Esto incluye la rebaja del IVA, primero del 21 al 10%” –por certo que é o que vostedes esquecen e que recordaron ben quen me precedeu na palabra, vostedes propoñían rebaixalo ao 5 pero é que este Goberno dentro desa inacción da que vostedes falan xa reduciu o IVE do 21% ao 10% das eléctricas, e do 10 % agora ao 5%– “la rebaja del impuesto especial sobre la

electricidad del 0,5 y la suspensión del impuesto sobre la producción. Hay otros cerca de 3.000 millones, lo que costarán los seis meses de descuento de los carburantes a razón de 5 céntimos el Estado y 5 las petroleras” –habría que engadir agora os novos 20 céntimos que se van aprobar este sábado– “tanto para profesionales como para particulares y todo ello podría subir todavía más si finalmente –como digo– surten efecto las pretensiones por parte del Gobierno de aumentar aún más la bonificación. De salir adelante el cheque supondría un solo pago de 1.200 millones, que se aplicaría” –isto xa a maiores dos 10 mil que estabamos a falar.

É dicir, cando se fala de inacción e se están adoptando un montón de medidas, que efectivamente pode ser que non estean dando todos os froitos que todos e todas desexáramos para reverter esta situación, pero dende logo o que temos que preguntarnos é: se non se tivesen adoptado estas medidas, cal sería a situación? Non poden vostedes acusar o Goberno de inacción, poderán acusalo de adoptar medidas en tal caso que non son suficientes, pero unha rebaixa do 11% no IVE da electricidade, se vostedes a proposta que fan é rebaxalo nun 5%, se a do 11%, era insuficiente pois a do 5% non será moito mellor. O problema que lles falta a vostedes é coherencia, ese é o verdadeiro problema.

E falan vostedes das grandes achegas que fixo a Xunta de Galicia á loita contra esta situación que estamos a vivir. Home, non sei se ese anuncio do señor Feijóo, que falaremos despois diso, no mes de marzo, de 18 millóns de euros para o sector gandeiro, que aínda estamos esperando. Prometeuno en marzo despois dun Consello da Xunta, despois de criticar os 66 millóns de euros que o Goberno do Estado subministraba a Galicia para esas axudas ao sector, que a el lle parecía insuficiente, e iso que ía subministrar a mesma cantidade que subministrara o Goberno de España: 18 millóns de euros, non sabemos nada do tema; estamos no mes de xuño. Non sei se as familias que viven da gandería non son importantes para o Goberno da Xunta de Galicia.

E despois fan vostedes un remexido aquí de propostas da Xunta: meten o bono turístico, que xa estaba antes de que chegara a inflación; meten unha serie de cuestións, Observatorio da Cadea Alimentaria, Axencia de Información de Control Alimentario de Galicia... Claro, a min gustárame que me cuantificase vostede en que influíron estas axencias na redución dos custos dos prezos e para combater a inflación e a situación de crise que están a vivir as familias neste país.

E falan vostedes dunha gran rebaixa de impostos, que é a que propón o Goberno do Estado. Gustárame saber tamén que impostos dentro das competencias autonómicas baixou a Xunta de Galicia porque, aquí nas medidas que vostedes presentan creo que hai un par delas nada máis que teñen que ver con esa cuestión, non vin ningunha outra. Entendo que, se as poñen vostedes, as reflicten nesta exposición de motivos, será porque son as máis importantes, as que consideran as máis importantes das adoptadas ata o momento pola Xunta de Galicia. Non vexo ningunha rebaixa masiva de impostos por parte da Xunta de Galicia.

Falan vostedes tamén do tema dos Next Generation; ben, hai que recordar tamén cal foi a postura do Partido Popular na Unión Europea, facendo o posible para

que estes fondos non chegaran a España. Podemos falar tamén da excepción ibérica, da que se rían vostedes. Podemos falar de tantas e de tantas medidas que foron adoptadas e, claro, evidentemente, ao final acaban vostedes caendo no esperpento de dicir que hai inacción por parte do Goberno do Estado, algo que, pois que quere que lle diga, que non ten nada que ver coa realidade; outra cousa é que por desgraza a situación sexa a que é e a que todos e todas sabemos.

No primeiro punto de acordo falan vostedes de mellora da calidade do gasto público, que hai que facer máis eficientes as administracións públicas e tal, e teño aquí un informe do Consello de Contas de Galicia que alerta de que, sen incluír o Servizo Galego de Saúde, o 15 % do orzamento da comunidade autónoma, é dicir, máis de 1.588 millóns de euros está manexado por organismos e institucións dependentes da Xunta pero con autonomía para operar á marxe da Administración autonómica: organismos autónomos comerciais, entidades públicas, empresariais, etc. 1.588 millóns de euros de fondos públicos de maneira opaca e sen que moitas delas xustifiquen os seus gastos nin a súa actividade. Isto dío o Consello de Contas. Ben, pois igual hai que empezar por facer efectiva a Xunta de Galicia antes de reclamarlle ao Goberno que faga efectivas outras administracións, porque vostedes para sorte ou desgraza gobernan unha Administración pública; efectivamente co respaldo dos cidadáns, iso non o vou discutir, tamén Pedro Sánchez goberna o Estado español, ten a Presidencia do Goberno de España, tamén co apoio dos cidadáns, polo tanto a lexitimidade téñena toda. Agora, poñamos sobre a mesa o feito polo Goberno da Xunta ao longo de todo este tempo nesta materia e o feito polo Goberno do Estado, e dende logo, repito, e céntrome moito nesa palabra, porque me chamou moito a atención que falen vostedes de inacción.

Despois sobre o cambio de rumbo en Andalucía está moi ben, porque iso agora xa sabemos todos que agora é o xoguete novo que teñen vostedes e vale para todo. Pero, home, cambio de rumbo, chamarlle cambio de rumbo a anunciar unha rebaixa do 5 % do IVE, cando xa se rebaixou un 11%, pois non parece que o rumbo estea moi cambiado; é máis, eu diría que vai no mesmo rumbo iniciado, porque xa houbo unha rebaixa do IVE. E xa houbo unha serie, xa se adoptaron unha serie de medidas ao longo de todo este tempo, como pode ser a bonificación dos 20 céntimos no litro de gasóleo, que se vai aplicar novamente con outra rebaixa, a limitación da subida do prezo do alugueiro, 322 millóns de euros para o sector agrario e 60 para a pesca e a acuicultura; nova liña de avais ICO de 10.000 millóns de euros, 450 millóns en axudas directas a empresas de transporte de persoas e de mercadorías, flexibilización do acceso aos bonos sociais, etc. Todas estas foron medidas aprobadas antes das eleccións de Andalucía.

O sábado vanse anunciar novas medidas, polo tanto o Goberno segue no mesmo rumbo no que estaba. Os que non están no mesmo rumbo son vostedes, que empezaron votando en contra de todas elas, e, como dicía antes a voceira do BNG, votaron en contra vostedes de aumentar o tema das rendas baixas, do Ingreso Mínimo Vital do incremento dese 15%, do Decreto anticrise, dos 16.000 millóns. Por tanto quen ten un cambio de rumbo neste caso é o Partido Popular; dende logo o Goberno do Estado non, porque segue adoptando medidas como fixo antes das eleccións de Andalucía.

Polo tanto, que quere que lle diga a vostede, está ben que falen de Andalucía porque vale agora para sacar lustre, pero todos sabemos e todas cal é o labor que está a desenvolver o Goberno do Estado, e vostedes sábeno ben, que venden moi ben eses fondos que lles transfire o Estado europeos, o último que vimos con aquel autobús porta a porta que pon Xunta de Galicia e que vén así en pequeniño, porque lle saquei unha foto ademais porque me chamou moito a atención, nun carteliño que debe de medir uns 10 centímetros onde fala dos Next Generation e do Goberno do Estado. É curioso como a parte que lles interesa a vostedes véndena como xestión da Xunta de Galicia. Ou eses plans e rehabilitacións de vivenda que veñen vostedes a anunciar a Ferrol como se fora unha cuestión da Xunta de Galicia, cando son fondos que transfire o Estado e cando son fondos europeos que transfire a Unión Europea ao Estado que vostedes traballaban na Unión Europea para que non nolos deran. Polo tanto, é bastante curioso como un se agarra ao que lle interesa para poder vender a sardiña a quen considera oportuno.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Martínez

Si, moi brevemente para non alongar sen necesidade o debate.

O primeiro, señor Fernández, non se amole vostede polos resultados de Andalucía; se vostedes, como ben dixo a señora Lastra, son os principais artífices, que Juanma Moreno gañou cunha absolutísima grazas aos fondos que lle transferiu o Estado durante a pandemia, entón penso que temos que estar todos contentos, non só esta bancada.

Tampouco que se me olvide, señor García Seoane, goberno Frankenstein foi un termo acuñado por alguén que non é precisamente susceptible de ser sospeitoso de ser o Partido Popular; foi o señor Alfredo Pérez Rubalcaba, ese foi o que acuñou previamente o termo de goberno Frankenstein.

Señor Lema, a ver, non, eu non podo admitir que diga que o Partido Popular está a alamar a sociedade. Eu, en todo caso, esa culpa bótolla ao Servizo de Correos, porque o que realmente alarma os españois é cada vez que reciben unha factura na súa caixa de correo, sexa da auga, sexa da luz, iso é o que realmente os está a alamar. Por descomprimir un pouco, eu hoxe mesmo antes de vir a este Pleno entreguei a miña declaración da renda; eu son un privilexiado, pero hei de valorar que estea falando despois disto dun plan de medidas para axudar ás familias nestes termos tan moderados despois de ter feito esa xestión administrativa antes de vir a este Pleno. Pero, brincadeiras á parte, é dicir, a situación é grave, pero non é grave porque o Partido Popular presente un plan de medidas para corrixila, non, é ao revés. O Partido Popular presentou un plan de medidas que tentou consensuar por todos os xeitos, tentou falar de todos os xeitos co Goberno precisamente porque a situación é extremadamente grave.

Acúsanos de que as nosas medidas fiscais son clasistas. Ben, nisto teño que darlle a razón, precisamente son para as clases máis desfavorecidas. Si, a ver, eu

penso que esa parte, tentarei explicarme agora mellor, pero penso que esa parte a expliquei ben; é dicir, que estamos a falar dunha baixada de impostos que son reducións selectivas e temporais e que se centran nas rendas medias e baixas, non nunha baixada xeral, senón que neste caso se propón incluso un imposto negativo, é dicir, unha transferencia directa de entre 200 e 300 € para os que non tributan, e unha nova figura de mínimo persoal e familiar para rendas de entre 14.000 e 22.000 euros.

E por que propoñemos esta vía?, porque é moito máis sinxelo e moito máis áxil implementar este tipo de medidas vía fiscal. Por que?, porque simplifica os trámites administrativos. Todos vimos aquí o que lle custou ao Ingreso Mínimo Vital conseguir arrancar. Por certo, cousas da posverdade, tanto a voceira do BNG, como o voceiro do Partido Socialista, xa teñen comprado ese discurso de que o Partido Popular votou en contra do Ingreso Mínimo Vital. Non votou en contra, non votou en contra, por favor. É dicir, non se crean vostedes, tanto que agora ademais están preocupados con unha recente publicación para combater a desinformación que pode comprometer a seguridade nacional, etcétera, etcétera; home aplíqueno. Non votou en contra o Partido Popular do ingreso mínimo vital.

Como a cuestión de reducir o gasto público; ben, tanto para o que dixo vostede como para o que dixo a voceira do Bloque Nacionalista Galego. É dicir, o que se propón é o deseño dun plan para abordalo e darlle máis protagonismo por exemplo á AIREF no control do gasto público, pero evidentemente hai medidas que incluso parece que son como bastante evidentes para calquera. E isto xa o fixo o Partido Popular, isto que lle vou dicir a min non mo contaron, non o lin en ningún argumentario, eu estaba alí. Cando chega ao Goberno da Xunta de Galicia Alberto Núñez Feijóo no ano 2009 a primeira medida neste aspecto que toma é reducir os altos cargos e os asesores ao 50%, no ano 2009, é dicir... E agora mesmo temos, no peor momento cunha inflación disparada como non se recorda, temos o Goberno máis extenso e máis caro da historia de España. É dicir, dentro de cada crise, como é a propia orixe etimolóxica da palabra, hai unha oportunidade, ás veces non se aproveita, ás veces déixase pasar. Ben, aquí temos outra crise que pode ser tomada como unha oportunidade para afrontar unha verdadeira reforma estrutural das administracións que poida implicar unha redución do gasto público.

Vostede preguntaba, e non quero deixar de responderllo, como se vai facer isto. Ben, en primeiro lugar por que dende o Partido Popular defendemos que se poden afrontar estas medidas, mesmo aínda que poidan acadar un importe global de 15.000 millóns de euros? Ben, porque do que estamos a falar é de que precisamente esa inflación fixo que houbera unha sobre recadación, é dicir, o Estado está a percibir moitos máis ingresos vía impositiva dos que estaban inicialmente previstos. E o que estamos a defender é que parte deses impostos se revertan para precisamente aliviar as familias neste momento que está a padecerse. Polo tanto, destes 15.000 millóns entre 7.500 e 10.000 destinaríanse a un abano de rebaixas fiscais que terían ese impacto sobre as arcas do Estado e outros 5.000 aproximadamente que serían sufragados por fondos europeos e que por tanto nin sequera tería ningún efecto sobre o déficit.

E non me resisto a facer unha reflexión, porque vostedes tamén falan aquí da

débeda como se fora exclusivamente culpa de quen tivo que afrontar as decisións máis drásticas para poder facerlle fronte. É dicir, cando vostedes falan da etapa do Goberno Rajoy, home, eu pídolles por favor que fagan ese esforzo porque ademais gañarían en credibilidade de retrotraerse apenas uns anos e recordar cando eses gobernos que agora se etiquetan como progresistas pois dicían que estabamos na Champions League, cando realmente estabamos noutra liga que non era precisamente esa.

Por concluír, si me gustaría dicir que eu agradezo todas aquelas intervencións nas que se comparte a preocupación e nas que se comparten algunhas destas medidas. A min si que é certo que me pareceu que por momentos a Sra. Muíños falaba do noso plan, como se o noso plan fora o decreto recentemente aprobado en solitario, non en solitario pero si salvado *in extremis* por Bildu do Goberno. Nós promovemos un plan e esas medidas que vostede propón tampouco debían de estar no decreto que aprobou o Goberno porque vostedes votaron en contra, se mal non me lembro. Co cal vostedes apoiaron no seu momento a Sánchez, agora votaron en contra do seu decreto, ben, pois ao mellor tamén hai que facer un esforzo, ten que facer o seu deputado en Madrid un esforzo adicional para isto mesmo que nós tomamos nota e recibimos sobre o que vostede comentou en relación aos beneficios das eléctricas, pois, ben, é dicir, nós o que propoñemos é un plan para debater, para discutir, para deseñar. Agora mesmo xa hai un decreto aprobado, ese Plan de resiliencia aprobado recentemente, no que tampouco están.

Por último, eu si que aquí nese aspecto lle agradezo ao señor Fernández que el fixo unha defensa das medidas que xa adoptou o Estado e non abordou o noso plan como se fora o decreto. Pero, ben, tamén é verdade que esas medidas, coincidimos nisto, concordamos, non están a ter o resultado que se esperaba delas. Algunhas previamente advertidos, non só polo Partido Popular senón por axentes económicos, de que efectivamente isto podía non servir de tope por exemplo ao que estamos vendo cada día nós e toda a poboación cando imos encher o depósito do coche.

Ese decreto, efectivamente, o Partido Popular votou en contra, pero é que aquí o que non se pode é intentar coller sempre a parte máis favorable do embude ou, como se di, coller o rábano sempre polas follas. É dicir, claro, votamos en contra, pero que oportunidade se nos deu, téndoa manifestado previamente, reiteradamente, a intención de poder chegar a un entendemento, que oportunidade se nos deu? Ningunha, a forma de actuar de Sánchez á que nos ten acostumados e que está a ser recoñecida, non só no arco parlamentario senón tamén pola propia poboación, é un trágala, directamente é un trágala. E preferiu salvar, ao prezo que fora, como habitualmente, ese decreto co voto de partidos minoritarios, separatistas, etcétera, etcétera, en vez de sentarse a falar e alcanzar nun momento de crise unha gran maioría, como por outro lado se ten feito en moitas ocasións e noutras administracións cando chega este momento. Que problema hai en sentarse para intentar acadar un acordo con dúas forzas que poden representar entre elas o 70% da poboación? Non, isto é un trágala porque eu o que quero é que ti me digas que non porque sei que vou pagar a factura que sexa, abrazando os votos que sexan necesarios para manterme no poder.

E polo tanto, pois ben, penso que é unha oportunidade perdida que hoxe non vaian apoiar esta moción porque sería unha oportunidade bárbara de facer efectivamente iso do que tanto presumen, pero que non o fan tanto como vostedes presumen, que é votar a favor de algo que é exixirlle a un Goberno en Madrid, que é onde gobernan.

Remato. Moi mal non o debe de estar a facer a Xunta cando teñen vostedes que acudir ao Consello de Contas para falar simplemente da porcentaxe de orzamento que se executa a través de entidades adscritas. É dicir, evidentemente, o problema pode ser evidentemente da porcentaxe, pode ser maior pode ser menor, pero o evidente sería que dixeran que, efectivamente, eses cartos non se xustifican, non se gastan como se teñen que gastar. Vostede dicía, e con isto xa remato, que por sorte ou por desgraza gobernamos na Xunta de Galicia. Eu penso que os galegos cada vez que teñen oportunidade dinnos que por sorte para nós, e tamén para eles.

Máis nada e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Tratarei tamén de ser moi breve. Está ben ver como o señor Rodríguez vai corrixindo tamén a linguaxe do seu partido, porque esas entidades chiringuito, entidades adscritas no 2007 e 2008 eran chiringuitos, agora son entidades adscritas. Ou sexa, está ben como recuperan prestancia e prestixio estes organismos públicos, que no seu momento eran cualificados como chiringuitos, agora son entidades adscritas, fabuloso!

A min que o Partido Popular propoña facer as políticas que se lle supoñen non me preocupa, eu digo que fracasaron, fracasaron recentemente cando as aplicou o Partido Socialista, fracasou o bono de 25 céntimos, fracasou a rebaixa fiscal do IVE na factura da luz e vai fracasar tamén a do 5% no combustible. Por que? Porque no Estado español o sector eléctrico e enerxético está desbocado. Aquí seguen aumentando os prezos por riba da media da Unión Europea, non se xustifica por tanto. Non é que a elevación do prezo da materia prima xustifique, se traslade así linealmente ao mercado, non, non; hai un abuso, hai un abuso sobre o que hai que actuar. Eu penso que, se isto non fose así, evidentemente creo que hai que actuar pola vía que historicamente propuxo a socialdemocracia, regulando certos prezos esenciais para a economía, motivando aínda, máis aínda, mellor aínda en tempos de crise, que por certo era unha forma de actuar que aplicou tamén a dereita cando fixo falta.

Eu xa digo que estas propostas que fai o Partido Popular son agardables e a verdade é que fracasaron, fracasaron. E ademais hai un cómputo do que poucas veces se fala publicamente, que é que a Xunta de Galicia incrementou un 60% tamén a súa débeda, caramba, algo falla no seu modelo cando a constante rebaixa de carga fiscal repercute nunha suba da débeda das administracións, da débeda pública. Talvez sexa que non existe esa arte de maxia pola cal a rebaixa da carga impositiva fai que polo aumento do consumo se xeren máis ingresos para o Estado. Resulta que

non, resulta que non sucede.

E finalmente, insisto, a min o que me preocupa é que sexa o Goberno quen aplique estas políticas que son máis ben da dereita e que demostraron a súa ineficacia, a verdade. Eu creo que toca ir por outra vía, creo que toca ir polos beneficios extraordinarios que están conseguindo as enerxéticas, creo que non se está facendo, e imos votar, como xa anunciamos, en contra desta moción.

Sr. Fernández Piñeiro

A verdade é que un non sae do seu asombro con algunhas cousas que escoita. A verdade é que di vostede que o Partido Popular presentou unha batería de axudas que tentou consensuar. Decía vostede, que problema hai en sentarse para falar e acordar? Ningún. De feito nós aínda estamos esperando a que nos reciba o señor Feijóo precisamente para trasladarlle unha serie de medidas contra a crise que propuxemos no mes de marzo, solicitámosllo o 15 de marzo, o PSdG neste caso o seu secretario xeral, que coincide que é o mesmo presidente desta Administración. O señor Feijóo polo menos foi recibido polo señor Sánchez, outra cousa é que non chegaran a acordo nas medidas. O secretario xeral do Partido Socialista de Galicia non tivo esa sorte; de feito, solicitouno o 15 de marzo, o señor Feijóo xa non está en Galicia, marchou para Madrid sen recibilo. Pois estaría ben que lle fixera vostede esa pregunta ao seu expresidente e agora presidente do partido a nivel nacional, por que non aplica ese mesmo criterio, que cal é o problema de sentarse, xa non de chegar a acordos, xa non pediamos tanto; polo menos que nos recibira, que el si foi recibido, pero el non nos recibiu a nós. Hai unha serie de medidas que lle propoñiamos e que foron propostas de forma pública, aínda que por desgraza non se lle puideron trasladar a el directamente, como a redución das peaxes das autoestradas de titularidade autonómica, baixada das tarifas dun 75 % para profesionais do transporte e un 50% para o resto de usuarios; rebaixa das taxas da ITV, competencia exclusiva da Xunta de Galicia, un auténtico atraco que padecemos todos e todas os condutores; plan de axudas dirixidas a autónomos e profesionais para compensar o aumento do custo do transporte; e colaborar co Goberno de España para a rebaixa de imposición sobre hidrocarburos, ben mediante actuacións sobre imposto especial de hidrocarburos, ben mediante a aplicación dun IVE de tipo reducido; impulsar o cambio na regulación do mercado eléctrico que faga posible desvincular o prezo da enerxía eléctrica para familias e empresas do prezo do gas; identificación do impulso lexislativo para determinar por parte da Xunta de Galicia os proxectos estratéxicos dirixidos a levar á autosuficiencia enerxética; impulsar na propia Administración autonómica un instrumento financeiro de participación e liderado no desenvolvemento de proxectos estratéxicos, como ocorreu con Reganosa; redución das tarifas portuarias nun 75 %; modificar os orzamentos da Xunta para aprobar un plan social de axudas ás familias máis vulnerables, triplicando a partida orzamentaria dedicada ao bono social eléctrico, pasando de 1,9 a 6 millóns de euros; reformulación da tarxeta básica da Xunta coa finalidade de incorporar nesta prestacións ás familias refuxiadas procedentes de Ucraína; demandar á Xunta unha redución do tramo autonómico do IRPF; que a Xunta a través do IGAPE habilite un fondo de avais e de liquidez que garanta a viabilidade de empresas afectadas, etcétera.

Nós non tivemos oportunidade de trasladarlle ao presidente da Xunta, porque

non nos quixo recibir naquel momento, esta batería de medidas. Estou a falar do 15 de marzo, estamos xa a finais do mes de xuño. Polo tanto, eu si que o invito a vostede e aos compañeiros de grupo a que fagan pedagogía con iso que vostede defende, e que eu tamén comparto, que é de sentarse para intentar chegar a acordos, porque parece que o presidente do seu partido non ten moito interese en realizalo.

Ou cando me estaba falando do Ingreso Mínimo Vital, o decreto anticrise que votou en contra o Partido Popular incluía un incremento do 15% para os meses de abril, maio e xuño. Si que votou en contra o Partido Popular dese incremento, e é ao que me estaba a referir.

E despois, home, a comparativa co Goberno Rajoy que fai vostede é curiosa. A min gustaríame saber, non sei se alguén o ten na memoria, eu desde logo non, e a verdade é que desde que tiven o covid me falla un pouco, pero seguramente haxa xente aquí que goce de maior memoria ca min. Gustaríame saber, naquela crise que foi tan complexa, tan difícil para moitas familias, cantas medidas sociais aprobou o Goberno de Mariano Rajoy? Porque eu, se botan a vista atrás, o único que lembro son subidas de impostos, non recordo baixadas de impostos. De feito, o IVE cando o señor Rajoy chegou ao goberno estaba no 18%, en plena crise económica, onde había familias desahuciadas, que non tiñan nin sequera para comer ao final de mes, subía o IVE que afecta a produtos básicos a un 21%. Esas son as medidas que aplica o Partido Popular cando goberna; as que traen vostedes hoxe aquí son as que prometen cando están na oposición, que era o mesmo que facía o señor Rajoy antes de chegar ao Goberno: prometer rebaixas fiscais, prometer unha serie de incentivos e axudas ás familias, pero cando chegou ao Goberno o que fixo foi todo o contrario. Por iso é importante ter claro, ter un pouquiño de memoria, non estou a falar do século pasado nin de Felipe II, como dicía antes o voceiro do seu grupo; estou falando de hai apenas unha década.

Por iso hai unha diferenza, é verdade que nós temos a desgraza, o meu partido, de que sempre nos toca estar gobernando cando veñen crises potentes, aquela foi unha crise internacional igual que esta. Pero os cidadáns deste país teñen a fortuna de que á fronte dese Goberno estea o Partido Socialista, porque cando están vostedes o que fan xa sabemos o que é; e nunha crise como esta, que está vostede vendo que afecta aos prezos, á inflación, a un montón de familias, este Goberno adopta medidas sociais con cargo ao gasto público. Vostedes o que facían era cargarlles máis impostos a esas familias.

E gustaríame saber, como comentaba antes e tiña razón o voceiro da Marea, cando falaba da primeira aplicación que se fixo para rebaixar o prezo da luz, que o que fixeron as eléctricas nunha semana e pico foi incrementar os prezos para poder consumila. Non escoitei nada ao Partido Popular a ese respecto. Non sei se o Partido Popular vai respaldar a proposta do Goberno de gravar máis os ingresos extras que están tendo as compañías eléctricas, non sei que lle parecerá ao señor Galán, que é íntimo amigo do señor Feijóo; non o digo eu, dino eles, non sei se terán algo que ver, e nese caso dará o señor Feijóo un exemplo de defensa dos intereses dos cidadáns apoiando esa proposta, ou defenderá os intereses do seu amigo, do señor Galán, e de moitos dos accionistas de Iberdrola. Non sei se ten vostede algunha resposta a

algunha destas cuestións que lle acabo de comentar, porque sería bastante curioso.

E sobre todo, cando fala vostede da situación do Goberno e de como está o país, é verdade, non estamos na mellor das situacións. Pero, mire, voulle poñer un exemplo: no ano 2018 os afiliados á Seguridade Social cando saíron vostedes do Goberno eran 18.900.000, agora hai 20.200.000 afiliados á Seguridade Social; o número de parados cando saíron vostedes do Goberno no ano 18 era de 3.252.000, a día de hoxe hai 2.922.000 parados; a taxa de desemprego cando estaban vostedes no Goberno era do 16,74% e hoxe é do 13,65%; a taxa de desemprego xuvenil cando estaban vostedes no Goberno era de 36,34% e hoxe é do 30,18%; a afiliación de mulleres á Seguridade Social era do 46,38% cando estaban vostedes e do 47,01% a día de hoxe; a taxa de temporalidade dos contratos era do 26,11% cando estaban vostedes no Goberno e do 24,21% a día de hoxe; a contratación indefinida, 1 de cada 10, é dicir, un 10% eran indefinidos cando gobernaban vostedes e agora un de cada dous, un de cada dous son indefinidos; o salario mínimo interprofesional cando gobernaban vostedes era 735,90 euros e hoxe é de 1.000 € ao mes; e a pensión media de xubilación era de 1.082 € e agora é de 1.254. Polo tanto, estes son datos do Ministerio, que non os estou inventando eu.

A situación do país é mala derivada da crise económica provocada primeiro pola Covid e agora pola guerra de Ucraína? Ninguén ten ningunha dúbida. Que hai que adoptar medidas para reverter esa situación? Ninguén ten ningunha dúbida. Agora que están vostedes para dar exemplo, penso que non, penso que non. Porque todos xa vivimos aquela etapa na que prometían moito e cando chegaron ao Goberno fixeron o que fixeron, e agora acabo de darlles datos dunha comparativa totalmente aséptica entre cal era a situación do país e cal é a que temos agora, e afortunadamente, grazas a que esta situación é de agora aínda temos algo de músculo para aguantar; dende logo, se a situación fora a que había previamente as familias estarían bastante peor do que están agora e xa están bastante mal. Polo tanto, arrimemos todos os ombreiros para sacar este país da situación na que está e sexamos bastante máis coherentes do que parece ser que somos nos últimos tempos.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Martínez

É que, claro, é imposible que non teña, contravindo o que o meu costume, que intervir novamente, pero, claro, é dicir... Unha comparativa aséptica, di vostede. Eu como o que quería debater era o presente, sempre evidentemente hai que ter constancia do que ocorreu no pasado para non volver cometer os erros, eu só vou tirar de memoria, pero ben, se hai que tirar de memoria, home, que vostede saque peito agora nunha comparativa en momentos moi concretos, probablemente elixidos cautelosamente sobre a evolución das pensións, ben, pois aí non llo vou discutir porque vostedes son os grandes expertos porque foron os únicos que as baixaron en 40 anos de democracia.

En relación a medidas fiscais, home, a min no ano 2014, porque claro agora todo é, entre aspas, todo é “jijiji jajaja”, pero é que parece que cando falamos

daqueles tempos non nos acordamos de cal era o déficit real que atopou o Goberno de Mariano Rajoy cando chegou, o déficit real nos caixóns, que non era para nada todo o que se tiña dito. E que tampouco nos acordamos de todo o plan que se tivo que poñer para rescatar as administracións, para que puideran os concellos que hoxe están aquí representados, entre moitos outros, pagar as facturas. Porque, claro, parece que iso non conta, parece que iso non é axudar ás familias. Pero si que lembro tamén, falando de memoria, que no 2014 en plena crise se aumentou o mínimo persoal e familiar do IRPF en todos os seus tramos; e tamén lembro, non recordo agora, porque eu si que estou tirando de memoria, que cando a situación mellorou, e antes de que finalizara a súa etapa á fronte do Goberno, cando si se puido, tal e como tiña comprometido apenas coñecer a situación real, baixou impostos.

Claro, a cuestión é, eu penso que estamos poñendo o acento en como se van os gobernos populares, home, pois imos xogar un pouco limpo, imos pensar como entran. Aquí falaba antes o señor Lema de que a economía é unha cuestión técnica, política, falamos todos dos ciclos; home, os ciclos da economía en España todos sabemos como foron, e cando vostede di que o que fan os gobernos populares, se realmente o que fan os gobernos populares é levantar o país da miseria na que a deixan os gobernos socialistas anteriores, como fixo no seu momento Aznar, como o fixo no seu momento Mariano Rajoy e como afortunadamente cada vez máis españois o saben, fará dentro dun ano Alberto Núñez Feijóo.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Moi ben, eu soamente comentar un par de aspectos ao respecto.

Creo que cando un país está nunhas circunstancias tan excepcionais, que forman parte dunha realidade excepcional a nivel internacional, tamén a nivel europeo, evidentemente, as formacións políticas que teñen altura de miras, que teñen sentido de Estado e que teñen, ademais, a lexítima aspiración de chegar a gobernar un país teñen que estar á altura das circunstancias sen ningunha dúbida.

Pero o que estamos a observar é que, por riba de todo cando, máis alá dos ofrecementos de man tendida, cando chega o momento da verdade, e aquí podemos falar diso, estamos totalmente lexitimados e lexitimadas, porque non o vexo no Partido Popular aquí. É dicir, aquí, nesta casa cando hai un asunto importante podemos estar en posicións absolutamente diferentes, pero cando é un tema de provincia, aínda tendo criterio distintos, nunca, nin o Partido Popular nin ningunha outra formación política vota en contra; como mínimo, abstense para evitar que un punto non saia adiante porque entenden que, non estando absolutamente de acordo nas formas ou no contido absoluto da medida, saben que que non se adopte esa medida é absolutamente prexudicial, neste caso para a provincia.

Tamén ocorre nun país, unha provincia forma parte dun país; é a mesma xente a que vive nunha esfera administrativa e a outra, e, polo tanto cando o Partido Popular vota no Congreso, si vota en contra no Congreso dun real decreto que supón

baixar 20 céntimos en calquera litro de combustible que se consuma neste país, non está á altura das circunstancias, nin está mostrando sentido de Estado, nin está ademais aspirando lexitimamente a gobernar un país.

Cando o Partido Popular se opón a unha reforma das pensións, que é o gran custo económico dun país, que inviste 160.000 millóns de euros ao ano en pensións e que ten un déficit do sistema anual de 18.000 millóns de euros a data de hoxe, sen entrar en consideracións de canto deixou o Partido Socialista na caixa das pensións, non vou entrar aí, simplemente na realidade, como dis ti Sr. Rodríguez, creo que acertadamente, está fallando ao interese xeral do país.

Cando vota en contra dunha reforma laboral que está por primeira vez en moitos anos concertada entre os axentes sociais, empresarios e sindicatos deste país, creo que está fallando ao interese xeral dos españois e das españolas.

Polo tanto, sinceramente, creo que está ben que haxa unha serie de medidas que propón o partido da oposición, o principal partido da oposición ao Goberno do Estado; nós tamén o fixemos aquí en Galicia, e a mesma sigla, os mesmos protagonistas absolutamente, incluso a nivel persoal, e a reacción é absolutamente distinta. Polo tanto, eu creo que hai que predicar co exemplo, como ben dicía algún representante que me precedeu, e creo que é o momento para que tomemos en serio as medidas que adoptamos, para que tomemos en serio a avaliación de cada unha delas e para que saibamos distinguir o importante do que non o é tanto e, sobre todo, a urxencia, as medidas urxentes cando hai colectivos e grupos que están verdadeiramente afectados pola subida da carestía da vida.

Imos proceder á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (PP)

Votan en contra: 15 deputados/as (9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Sr. Presidente

Hai unha moción que presenta o grupo PSdG-PSOE sobre as graves dificultades que están a sufrir as explotacións produtoras de carne en Galicia.

4.Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE ante as graves dificultades que están a sufrir as explotacións produtoras de carne en Galicia.

EXPOSICION DE MOTIVOS

As explotacións de produción de carne en Galicia, concretamente de vacún, ovino, cabrún, avícola e cunícola, están a atravesar unha situación límite que require de apoio público para garantir a súa continuidade.

Estes subsectores viñan sufrindo os efectos dunha crise estrutural dende hai moito tempo, que foi agravada pola perturbación do mercado derivada da crise da pandemia, o incremento dos custos de produción a causa do aumento dos prezos das materias primas para alimentación animal, dos prezos da enerxía e dos combustibles iniciado o pasado ano e que se intensificou co conflito bélico na Ucraína.

A isto hai que engadir a dificultade que teñen os gandeiros para trasladar os incrementos dos custes de produción ao prezo que perciben.

Tendo en conta que estas explotacións están localizadas onde non existen alternativas á produción gandeira, principalmente en zonas de montaña e do interior, e que son fundamentais para o mantemento do tecido económico, social, territorial e medioambiental das súas comarcas, é preciso que se establezan axudas directas excepcionais para compensar as dificultades económicas que padecen.

Neste sentido, a Comisión Europea dispuxo 500 millóns de euros da reserva da crise, dos cales 64,5 corresponden a España. Deste xeito, acolléndose á posibilidade establecida no Regulamento Europeo, o Goberno de España aprobou conceder axudas suplementarias ata o máximo permitido do 200% da axuda comunitaria, para o cal se destinaron case 129 millóns de euros con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, mobilizándose así unha dotación total de case 193,5 millóns de euros. Tendo en conta os sectores agrarios auxiliados e o peso deles en cada comunidade autónoma, a Galicia fóronlle asignados un total 11,8 millóns de euros.

En Galicia, o ex-presidente Feijóo, logo da publicación do Regulamento Europeo comprometeuse a apoiar ao sector con fondos propios da Xunta de Galicia por un importe equivalente á contribución estatal.

O procedemento de concesión das axudas estatais por parte do Ministerio de Agricultura está en marcha, e suporá pagos de 60 €/vaca nutriz, 12€/becerro, 5 €/ovella e cabra, e cantidades variables en función da capacidade das granxas de polos e coellos.

Lamentablemente, a Xunta de Galicia, a pesares do compromiso do ex-presidente do pasado mes de marzo e das declaracións do conselleiro do Medio Rural recoñecendo a gravidade da situación, aínda non publicou ningunha medida de apoio aos sectores gandeiros de produción de carne, como si fixeron xa outras comunidades autónomas.

É polo exposto, que o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE propón a adopción do seguinte acordo:

1. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a implementar con axilidade unha liña de axudas directas aos subsectores gandeiros de carne (vacún, ovino, cabrún, avícola e cunícola) habilitando para iso unha partida con cargo aos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, por unha contía equivalente á que as explotacións galegas van percibir en concepto de axuda excepcional regulada polo Real Decreto 428/2022.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo.

Eu penso que todos somos coñecedores da situación que están a vivir moitas das explotacións de carne en Galicia, tanto de vacún, como ovino, como cabrún, avícola ou cunícola, que están nunha situación límite, como consecuencia disto que acabamos de falar hai un anaco, tanto primeiro das consecuencias derivada da pandemia provocada pola Covid-19 e despois por toda a inflación e demais penurias que temos sobre nós, derivadas en gran medida da guerra de Ucraína ás portas de Europa, e con todo o que iso implica. Polo tanto, son sectores que xa estaban nunha situación dende o punto de vista estrutural moi complexa, xa con anterioridade incluso á pandemia. Sabemos todos cal é a situación do sector primario ao longo dos últimos 20 anos e, polo tanto, non fai falta que acheguen ningún dato a ese respecto, que se viu agravada esa situación, como digo, como consecuencia disto que estabamos a comentar. De aí que por parte deste Goberno, e tendo en conta que o Goberno central xa habilitou fondos para precisamente axudar a estes sectores con axudas que van 60 € por vaca nutriz, 12 € por becerro, 5 € por ovella e cabra, e cantidades variables en función da capacidade das granxas de polos e coellos, é verdade, como dicía antes no anterior punto, que o presidente da Xunta se comprometeu a achegar a mesma cantidade xa no mes de marzo que achegara o Goberno do Estado.

(Abandona o salón a Sra. Villaverde Marcos)

Desgraciadamente o presidente da Xunta marchou para Madrid, agora hai un novo presidente, pero en todo caso marchou sen cumprir esa promesa que o actual segue sen cumprir. O único que temos é un anuncio feito polo conselleiro onde se achegaría unha cantidade de 10 millóns de euros en dúas liñas de 5 millóns pero con trampa; e por que digo con trampa?, por que se fan con cargo aos PDR, e a partida dos PDR xa é unha partida que pertence aos gandeiros galegos, que xa está repartida e, polo tanto, que o único que estaría facendo a Xunta é, daquilo que xa ía dar, quita unha parte, cámbialle o nome e dállo doutra maneira. E iso non é o que estamos a pedir, o que estamos a pedir coa nosa moción é que se cree, que se habilite unha nova partida con cargo aos fondos da Xunta de Galicia, con cargo ao orzamento da Xunta de Galicia, máis alá daquelas partidas que xa teña aprobadas e daqueles fondos que xa lle corresponden e xa ten repartidos, aínda que non sexa entregados fisicamente aos gandeiros e gandeiras.

Por iso nós non imos aceptar ou non aceptamos a emenda presentada polo Partido Popular, que precisamente, de forma moi curiosa, o que se modifica é que esa partida que vai quedar sexa con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, porque entendo que esa é a coartada para poder defender a proposta do conselleiro, que non é máis que, como digo, cos mesmos cartos que xa estaban repartidos sacar 10 millóns, cambiarlle o nome e vendelos como unha nova liña de axudas; e iso non é o que necesita o sector, o sector non necesita redistribuír os fondos que xa están distribuídos cun nome diferente, senón achegar máis fondos,

como está a facer e como fixo, e todo o temos xa constatado, o Goberno de España con eses 11,8 millóns de euros que xa lle foron asignados a Galicia para esas axudas que os propios gandeiros dese sector recoñecen que están a ser claves agora mesmo para o mantemento da actividade de moitas explotacións e que, se non fora por elas, moitas delas xa terían pechado. Non o digo eu, comentábanos eles mesmos na visita que realizamos a algunhas granxas ao longo dos últimos días.

Polo tanto, esperamos poder contar, independentemente de que non se admita esta emenda do Partido Popular, cos votos favorables de todos os grupos desta Corporación para axudar a un sector que é tan importante para Galicia como é o sector primario, neste caso da gandería.

Moitas grazas e nada máis.

Sr. Lema Suárez

Nós imos apoiar a moción; como dixemos tamén na Xunta de Voceiros, entendemos que unha subvención lineal por unidade de produción de 60 euros no caso das vacas vai beneficiar máis a quen máis gando ten, polo tanto ás explotacións máis grandes. Pensamos que sempre ese tipo de subvencións deste estilo son, eu creo que inxustas, que habería que buscar sistemas proporcionais, sistemas por tramos, sistemas que dalgunha maneira tivesen certo sentido compensatorio ou de equilibrio.

En todo caso, pensamos que é mellor isto que nada, e imos apoiar esta moción.

Sra. Muíño Filgueira

De xeito tamén moi breve.

Evidentemente, reiterar a importancia estratéxica que ten a produción de carne en Galiza e evidenciar a maneira na que impacta negativamente o incremento de prezos de xeito especial, falando da produción de carne, tanto da enerxía, porque falamos de calquera tipo de explotación que produza carne, como poden ser aves ou coellos, pero tamén o prezo de pensos, etcétera, que efectivamente condicionan a viabilidade da produción.

Nese sentido, efectivamente, compartimos a necesidade de reforzar as axudas, liñas que garantan a viabilidade das explotacións dun sector estratéxico a nivel de produción en canto á calidade do produto, pero tamén en todo o que ten que ver co mantemento do noso rural.

De todas as formas, parece que no Pleno de hoxe vai ser o mantra, tamén hai que dicir que é curioso que, cando sae o decreto que regula estas medidas por parte do Ministerio, existe unha diferenza considerable entre o que se bonifica as explotacións de leite cara ás explotacións de carne, parece ser que ao considerar o sector lácteo de carácter máis estratéxico; e que xustamente haxa que argumentar a

necesidade desta compensación aludindo xustamente ao sector estratéxico que é a carne. Nós insistimos na necesidade de apoiar os sectores gandeiros galegos pola calidade do produto, pola importancia que teñen a nivel de cohesión do territorio, de mantemento e fixación da poboación e, polo tanto, imos votar a favor.

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente.

O primeiro é pedir desculpas ao voceiro do PSdG porque tiven que saír por unha cuestión urxente, co cal pídolle desculpas ao señor Fernández e realmente non puiden escoitar a explicación de por que non aceptan a emenda. A emenda vén ser na liña do acordado no Parlamento de Galicia o venres pasado por unanimidade de todos os grupos, e o que se acordou no Parlamento de Galicia o venres pasado na Comisión Sétima foi o seguinte: “Implementar con axilidade unha liña de axudas directas ao sector agrario complementario e da mesma cantidade que o dedicado polo Estado aos produtores de Galicia destinado a sectores cárnicos e á pataca galegos”. É dicir, non hai trampa nin cartón. Nós o único que faciamos era quitar o tema de fondos propios, o realmente importante é se os cartos van chegar aos afectados ou non, iso é o importante. É como se mañá eu fago aquí unha proposta e digo de qué partidas se teñen que detraer os cartos. Eu se fago unha proposta aquí e o presidente e o grupo do Goberno a ve correcta e esa iniciativa sae adiante... É dicir, isto é un pouco un xogo para intentar deixarnos fóra desta proposta e logo dicir: non, é que o PP votou en contra da nosa proposta para axudar; pois voullo poñer fácil, si, imos votar en contra porque non entendemos por que non se acepta a emenda.

Eu teño aquí un montón de datos que, evidentemente, os vou dar, pero o máis preocupante é na parte final dos datos que fomos recabando na intervención que tiñan preparada. E o máis preocupante é isto: recentemente a Consellería de Medio Rural presentou un informe de custos de produción do sector cárnico, este estudo constata a situación xeneralizada de venda a perdas que se está a dar no sector de vacún de carne e máis concretamente en granxas de tenreira galega suprema. Segundo este documento, o prezo mínimo estimado para cubrir o custo de produción neste eido é de 6,20 euros quilo/canal, e os prezos percibidos actualmente por produtores de tenreira galega Suprema oscilan entre os 5,10 e 5,20 euros quilo/canal. Polo tanto, existe unha diferenza de 1 € por quilo entre o que terían que percibir os gandeiros para poder cubrir os seus custos de produción e o que realmente cobran.

Xa non estamos a falar dun beneficio que ten que ver cunha produción de calquera tipo, unha empresa de calquera tipo como son estas. Evidentemente, isto é moi triste, evidentemente nós apoiamos as medidas de que a Xunta estamos completamente convencidos de que van a facer achega, polo menos, da contía que ten feito o Goberno do Estado. Pero non entendemos realmente por que non se acepta a emenda e, polo tanto, eu voullo poñer moi fácil para que vaia vostede ás explotacións gandeiras por aí adiante e diga: estos del PP son unos..., mira, no nos apoyan esta medida. Pues no, porque no entendemos por qué no se acepta la enmienda, es irracional, es intentar dejarnos fuera del marco de juego. No pasa nada, nosotros lo asumimos con toda la normalidad y con toda la tranquilidad.

Pero si hai unha serie de datos que é importante que se teña coñecemento deles e eu non me podo resistir a dálos. Nós entendemos que o contexto actual é un contexto complicado, a situación do sector gandeiro é de venda a perda xeneralizada, xa que ao incremento de custo da produción de 2021 se lle suma agora os efectos da invasión rusa de Ucraína, encarecendo a cebada ou o millo máis dun 50%. Tendo en conta que a alimentación animal supón arredor dun 60% dos custos gandeiros, consideramos que non só está en risco a supervivencia dun sector estratéxico, senón que se pode estar falando dun posible risco de desabastecemento tanto por falta de cereais como por incapacidade dos gandeiros para pagar os prezos dos produtos. Cómpre ter en conta as previsións que apuntan cara a un importante incremento dos custos de produción e o feito de que Ucraína sexa un dos principais exportadores de trigo, millo, xirasol, fariña e aceite de xirasol. Neste senso, cabe lembrar que anualmente España importa de Ucraína uns 2,7 millóns de toneladas de millo, o que supón un 22% das importacións españolas deste cereal, sendo este país do leste de Europa o segundo proveedor nacional despois de Brasil. Tamén importa 233.000 toneladas de torta de xirasol, o que supón o 68% das compras que España realiza deste produto; así como unhas 500.000 toneladas de aceite de xirasol.

As medidas anunciadas polo Ministerio de Agricultura ao abeiro do plan de choque referendan unha presión que a Xunta tiña feito a través do seu conselleiro en Madrid nos últimos tempos. Estas medidas que o Goberno central está asumindo, entre outras, supoño que serán por propia iniciativa do propio Goberno, pero a Xunta de Galicia e o conselleiro viñan reclamando estas medidas desde hai tempo en Madrid.

Que medidas tomou a Xunta de Galicia ata o de agora?, porque algunhas tomaron, iso que estaban falando antes: Explícanos cales son as medidas? Ben, pois ímoslles dicir algunhas. Nós entendemos que a Xunta actuou de forma áxil no marco das súas competencias e xa aprobou un paquete de medidas para paliar as consecuencias da alza de prezos para achegar liquidez ás explotacións, cuestión fundamental para poder pagar os sobrecustos para a alimentación e para pagar os sobrecustos enerxéticos. Anunciouse unha inxección de liquidez pola vía do financiamento de circulante do anticipo das axudas especialmente os 200 millóns de euros da PAC. O anticipo de axudas da PAC saíu publicado no DOG o día 8 de xuño. Estas axudas permitirán adiantar aos agricultores e gandeiros uns 200 millóns de euros das achegas da Política Agraria Común, subvencionando os xuros cun custo para a Xunta de 3,4 millóns de euros.

Solicitouse ao Banco de España que autorice os órganos competentes para que as entidades financeiras teñan unha moratoria dun ano nas amortizacións dos préstamos a longo prazo que teñan vivos os gandeiros. O Consello da Xunta, o 2 de xuño, autorizou a orde para regular o procedemento e recoñecemento do dereito a préstamo de financiamento de capital circulante a explotacións de gando bovino con subsidiación dos tipos de xuro por parte da Consellería de Medio Rural. Estes procedementos son garantidos polo instrumento financeiro de xestión centralizada no marco do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feder), e contarán cun apoio por

parte do Goberno galego de cinco millóns de euros.

Isto considérase un acordo histórico dentro da cadea de valor para acadar rendas dignas para os gandeiros de vacún de carne. E realmente púxose en marcha o Observatorio da Cadea Alimentaria Galega, está en funcionamento, que entre outras cousas se encargará de elaborar informes periódicos sobre aspectos como os custos de produción e a formación de prezos ao longo da cadea, todo isto co fin de obter información transparente e valiosa para a toma de decisións estratéxicas por parte, tanto de distintos sectores como da propia administración; Axencia de Información e Control Alimentario de Galicia para dar cumprimento ás obrigas da Lei de cadea alimentaria e singularmente á prohibición da venda a perdas, o Consello da Xunta aprobou un decreto polo que se crea unha nova unidade que asume as funcións da Axencia de Control Alimentario de Galicia.

Pero realmente todos estes datos son importantes, pero o preocupante é polo que empecei: non pode ser que unha persoa cobre 1 € menos do que custa criar un becerro para vendelo mañá. Iso é completamente intolerable e inasumible. Que temos que facer as administracións? Ir da man; a achega do Goberno do Estado, benvida sexa, a Xunta teno pedido, e a Xunta vai cumprir como mínimo cunha cantidade equivalente. Iso é o que presentamos na nosa emenda, e esta emenda non se acepta? Pois polo tanto eu, sentíndoo moitísimo, voullo poñer moi fácil e imos votar en contra da iniciativa, pero tendo en conta que estaremos vixiantes, por suposto, de que a Xunta cumpra coa súa palabra e achegue esta cantidade, e en caso de non chegar, que por parte de todas as administracións se axude a un sector estratéxico para Galicia, como é o sector gandeiro, a sobrevivir e a saír adiante.

Nada máis e grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Como non estaba no Pleno, desculpado loxicamente, faltaría máis, explícolle por que non aceptamos a emenda, porque vén dado sobre todo pola proposta do conselleiro, que di que van habilitar dúas liñas de 5 millóns de euros cada unha con cargo ao Fondo PDR. Polo tanto, ten trampa, porque os fondos PDR xa están adxudicados a Galicia e xa son dos gandeiros. O que vai facer é detraer fondos dese fondo, chamarlles doutra maneira e vendelos como unha axuda, e iso non é o que estamos a pedir. O que estamos a pedir é que, a maiores do que xa está concedido para os gandeiros, é dicir, a maiores do PDR, a Xunta de Galicia habilite unha nova partida para colaborar, como está a facer neste caso o Goberno do Estado.

A moción da que fala vostede no Parlamento non instaba a Xunta de Galicia, era unha moción máis xenérica. Esta solicita directamente á Xunta de Galicia que habilite unha partida con cargo aos seus fondos, precisamente para evitar iso que di o conselleiro e que nós non compartimos, paréceme ben que vostedes o compartan. En todo caso, créame vostede que rexeitando a súa emenda non buscamos deixalos fóra, e creo que este Goberno dá mostras en moitísimas ocasións, e as ten dado, de que intenta que os asuntos vaian por unanimidade. Son vostedes quen quedan fóra porque unha vez máis son incapaces de pedirlle algo á Xunta que non lle guste, ese é o problema. E, claro, a emenda, non sei se era a súa intención, se a preparou vostede

ou lla pasou alguén do partido ou o que fora, pois ole un pouco a coartada para poder defender cal é a verdadeira proposta do conselleiro, que é unha que nós non compartimos, por iso non aceptamos a emenda.

Pero poden ser vostedes máis xenerosos, é dicir, cal é o problema? Se están vostedes de acordo en que se inste a Xunta, o lóxico cando se insta unha administración a habilitar fondos é que o faga con cargo ao seu orzamento, iso é o máis lóxico do mundo. De feito, vostedes en distintas mocións sobre distintos temas, cando instaban o Goberno do Estado falan dos orzamentos xerais do Estado; é máis, acostuman vostedes habitualmente ridiculizar os fondos do Estado que proveñen de fondos europeos como quen dicindo “iso non son do Estado, que son de Europa”. Ben, pois imos tirar un pouco dese argumentario que desenvollen vostedes en moitas ocasións e o que temos que facer en tal caso é exixirlle á Xunta que o faga con cargo ao seu orzamento. Dos 13.000 millóns de euros tamén habilitar unha partida de 10 non me parece que sexa nada do outro mundo, malo será que non os dean rascado nalgún deses chiringuitos/como queiramos chamarlles polo seu pseudónimo, non teño ningún tipo de problema. Pero, ben, a nosa proposta vai nesa liña e a de vostedes vai noutra. E, como dicía na exposición de motivos desta moción e comentaba con anterioridade, as axudas postas en marcha por parte do Ministerio supoñen 60 € por cada vaca, 12 por cada becerro, 5 por cada ovella, etcétera, para intentar paliar esta situación.

E sobre o que dicía vostede de estar vendendo a perdas, é verdade. É unha mágoa que o seu partido votara en contra da lei de cadea alimentaria que precisamente o que prohibía era vender a perdas ao sector gandeiro. E vostedes cando se aproba no Congreso dos Deputados no mes de decembro, o Partido Popular curiosamente, tan preocupado agora polas vendas a perdas deste sector primario, vota en contra dunha lei que precisamente o que facía era garantir que non se vendera a perdas. Ben, pois é curioso, unha vez máis é toda unha lección de coherencia por parte do seu grupo.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Moi brevemente.

Eu entendo, señor Fernández, que vostede está nun nivel superior aos compañeiros que o representan no Parlamento de Galicia, porque, repito, o venres pasado na Comisión Sétima, non é unha moción debatida no Pleno do Parlamento nin unha PNL, é evidentemente un acordo da Comisión por unanimidade, acordouse o seguinte, co voto favorable dos seus compañeiros alí, non sei se son dos que eran de antes e están agora, non sei, supoño que estará un pouco de todo, haberá algún que se sente representado polo señor Formoso e por vostede como secretario provincial, é dicir. O acordo foi o seguinte: “Implementar con axilidade unha liña de axudas directas ao sector agrario complementario da mesma cantidade que o dedicado polo Estado aos produtores de Galicia e destinado aos sectores cárnicos e á pataca galegos”. Isto votárono os seus compañeiros e nós traemos unha proposta nesta liña, e vostede quéreos deixar fóra?, pois en hora boa, nós desde logo o que esperamos é que a

Xunta de Galicia acabe os cartos. Evidentemente, fala vostede de chiringuitos ou fale do que queira, eu evidentemente sei onde hai cartos de sobra para eses 10 millóns, que son os 310 millóns de euros que hai nos bancos aquí da Deputación da Coruña, que son vostedes incapaces de gastar, aquí si que hai cartos e hai solvencia para en calquera momento facer calquera gasto deste tipo. Alí ao mellor xa están os cartos presupostados, organizados e executados en moitos casos. Tomen algo de nota para ver como se fai.

Grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi brevemente. Non entendo cal é a contradición entre o que propoñemos nós e o que se dixo no Parlamento. En tal caso, é un matiz. As dúas piden o mesmo, o que pasa é que nós, eu igual son un pouco máis ambicioso, ás veces, ou seguramente ao xogo de póker que pretende o conselleiro de dicir vale, vale, si, si, e cuela de rondón pero despois o que propón é quitarlles aos gandeiros de algo que xa teñen concedido, como xa o vemos vir, pois xa corriximos o tiro dende ese acordo parlamentario. E é que vai quitar fondos de algo que xa está concedido. Entón, repito, non hai ningunha contradición con isto que estamos propoñendo agora co que se aprobou alí; a única diferenza é que agora puntualizamos un pouco máis e queremos que eses fondos sexan con cargo aos orzamentos da Xunta.

E sobre o mantra dos trescentos e pico millóns, ben, pois que quere que lle diga? Entendo que cando di vostede que “son vostedes incapaces de gastalos” se refire a todos os alcaldes e alcaldesas que estamos aquí sentados, non se referirá ao Goberno provincial. En todo caso, estamos a falar de 13.000 millóns de euros da Xunta que estivo vostede a piques de traizoalo o seu subconsciente, porque dixo “xa están” e eu pensei que ía dicir xa están repartidos, porque é verdade xa acostuman estar repartidos entre os concellos do Partido Popular, pero non, dixo vostede xa están gastados ou xa están dirixidos, pero estivo a piques, noteillo na mirada que estaba a punto de caer, tiven mala sorte, non tiven esa oportunidade.

En todo caso, é só unha pequena broma, creo que non hai ningunha contradición entre o que estamos propoñendo, e créame vostede que non queremos deixalos fóra, mira que dentro queremos deixalos, que queremos que a Administración que vostedes gobernan poida vender que con fondos propios, non cos PDR que transfere o Estado, non, cos propios da Xunta de Galicia, fai un esforzo o señor Rueda e os seus conselleiros tan grande que son capaces de rascar 10 millóns de euros de 13.000 para facer un investimento neste caso en forma de axuda a un sector tan importante como o sector primario.

E gústame que non me respostara vostede sobre a lei de cadea alimentaria. Entendo que non ten moitos argumentos para defender ese voto en contra do seu partido, que está tan conmocionado na actualidade polas vendas a perdas dese sector, pero que votou o que votou hai uns meses.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Entón, terei que dicir algo, evidentemente. Para xogadas de póker ou de envidos, non mellor disto máis que de póker, do cubilete, sabe? o que fixo ultimamente a Deputación provincial, e explícome. É dicir damos unha axuda de cinco millóns de euros para as axudas ao carburante, cinco millóns de euros que lle quitan a todos os concellos da provincia no POS adicional, iso si que é unha cuestión de efectismo. Ou, aínda mellor, vendemos o POS adicional de todos os anos que lles corresponde aos concellos como un plan específico para axudar a paliar os sobrecostos das obras. Hombre, hombre, que vengan ustedes aquí hablando de cuestiones efectistas o estéticas. Mire, perdóneme, le voy a contar un tema, además dije se lo voy a decir un día en el pleno y se lo voy a decir, señor Fernández.

Mire usted, a mí me contaba mi abuelo hace muchos años un cuento y este se lo aplico a ustedes con las cuentas que hacen ustedes de los POS y demás. Le decía un señor mayor al niño: Oye, véteme a comprar pan y tabaco, por favor, que te doy el dinero. Y le da al niño 20 pesetas, y el niño va a comprar con 20 pesetas el pan y el tabaco. Viene de vuelta, le da el pan y el tabaco y le da 3 pesetas. Dice, hombre, pero ¿cómo solo sobraron 3 pesetas? Y dijo el niño: "claro, sete de pan e de pan sete e tres de tabaco fan dezasete". Esto es lo que hacen ustedes con el POS adicional. No, prometemos un POS adicional que nos interesa venderlo como un POS adicional de toda la vida para que ustedes cumplan con los complementarios, proyectos complementarios que habían presentado, pero a su vez también se lo vendemos como un POS que tienen ustedes, o un plan específico para generar los sobrecostos que ha habido. Es decir, aquí juegos de palabras todos, gestión, poca.

Nada más y gracias.

(Abandona o salón o Sr. Rodríguez Seoane)

Sr. Fernández Piñeiro

Non porque xa que este estamos co tema dos chistes, prometo ser moi breve, en serio. Díciálle unha familia que era moi pobre o fillo ao pai: papá, ¿cuándo comeremos pan de hoy?, e díciálle o pai: mañana, hijo, mañana". Iso é o que resume a xestión da Xunta de Galicia. Nós en tal caso non pon en ningún sitio que ese fondo adicional sexa de tantos cartos para os concellos; é o Goberno o que decide como se reparte. E falando do POS, señor Ben, e de como repartimos os fondos esta administración, 100 millóns fronte a 20 que repartían vostedes, que quere que lle diga?, con criterios obxectivos, falando de reparto de fondos públicos e de como repartían vostedes o resto en nominativas, o 98% entre concellos do Partido Popular. Parece que os cidadáns que non votan ao Partido Popular non son merecedores de que os seus impostos se reinvestan nos seus concellos de forma equitativa e de forma transparente. Pero, se nos poñemos a comparar esta administración coas que gobernan vostedes, créame que saen bastante malparados a ese respecto.

E fale cos seus alcaldes e alcaldesas para que empecen a gastar os cartos do

POS que teñen nos bancos a Deputación porque eles non son capaces de gastalos.

Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (9 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Marea Atlántica)

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: 2 deputados/as (1 do PP e 1 de Alternativa dos Veciños - en virtude do artigo 74.1 do Regulamento orgánico).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE ante as graves dificultades que están a sufrir as explotacións produtoras de carne en Galicia.

EXPOSICION DE MOTIVOS

As explotacións de produción de carne en Galicia, concretamente de vacún, ovino, cabrún, avícola e cunícola, están a atravesar unha situación límite que require de apoio público para garantir a súa continuidade.

Estes subsectores viñan sufrindo os efectos dunha crise estrutural dende hai moito tempo, que foi agravada pola perturbación do mercado derivada da crise da pandemia, o incremento dos custos de produción a causa do aumento dos prezos das materias primas para alimentación animal, dos prezos da enerxía e dos combustibles iniciado o pasado ano e que se intensificou co conflito bélico na Ucraína.

A isto hai que engadir a dificultade que teñen os gandeiros para trasladar os incrementos dos custes de produción ao prezo que perciben.

Tendo en conta que estas explotacións están localizadas onde non existen alternativas á produción gandeira, principalmente en zonas de montaña e do interior, e que son fundamentais para o mantemento do tecido económico, social, territorial e medioambiental das súas comarcas, é preciso que se establezan axudas directas excepcionais para compensar as dificultades económicas que padecen.

Neste sentido, a Comisión Europea dispuxo 500 millóns de euros da reserva da crise, dos cales 64,5 corresponden a España. Deste xeito, acolléndose á posibilidade establecida no Regulamento Europeo, o Goberno de España aprobou conceder axudas suplementarias ata o máximo permitido do 200% da axuda comunitaria, para o cal se destinaron case 129 millóns de euros con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, mobilizándose así unha dotación total de case 193,5 millóns de euros. Tendo en conta os sectores agrarios auxiliados e o peso deles en cada comunidade autónoma, a Galicia fóronlle asignados un total 11,8 millóns de euros.

En Galicia, o ex-presidente Feijóo, logo da publicación do Regulamento Europeo comprometeuse a apoiar ao sector con fondos propios da Xunta de Galicia por un

importe equivalente á contribución estatal.

O procedemento de concesión das axudas estatais por parte do Ministerio de Agricultura está en marcha, e suporá pagos de 60 €/vaca nutriz, 12€/becerro, 5 €/ovella e cabra, e cantidades variables en función da capacidade das granxas de polos e coellos.

Lamentablemente, a Xunta de Galicia, a pesares do compromiso do ex-presidente do pasado mes de marzo e das declaracións do conselleiro do Medio Rural recoñecendo a gravidade da situación, aínda non publicou ningunha medida de apoio aos sectores gandeiros de produción de carne, como si fixeron xa outras comunidades autónomas.

É polo exposto, que o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE propón a adopción do seguinte acordo:

1. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a implementar con axilidade unha liña de axudas directas aos subsectores gandeiros de carne (vacún, ovino, cabrún, avícola e cunícola) habilitando para iso unha partida con cargo aos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, por unha contía equivalente á que as explotacións galegas van percibir en concepto de axuda excepcional regulada polo Real Decreto 428/2022."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Alfonsín Somoza

Moitas grazas, señor presidente. Bos días a todos.

En primeiro lugar, pídolle á Presidencia e aos que forman parte deste Plenario as miñas desculpas por terme incorporado tan tarde a este Pleno. En todo caso, non quero deixar pasar esta oportunidade para agradecerlle ao Partido Socialista que convoque os plenos extraordinarios de Dodro á mesma hora que os plenos da Deputación, co único obxectivo de que este deputado non poida exercer os seus dereitos e as súas obrigas de deputado e concelleiro. Supoño que iso entra dentro do sentido de Estado e altura de miras do seu partido ao que facía vostede antes mención. Pero é o menos que podemos esperar dun Goberno nacionalsocialista dirixido por un socialista imputado polo momento por só catro causas distintas e que amosa unha clara intención de incrementalas. Cando remate este Pleno terei participado en tres plenos de dúas corporacións distintas e distantes 100 km unha da outra, grazas ao Partido Socialista.

Unha vez contextualizada a miña tardía incorporación no Pleno de hoxe, quixera preguntarlle ao señor presidente da Deputación se, tendo en conta que a día de hoxe o Goberno nacionalista socialista de Dodro non está prestando os servizos básicos financiados pola Deputación e ao mesmo tempo aínda ten pendente de iniciar os trámites para a licitación das obras do POS 2019, 2020 e 2021 por importe de 286.000 €, considera vostede que o financiamento que a Deputación destina ao Concello de Dodro a día de hoxe está revertendo na mellora do benestar da veciñanza de Dodro?

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Xa lle contestaremos por escrito, moitas grazas.

E grazas a todos e a todas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:45 horas.